



Zé Perdigão, um minhoto na "alta roda" da música portuguesa

Páxina 6



O Porriño celebra a tradicional festa dos callos

Páxina 26

XX aniversario de "Galicia en Asturias"

Os galegos de Asturias celebraron en Oviedo unha semana de actos culturais e lúdicos

Páxina 46



A maior feira mundial do termalismo

"Premios da Crítica Galicia, 2015"

O sábado 7 de novembro de 2015 celebrábase a cerimonia de anuncio do ditame da XXXVIIIª edición.

Páxina 10

"PSOE e BNG presentan moción na Deputación de Lugo"

Páxina 11

"Visita do Embaixador de Venezuela ao concello de A Coruña"

Páxina 8



Alfonso Alonso Aranegui, ministro de Sanidade de España, inaugurou a XV Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde

e Benestar celebrada en Ourense do 24 ao 26 de setembro de 2015 con Arxentina como país convidado.

**CONCELLO DE MONTEDERRAMO
XXII FEIRA DA CARNE
12 outubro 2015**

Tfnos. 988 29 20 00 - 988 29 20 72. www.concellodemontederramo.org



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

Os tempos son chegados.

Ninguén dixo que o proceso para acadar unha candidatura nacional galega, unitaria e de base cidadá para as vindeiras xerais fose ser doado. Concorren sensibilidades moi plurais e culturas políticas moi diversas afeitas máis a dinámicas de competición asañada ca as propias da cooperación e asociación. Velái un dos motivos polos que un proceso desta caste ha xuntar a función esencial dos partidos co pulo da cidadanía non organizada, dos movementos sociais e das candidaturas locais de unidade cidadá das pasadas eleccións de maio. Mais un proceso desta caste precisa tamén do capital acumulado pola experiencia política e social de tantas persoas e dos mellores oficios de mediación, diplomacia e xenerosidade entre os diversos actores para que nao arribe a bó porto. E, malia que se ten avanzado moito a respecto do estado da cuestión en xuño, fica moi pouco tempo e moitos son os perigos, que non só se circunscriben ao bipartidismo dinástico e aos axentes sociais beneficiarios do mesmo. Non, no espazo político ao que se dirixe a futura Maré galega non faltan os que queren impartir cátedra e tentan considerar deter-

minadas forzas e persoas como actores de primeira. E outros que pensan que elixir programas e candidatos en primarias abertas á cidadanía consiste en impór maiorías mecánicas, no canto de buscar propostas que supoñan un común denominador da pluralidade e persoas con probadas cualidades de liderado, capacidade e transversalidade. Agora ben, non nos trabuquemos. Se o proceso chegou a esta altura é porque a xente coñece o valor multiplicativo da unidade nas eleccións e porque non son exportábeis a Galicia os esquemas de unidade do resto do estado. A maioría da xente quere unha proposta galega de noso, con plena independencia política e cun grupo parlamentar propio. Como tamén recoñece que esa proposta non pode ser neutral no que ao Estado se refire. En setembro de 2015 e, con todas as súas limitacións, só Podemos, entre as catro grandes forzas estatais, pode coincidir coa Maré galega nas políticas de transparencia e afondamento da democracia, de conformación dunha nova axenda social e económica e de recoñecemento do estado plurinacional que Galicia e a súa cidadanía precisan.

A recentralización prexudica a Galicia.



A crise do sector lácteo evidenciou unha absoluta falla de resposta do Goberno galego, que abdicou das súas responsabilidades delegando toda a capacidade de resposta no Goberno do Estado. Ficou claro que a recentralización non só é un proceso xurídico, senón fundamentalmente inserido na axenda política do PP, que definitivamente apostou na Galicia por se limitar a mal xestionar baixo as directrices políticas emanadas dende Madrid. Mais, con ser moi grave esta renuncia da Xunta a exercer as súas competencias estatutarias, certo é que éstas ficaron substancialmente limitadas polo continuo proceso de recentralización, xa encetado nos tempos de González e Aznar co pretexto de garantir o cumprimento das normas e resolucións europeas. Para máis, o Tribunal Constitucional, sempre árbitro caseiro, fanou as competencias exclusivas do Poder Galego abusando de conceptos xerais ("planificación da actividade económica xeral", "unidade de mercado", "lexislación básica") que dificultan grandemente o deseño dunha política social e económica axustada ás nosas nece-

sidades, sempre referidas a uns sectores económicos para nós estratéxicos que, porén, para Madrid son prescindíbeis. A crise económica foi o grande pretexto para intensificar este proceso, impedindo o exercicio de políticas sociais por parte dos Gobernos autonómicos e locais, intervindo as súas Facendas e recuperando para o Estado competencias como a determinación das aperturas e horarios comerciais, as licenzas deportivas ou o deseño dos contidos educativos. Galicia deberá decidir se ratifica esta política (ben considerada pola opinión pública madrileña e da maioría do Estado) ou aposta por unha reforma política que nos permita blindar as ferramentas precisas para frear os actuais procesos de recentralización económica e política, directamente responsábeis da emigración da xente nova máis preparada, da crise permanente dos nosos sectores produtivos e da continua perda das oportunidades que se lle abrían á nosa economía e ao noso benestar social se fosemos quen a dirixir o noso.

Catalunya: gañou o independentismo

As opcións independentistas gañaron amplamente a maioría absoluta en escanos nas eleccións catalás coa meirande participación da historia (máis do 77%). Junts per el Si (coalición transversal entre Convergència y Esquerra coa achega de sectores cidadáns non partidarios) obtivo 62 escanos (9 menos ca a suma dos dous partidos no 2012) con case o 40% dos votos, mentres que as CUP, cun 8,1% sobiron de 3 a 10. O número de escanos e de votos entre as tres forzas independentistas fica substancialmente Igual (soben ao 47,8% dende o 47,7% do 2012, 72 deputados fronte a 74, co limiar da maioría absoluta en 68 dos 135 escanos), malia o extraordinario incremento da participación e a defección dos democristiáns de Unió, terceira vía que ficou ás por-

tas do Parlament con menos do 2,5% dos votos. O unionismo do PP, PSC e C's obtivo un 39,4% dos votos, salientando o extraordinario suceso da formación de Albert Rivera, que sobe de 9 a 25 escanos, cun 18% de voto, acadando a segunda posición. Miquel Iceta safou perdendo só 4 escanos (tiña 20 e terá 16), cun discreto 13% de votos que serve de consolo ao que foi gañador en Catalunya nas xerais do 2004 e do 2008. Mais o PP foi o grande derrotado da noite, con 11 escanos (tiña 19) e menos do 8,5% dos votos, partillando resultados relativos coas CUP e con Catalunya si que es Pot, que obtivo os mesmos 11 escanos ca o PP. A outra suposta terceira vía, a coalición de Podemos Cat, Iniciativa per Catalunya- els Verds (ICV) e a filial catalá de IU foi a segunda

grande derrotada, ao baixar dous escanos a respecto dos 11 acadados por ICV e EU no 2012. Acada pouco menos dun 9%, o que constitúe un indubidábel fracaso para Pablo Iglesias, que mesmo enfeblece a posición de Podemos no escenario preelectoral galego. Porén, estes votos non haberían contar nin a prol nin en contra da independencia, ao se definir a coalición a prol do dereito a decidir, mais en contra dunha declaración unilateral de independencia. Velaí que o independentismo gañe tamén en votos (47,8%), fronte ao 39,4% do unionismo e o 11,4% (Unió e Catalunya si que es Pot) que aposta polo dereito a decidir e por unha conformación plurinacional do Estado. As cousas han mudar e moito. En Catalunya e no resto do Estado.



GASOLEOS TEA S.L.

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Campsa

Tlf. e Fax: 986 61 43 12
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA
Tlf.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36060 PONTEAREAS
Telf: 986 66 00 00 Fax: 986 66 01 03

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Agora tócalles a Galicia

Veñen de celebrarse eleccións en Cataluña. Aos resultados podemos aplicarlle aquilo de “nada é verdade, nada é mentira, todo depende do cristal con que se mire”.

Efectivamente. Para os independentistas ou soberanistas os resultados danlle unha maioría no novo Parlamento de Cataluña. Non obstante, tamén confesan que o número de votos conseguidos foi inferior aos que suman os partidos que non estaban pola independencia; isto réstalles forza para prantexar calquera intento de iniciar un camiño cara á secesión.

O que está claro é que os cataláns, tanto os que votaron por seguir xunguidos ao resto do Estado Español, como os que querían e seguen querendo irse para constituir un estado independente, foron a votar en número superior ás eleccións celebradas nos últimos 30 anos, agás, creo, que cando foi a votación para a actual Constitución Española. Este feito venenos a dar unha lección política no senso de que os cataláns están activados politicamente en canto se trata á cuestión da súa identidade. A partires de agora non podemos afirmar, como moita xente fai alegremente, que os cataláns soamente

se moven polo diñeiro. Acaban de demostrarnos que tamén se moven e mobilizan cando cuestión de calado político como eran as destas últimas eleccións afectan as súas vidas como cidadáns. Xa quixéramos os galegos chegar a ese grao de concienciación política cando nos chaman ás urnas. Agora imos ter a oportunidade de demostralo.

Levamos meses asistindo a un diálogo de xordos sobre o que os nacionalistas e galeguistas debemos facer cara a presentámonos nas novas Cortes do Estado nas próximas eleccións xerais a punto de ser convocadas.

Por unha banda están os que se din Pola Unión do nacionalismo, pola outra os que din defender a Unión das esquerdas rupturistas coa política xeral que padecemos. Tíranse os trastos á cabeza uns aos outros e ninguén quere aparecer como culpable.

O certo é que os días, as semanas, pasan e os cidadáns do común, como diría o Beiras, non sabemos a que aternos, non sabemos quen ten a razón da súa parte.

Existe unha maioría de galegos nacionalistas que estamos á espera de que nos ofrezan dunha puñetera vez algo sólido, algo que poidamos aceptar

todos sen ter que taparnos o nariz. Non pedimos que “se besen, que se besen”, pedimos que teñan a suficiente altura de miras políticas para que Galicia, dunha vez por todas, poida demostrar a súa forza no eido político nacionalista. Para que dende Madrid non poida calquera ministro de turno, que se erga pola mañán cabreado, decida laminarnos os poucos poderes que o actual Estatuto de Autonomía nos ofrece. Iso só o imos conseguir se podemos presentarnos nas conversas que logo das vindeiras eleccións se van pór en marcha para “parir” unha nova Constitución que deseñe un Estado Federal como tantos en Europa e no mundo: ensino, sanidade, pensións, medio rural, pesca, gandería, etc. Elementos claves para o noso desenvolvemento como Pobo.

Espero, e sei de boa tinta que non estou só, poder ir a votar cando Rajoy decida, por unha candidatura de unidade nacionalista galega de verdade. En caso contrario, tamén estou seguro, seremos moitos os que o pensaremos dúas veces.

Que vdes. disfruten deste outono que se nos presenta movido; que os magostos abundantes en castañas sexan o preludio de mellores tempos.



Opinión

Na cuestión nacionalista

Que gran festa! Estiven o día da Diada en Barcelona. Estaban todos a unha, sabidos da vitoria, felices e contentos. Sen medo. Agora, os do goberno, se escandalizan das derivas políticas ás que nos trouxeron. Aqueles, os que sempre andaron na espiral da violencia tácita e do silencio, da ameaza e do medo, da conspiración contra a verdade, resulta que agora botan as mans á cabeza diante da suposta secesión catalá. Desa constante ameaza, dese silencio perverso, desas conspiracións centralistas, ...desa violencia veñen estas falsas solucións á falta de entendemento. Non só é Catalunya, non. Neste estado de cousas hai máis pobos, entre eles nós. Cansos de esperar que nos atendan, que nos entendan, que alguén oferte diálogo e comprensión, que non se opoñan sistematicamente, que non pechen dando coa porta nos narices, con palabras insultantes e despezos, ...como fixeron “sempre”. Esta é a clave: sempre fixeron así. Mesmo nos últimos tempos, restáronnos de reitos de todo tipo, en sanidade, en educación, en servizos sociais, ...pero tamén nas “nosas” competencias de sentimentos: Lingua e Cultura propias. Volvéronse, como fan os traidores, contra de nós, contra a Nai. Lexislaron de novo concentrándose na colonización e dominio, no medo e submisión. Negando o dereito que temos -e “sempre” teremos- a ser quen somos en

plenitude de capacidades, antes que ser calquera outra cousa ou non ser. Non entenderon, seguen a negar, a facer caso aos renegados de sempre, aos bifidos e economistas da miseria, dos desencontros, aos que non quixeron marchar de aquí onde habitaba o seu propio noxo, pois tamén se encolerizaban oíndo o noso acento, aos que procuraron toda a vida abrir os fonemas pechados -e nunca o conseguiron, son imborrables- que nos delatan a honrosa orixe para tentar avergoñarnos, que para eles foi sempre unha lousa pesada de odio e de rancor para si mesmos. Aos que promocionan o alleo e abandonan o noso, os que cantan en inglés e non aprenderon nunca o galego, os que vociferan proclamas de autoodio e son incapaces de coller camiño a outros eidos, e encirran leis contra dos seus para aniquilar o sentimento de amor á terra. Eses, esos mesmos son os que agora se escandalizan do caso catalán. Tarde piades, ...repito que non só sucede no pobo catalán, que somos máis os que así sentimos, e non só en Euskadi, non, tamén aquí, somos moitos que agardamos esa situación política da discrepancia, perfectamente normal e democrática, lóxica e liberadora de tanto ser corrupto, de tanto maltrato. Esa que nos permita ser e exercer do que somos. Sen que nos diten nada, sen dependencias estúpidas e colonizadoras, sen sometementos centralizadores. Que non, que non, que



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

nunca tiveron xogo suficiente para exercitar as liberdades responsables dos pobos e nacións do estado. E deben empezar a facelo senón é tarde. Non poden seguir insultando, mentindo, desinformando, demonizando, buscando amigos (Obamas, Merkeles e curmáns cachas do zumosol) para ameazar, descualificando, excomungando, cambiando as regras de xogo e a constitución obsoleta para volvela máis dura e menos integradora, feita do seu puño e letra, ...agora, cando despois de tanto tempo nos negaron un diálogo construtivo e respetuoso, harmónico e de decidida aposta polas “rexións da periferia”, como nos chaman despectivamente. Cando nunca pretenderon unha actitude comprensiva de conciliación e inclusión, veñen con estas películas de carros de combate e exércitos envelenados, ...medo, coma sempre. Lembren, señores do mentado desgoberno, o silencio non é bo nin nos leva a ningures porque a ese silencio, consentidor de todo e de tantos atropellos, non se lle poden contrariar razóns, tan só escusas. E con escusas nunca se amañaron problemas serios.

O silencio, mal compañeiro

Sempre foi o silencio mal compañeiro dos bos tratos. Intérprete de moitas traizóns e vaguidades. Insulto da intelixencia procaz que ousa esconderse e ampara o inmovilismo dos sucesivos executantes e responsables e, neste caso, gobernos que non souberon chegar a unha solución que nos puidese encher de orgullo. Unha solución viable e intelixente. Agora veñen as consecuencias do silencio, da ameaza e dos medos, das irregularidades, das corruptelas, das malas artes e o despezos. Os feitos teñen agora mala solución. Atópanse, atopámonos, uns e outros, no camiño coa difícil convivencia de quen non quixo oír, de quen non quixo falar, de quen non quixo dicir, de quen non quixo escoitar nin sequera argumentar razóns, ...quedaron sempre en escusas mal dadas, nocivas para o entendemento, aínda máis, encirradoras de máis xenreiras. As nacións periféricas temos mala convivencia e difícil discurso coas xentes que gobernan o Estado. En principio polo trato dispensado desde unha posición sobrada e soberbia que sempre, desde hai séculos, provocou moita dor e rupturas que se gravaron no noso adeene. Impulsaron a desafección, esta na que moitos estamos. Invadiron os nosos terreos de decisión e de conciliación entre nós, de cohesión social e integración. No último programa de suposta transición evitáron, con aquel “café para todos”, igualar á baixa

as comunidades territoriais coas, aquelas tres, que temos/teñen de seu unha identidade propia e especial. E que repito, son tres. Repítoo, porque ultimamente, os medios e os políticos de mala idea, obvian citar a Galiza, nación dos galegos, mal que lles pese a moitos e moitas desarraigadas e faltas de autoestima. Aquilo foi un enorme erro, ...de alí veñen estes lodos. Foi unha moeda falsa metida no medio de múltiples pactos de silencio que non acabaron co desencontro social e a memoria. Moeda falsa perversa que supuxo e supón un cambio, pero un cambio alleo ao que calquera constitución pacificadora dun estado establecer deba, recoñecendo as tres -repito, as tres- nacións que historicamente compoñen tamén o estado. E, por suposto, dándolles o lugar e entidade que merecen. Todos queremos posuír e ter a singularidade que temos, non renunciaremos a ela nunca. A ver se así o entenden, incluso aqueles descastados dos que xa sabemos. Non poden seguir a vulnerar os nosos dereitos e a transfigurar competencias que dependan da súa “xenerosidade”. Non, non queremos dependencia, nin queremos andar a pedir permiso a ninguén para falar a nosa fala. A que nos concedan “trintas por cento” do que é noso, nun alarde de mercé privilexiada. Non, nós sabemos que temos dereito a ser quen somos, a existir sendo galegos en Galicia. Faltaría máis!

Por: Nicolás Xamardo González

Cando falamos do proceso soberanista catalán estamos a falar do proceso de creación e afirmación dunha nova identidade, dun novo imaxinario, sometido até o de agora a identidade, o imaxinario español. Na creación do imaxinario, da identidade, xoga un papel determinante a chamada fase do espello; sendo o Estado o gran espello conformador e afirmador de identidades individuais e colectivas. Cando o Estado está e crise, cal é o caso do español, outras instancias pódennlle disputar esa función. Tal é o caso do movemento independentista catalán que, a modo de gran pantalla, concentra e reflicte os elementos máis salientábeis desa nova identidade catalana. Diante do espello catalán, que imaxe proxectan as formacións políticas ubicadas en Euskal Herria?

A esquerda independentista vasca (abandeirada, durante décadas, do dereito a decidir no Estado español) ten que aceptar, superando unha lóxica envexa, que hoxe o referente, o espello independentista é Catalunya; con quen ten que ser especialmente solidaria e de quen ten moito que aprender. A proposta de EH Bildu no parlamento de Gasteiz dunha Lei de Consultas, vai nese camiño. O PNV, (sen mollarse, coma sempre), no fondo, espera que non triunfe o independentismo. Mentres tanto, a proposta dun Novo Estatus Político para a Comunidade Autónoma Vasca (CAV), recollida no

seu programa electoral, está practica -



mente paralizada. As últimas declara-

cións do presidente do Euskadi Buru Batzar, Andoni Ortuzar, son clarificadoras: “Euskadi ten a súa propia vía, ten o seu camiño e está a desenvolvelo. Estamos nunha situación moito mellor que Catalunya como país, como sociedade e como autogoberno, e o que temos que facer é aproveitar esas vantaxes que temos». O PSEE/PSOE, socio estratéxico do PNV (que saca do baúl o estandarte do federalismo cada vez que o independentismo avanza), ademais de axudar ao PNV a frear a referida proposta de Novo Estatus Político para a CAV, anuncia unha proposición para reformar a lei de

Territorios Históricos da CAV. O PP do País Vasco, segue ao pe da letra a política dun PP que non é quen de formular unha estratexia que impida o triunfo das forzas independentistas no 27S. Xoga con ambigüidades e desmentidos sobre as opcións de reformar a Constitución é, sobre todo (o que mellor se lle da), coas ameazas: reforma exprés do Contitucional, entre outras. A táctica do pau... a secas. En fin, se gañan as candidaturas independentistas o 27S, a convulsión que se vai a producir no Estado español será de tal magnitude que o espello catalán esnaquizará tódolos referidos imaxinarios, favorecendo, sen dúbida algunha, o reforzamento e o avance das identidades vasca e galega.



Por: Lu3s Lour

Sobre os problemas educativos en Monção (Portugal)



O Agrupamento de Escolas de Monção vive, desde há três anos, uma situação de profunda instabilidade não tendo, desde a sua formação, conseguido eleger um diretor para o agrupamento, pese o facto de já terem ocorrido três eleições para o mesmo.

O arrastamento desta situação tem, naturalmente, consequências muito nefastas para o desenvolvimento da ação educativa tanto pela inexistência de um projeto educativo que possa estabelecer as linhas orientadoras da atividade educativa face às necessidades próprias do meio em que se insere, como pela instabilidade que tal situação provoca em todos os agentes e intervenientes diretos da comunidade escolar.

Este assunto levou, recentemente, a uma tomada de posição corajosa por parte do município de pressionar o ministro Nuno Crato a intervir no processo, caso contrário haveria um corte de relações institucionais entre o Município e o Ministério e a consequente denúncia unilateral de todos os protocolos que unem esse Ministério à Câmara Municipal e que asseguram um conjunto alargado de serviços e competências fundamentais para o funcionamento das escolas deste Concelho.

A comunicação social, divulgou recentemente, um conjunto de factos que, a serem verdadeiros, muito nos preocupam face à possível "captura" deste Agrupamento por parte dos mais mesquinhos interesses político-partidários.

Neste sentido, o Bloco de Esquerda exige um esclarecimento completo, por parte do Ministério, da Coligação Portugal à Frente e dos visados sobre a veracidade dos factos relatados na penúltima e última edição do jornal online Minho Digital (www.minhodigital.com).

O relato aí feito envolve um conjunto de deputados eleitos pelo círculo de Viana do Castelo nas eleições de 2011 pelos partidos que hoje formam a Coligação Portugal à Frente de entre os quais há também os que hoje são novamente candidatos às eleições legislativas.

Como tudo isto nos parece confrangedoramente irregular, solicitamos um rápido esclarecimento deste assunto por parte de todos os visados nos referidos artigos.

Por: Ana Maria Oliveira

Movimento em Defesa da Escola Pública de Monção

Problemas na Escola Pública de Monção

As escolas em Monção estão num caos, organizado o início deste ano escolar pela nova CAP (constituída por 3 elementos externos da anterior CAP e 2 elementos novos, professores do agrupamento alegadamente afectos a facção que apoia os opositores à homologação da eleição do professor Sérgio Gonçalves como director do Agrupamento). Alguns dos erros cometidos neste início deste ano escolar foram:

- Professores com horas a mais atribuídas, outros com horas menos, outros ainda sem horário;
- Professores "caixeiros-viajantes" que percorrem 4 escolas do Agrupamento, no mesmo dia, distanciadas entre si por vários km;
- Directores de turma e professores que entretanto foram mudados, desde o início do ano;
- Professores a leccionarem vários níveis, havendo pelo menos um, que sendo professor do 2. e 3. ciclo foi mudado para o Secundário sem ter habilitações para tal e outras trapalhadas

Esta comissão administrativa provisória adiou para 5 de Outubro (coincidência para depois das eleições) a atribuição dos horários definitivos aos professores, o início dos apoios educativos e o início do inglês para o 1. ciclo apesar dos professores estarem colocados. Ontem em reunião de Câmara foi aprovada com o voto favorável dos 3 vereadores PS e 3 do PSD, e voto contra do vereador do CDS Abel Baptista (Presidente da Comissão de educação na AR, candidato pelo CDS nas listas da PAF no círculo de Viana), a denúncia unilateral do contrato com o MEC que segue em anexo, bem como a retirada dos funcionários camarários colocados nas escolas, e a exigência na nomeação do professor Sérgio do Nascimento Gonçalves como presidente da CAP. Esta proposta terá que ser aprovada pela assembleia municipal na reunião da próxima sexta-feira.

Apesar de todos considerarmos que a homologação da eleição deveria ter sido feita pela DGAE com base no interesse

público (3 anos de instabilidade no agrupamento), os erros referidos anteriormente são mais que justificação para esta cedência mas que se torna uma exigência de nomeação do Professor Sérgio como Presidente da CAP, para que haja uma mudança que defenda os interesses da nossa escola, dos nossos filhos, professores e funcionários que fazem parte de uma comunidade educativa de uma escola que ocupa neste momento o último lugar no ranking distrital.

Se a proposta aprovada ontem em reunião de câmara for aprovada na Assembleia Municipal e na próxima segunda-feira a escola não abrir portas, atribuímos a responsabilidade UNICAMENTE AO MINISTÉRIO PORQUE ESTA PROPOSTA JÁ ERA DO CONHECIMENTO DO MINISTÉRIO DESDE A REUNIÃO DE CÂMARA REALIZADA A 31 DE AGOSTO, E POR TAL MOTIVO TEVE MAIS QUE TEMPO SUFICIENTE PARA SE PRECAVER QUANTO A ESTA SITUAÇÃO. Esperemos que mais cartas não apareçam na comunicação social em que os responsáveis políticos continuem a tomar decisões com base em argumentos partidários tal como foi a escolha da primeira das 5 CAP s.

Por: Isidoro Gracia

Sobre a continuidade de ENCE na ría de Pontevedra e Marín



Os partidarios do peche e desmantelamento deberían explicar unha posición que non é posible soste nin desde o punto de vista económico, nin desde o medioambiental.

Ao final da década dos 80 do pasado século tiveron que visitar Suecia nunha viaxe oficial para estudar decisións tecnolóxicas suecas, que poderían ser aplicables aquí no sur de Europa, fixemos parada nunha pequena vila en cuxa proximidade (preto, pero que moi preto, de vivendas) existía unha factoría de pasta de celulosa e papel, nin as augas do río próximo mostraban sinal algunha de contaminación, nin na atmosfera percibíase gran cheiro desagradable, si un lixeiro aroma absolutamente admisible. Como xa entón había debate sobre a permanencia e efectos da factoría de Lourizán, intereseime no tema, para descubrir que utilizaban unha tecnoloxía que uns lustros despois comezouse a aplicar en Lourizán.

Indo ao fondo, en cifras redondas, os 350 traballadores propios e os 150 auxiliares que traballan habitualmente na planta inducen, ao ser unha industria de primeira transformación, aproximadamente outros 10 por cada posto directo na contorna próxima (Galicia), sen entrar nos millóns de € de

actividades diversas xerados (selvicultura, enerxía, transporte terrestre, actividade portuaria, etc) a pregunta a responder é: Que decisión, por benéfica que sexa a súa primeira aparencia, xustifica hoxe un claro risco para a estabilidade de 5.000 postos de traballo?

Parece máis razoable traballar en favorecer unha segunda transformación, fabricar papel de calidade (igual que facía a planta sueca), e incrementar así valor engadido e emprego na contorna inmediata á planta. Ademais evitariáanse, ou polo menos melloraría, procesos de tratamento de residuos e energéticos.

Para facerse unha idea da importancia da suxestión, baste saber que das 9 ou 10 fases dun proceso estándar de obtención de celulosa desde a

madeira, polo menos 4 delas teñen como obxectivo asegurar que o proceso produtivo desenvólvese en harmonía co medio ambiente, o simple feito de evitar ou facilitar algunhas delas (por exemplo o desecado, o transporte e o rehidratado da pasta) ademais dunha atractiva redución de custos, favorece e reduce as necesidades de tratamento de efluentes e de recuperación de enerxía. A última frase do párrafo anterior danos pie para afrontar o tema medioambiental. A normativa europea sobre emisións atmosféricas, establece tres niveis de protección: Valor límite horario para a protección da saúde humana (1 hora), Valor límite diario para a protección da saúde humana (1 día) e Valor límite para a protección dos ecosistemas (1 ano) e evolucionan en incre-

mento paulatino das esixencias, sen outra tolerancia que os periodos de aplicación. No caso dos efluentes líquidos a administración competente é a Comunidade Autónoma, nun marco máis xeral europeo e estatal, polo que o nivel de esixencia sobre os vertidos depende dos propios galegos. En todo caso hoxe xa falamos sempre de mg/m3 ou partes por millón, temperatura, pH, cor, etc, é dicir de parámetros esixentes.

Aceptando que en anos anteriores os vertidos e emisións impactaron na contorna de Lourizán, e que eses impactos aínda non foron corrixidos na súa totalidade, estudemos as alternativas:

1ª.- Non se prorroga a concesión e faisen necesarios os procesos de desmantelamento das instalacións, descontaminación e recuperación de terreos e fondos mariños. Custosos e cun responsable teórico nada interesado en aportar nada, ou o mínimo posible.

2ª.- Prorrógase a concesión e lígase a un programa de recuperación medioambiental referenciado á facturación e/ou á conta de resultados da planta. Pregunta do millón: Cal parécelle a vostede a decisión que mellor lle irá ao medio ambiente?

Setembro de 2015

Opinião

Zé Perdigão, um minhoto na 'alta roda' da música tradicional portuguesa

Zé Perdigão é, indubitavelmente, uma das vozes mais emblemáticas da música tradicional. Recentemente condecorado Cidadão Honorário pelo Governo Provincial da cidade de Buenos Aires, Argentina, - uma distinção nunca dantes atribuída a um artista ou cidadão português -, Zé Perdigão junta-se a um painel de nomes consagrados da música internacional como Stevie Wonder, Roger Waters, Paco de Lucía, Diego El Cigala ou Iron Maiden, entre outros.

Por: Manso Preto

Em 2008 a convite do produtor José Cid gravou e editou o seu primeiro disco, "Os Fados do Rock", que recebe os mais rasgados elogios dos media e tem grande aceitação por parte do público. Zé Perdigão é convidado pelo músico, cantor, compositor e autor Francisco Ribeiro, membro fundador dos Madredeus, a gravar a voz juntamente com Tanya Tagaq, Filipa Pais e Natália Casanova no disco *Desiderata* - "A Junção do bem" acompanhado pela Orquestra Nacional do Porto sob a direcção do Maestro Mark Stephenson. É por esta altura que Zé Perdigão começa a pisar os grandes palcos. Em 2009 é convidado a fazer a primeira parte de José Cid no Campo Pequeno, tendo sido muito bem aceite pelo público presente, aceitação que lhe garante o convite para fazer a primeira parte da digressão europeia do internacional artista "Michael Bolton", em Janeiro de 2010 no Coliseu dos Recreios.

Em 2010/2011 faz uma digressão por várias cidades do País, com o concerto Zé Perdigão & Outros Fados.

Em 2011/2012 entra em estúdio a gravar o trabalho discográfico "Sons Ibéricos" com o seu Produtor José Cid e músicos como Pedro Jôia, Ângelo Freire, Amadeu Magalhães, entre outros.

Em 2012 participa no espectáculo "Variações" dando voz à homenagem da Obra de António Variações.

Faz uma digressão nacional Piano&Voz - Concerto "Visitar" com o pianista e compositor André Varandas, com temas dos saudos José Afonso e Adriano Correia de Oliveira, apresentando-se em vários festivais internacionais, auditórios e teatros nacionais.

Em Novembro e Dezembro de 2012 apresentou-se na Argentina, Chile e Uruguai. Com uma formação musical mesclada entre músicos sul americanos e portugueses, o caso do bandoneon do chileno Jorge Prado, a guitarra do cantautor Uruguaio Andres Stagnaro, o piano do seu companheiro de viagem o português André Varandas, as percussões e voz do equatoriano Max Berrú, o folclore sul americano de Jorge Coulon fundador do grupo Inti Illimani, fez 17 concertos com os seus temas e algumas adaptações dos seus temas em espanhol.

Passa por países como Chile, Argentina e Uruguai apresentando-se nas melhores salas, sempre com lotação esgotada e com a atenção internacional merecida.

Setembro de 2013 ficou marcado pela edição do seu segundo álbum, "Sons Ibéricos". O disco foi editado também na versão castel-



■ Zé Perdigão

hana para o mercado online, com poemas de Pablo Neruda, Federico Garcia Lorca ou Gabriela Mistral. "

Em 2014 lança o álbum homónimo Cd/Dvd ao Vivo - Zé Perdigão | Sons Ibéricos com a participação das Adufeiras de Idanha A Nova, José Cid e acompanhado por um naipe de excelentes músicos; João Silva, Daniel Oliveira, Edgar Petejo, Alain Carvalho e Joel Silva.

"Já nos aconteceu a todos - diante de uma voz de esplendor, daquelas que espanta, que se entranha, que emociona e empolga, que fica depois a ecoar, misturando desde logo o prazer e a memória, vamos por aquele raciocínio prosaico: se cantasse a lista telefónica, o efeito seria o mesmo.

Levar-nos-ia a parar, a pensar, a planar, a aproveitar. Acontece com Zé Perdigão, cantor português sem fronteiras, eleito para nos deixar atônitos e estonteados com o alcance, a amplitude, a intensidade (e, ao mesmo tempo, a doçura) da sua voz. Felizmente para todos, o cantor e todos aqueles que o rodeiam não quiseram extremar o teste e a tal "lista telefónica" é trocada, só com vantagens, por um rol de canções dignas de fotografar, sem necessidade de retoques e emendas de Photoshop, cada uma das facetas da voz de Zé Perdigão, fazendo-lhes justiça, abrindo portas a uma viagem que, sendo programada, acaba por revelar surpresas, uma atrás da outra. Tudo está no

lugar onde deve estar. E, ainda assim, tudo nos comove, envolve ou empolga.

Agora, mais do que em viagens passadas, Zé Perdigão busca e recebe canções que traçam a sua dimensão de intérprete sem limites. Fadista, como ele começou por definir-se. Mas além-Fado, ideia testemunhada por vários dos clássicos que recria ao seu jeito, vibrante, acessível, às vezes íntimo. O percurso só precisa da lógica que serve a dimensão da voz - percorre Portugal, subverte divisões que a alma desmente (a proximidade da Galiza, por exemplo), abraça a Ibéria e ainda namora o Brasil. Ora nem por uma vez se sente que Zé Perdigão deixa de ter a voz moldada a cada canção, como uma segunda pele - mas que não se pense em operações plásticas, que a naturalidade impera, somando instinto, técnica e matéria-prima. Ou, se quisermos especular, parece que cada um dos temas esteve à espera deste cantor para atingir o seu ponto de reboçado. Doçuras não faltam, como pode confirmar quem já uniu os pontos, todos fortes, de "Sons Ibéricos". Nem faltam os "salgadinhos", fica o aviso.

Este disco de revelação e de afirmação faz-nos cruzar com o nome de José Cid, presente como compositor, autor, produtor, instrumentista. É ele quem prepara as bases, para que Zé Perdigão se ocupe primordialmente com o canto. Cid é cuidadoso e generoso. Por exemplo, quando, percebendo a cinzentice corrupta e contemporânea em que Portugal

se deixou mergulhar, lhe proporciona lendas e narrativas, histórias sem data, perenes, cheias de princesas, ciganos, brumas, fadas, amores contrariados, magia. Um mundo que Perdigão assimila e faz brilhar. Subitamente, percebemos também que Zé Perdigão alargou a sua esfera de influência, convocando Joaquim Rodrigo, Garcia Lorca, Teixeira de Pascoaes, Pedro Homem de Mello, Alain Oulmain, Djavan, Ney Matogrosso. E José Cid. Aponta - e acerta - a um disco sem data, mas que seria um desperdício e uma asneira não começar, desde já, a assinalar como um dos que podem abençoar-nos com grandes alegrias em tempos de escassez e de confusão. Aos eruditos e académicos, deixamos a discussão - será Música Popular Portuguesa? Será Fado mestiçado? Será canção urbana dotada de roupas universais? Para o efeito, pouco importa. Aquilo que conta é não mais perder de vista Zé Perdigão e a sua voz, sujeitos activos de um encontro imediato a que não queremos (nem devemos) escapar.

O rótulo só preocupa quem arruma e, se houver justiça, bom senso e tábua-rasa aos preconceitos, este disco de Zé Perdigão vai levar muito tempo até chegar à estante. O vime-ranense leva-nos, de certo modo, a um berço de cantigas que tendemos a esquecer com demasiada facilidade. Depois, traz-nos pela mão - e sempre, sempre pela voz - até ao que ultrapassa as condições de passado ou de futuro: "é", simplesmente. Tão simplesmente como "Zé".

(João Govern - crítico musical / Antena1)
<https://pt-br.facebook.com/zeperdigaooficial>

<https://www.youtube.com/watch?v=XlMEjK8xu7E>

https://www.youtube.com/watch?v=SPnO_B_xph4

<https://www.youtube.com/watch?v=7G3vT3I-E9Y>



■ Capa do álbum

Presentación da IV edición de Movilab

Na presentación, na praza do Muncyt, participaron o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande.

Movilab é unha iniciativa de divulgación científica que organiza a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía coa Rede Eléctrica de España, o Consello Superior de Investigacións Científicas e a Fundación Padrosa, que se desenvolve nun camión-

laboratorio. Este permanecerá na Coruña ata o día 25, para despois iniciar un percorrido por unha ducia de cidades de todo o Estado realizando obradoiros e experimentos científicos centrados no Ano Internacional da Luz, que se conmemora neste 2015.



Presentación do libro "La pasión de Inda. Historia de un martirio policial"

O libro é obra do abogado e escritor Vicente Bellón e foi presentado no Colexio de Abogados de A Coruña. O acto estivo presidido polo alcalde Xulio Ferreiro e o decano do entecolexial, Augusto José Pérez-Cepeda. Na súa intervención, Ferreiro salientou o papel dos xuristas que estiveron na pri-

meira liña da loita polas liberdades durante a ditadura e a Transición, e igualmente do que cumpren hoxe os profesionais que se enfrontan aos recortes de dereitos civís. Tamén, o rexedor subliñou a importancia e o papel da memoria, unha liña na que está a traballar o novo Goberno local.



VIII Asemblea da Irmandade Xurídica Galega

Unha lingua de lei



Desde o pasado mes de xuño, a memoria do xurista, diplomático e polígrafo Lois Tobio, quedou rexistrada nunha publica que a Irmandade Xurídica Galega colocou na Auga Magna da antiga Facultade de Dereito da USC. E no

Salón Nobre de Fonseca, no decurso da VIII asemblea da Irmandade na que foron recepcionados unha trintena de novos irmandiños e irmandiñas, presentouse a biografía e estudo crítico da súa obra e pensamento.

A democracia comeza a chegar ao rueiro da Coruña

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH), diante do anuncio de que o próximo 8 de outubro vai comezar a eliminación da simboloxía franquista dos espazos públicos coruñeses, cambiando a praza Millán Astray pola Praza das Atochas, non pode máis que parabenizar ao goberno municipal. Por fin, a esperada democracia que sinistros persoeiros como Millán Astray quixeron que non vira a luz, agora sí que empeza a chegar e a invadir as rúas da Coruña.

A CRMH saúda con entusiasmo este feito, agardando que á nosa cidade, unha das capitais máis chea desta vergoña, participe activamente neste proceso de eliminación da devandita simboloxía, e que rápidamente A Coruña encha de democracia o seu rueiro, tan cheo de referencias á ditadura, referencias aos que o anterior goberno municipal do Partido Popular non lle importou que seguisen presentes nos espazos públicos -chegando Carlos Negrera, o anterior alcalde, a dicir que Millán Astray fora "un coruñés de pro".



■ "Podemos apreciar o contraste entre un "alcalde do pobo", a corbate de Feijó e "as puñetas" dos maxistrados"

A Coruña

Visita ao Concello da Coruña do Embaixador de Venezuela



Na recepción ofrecida pola visita do Embaixador de Venezuela, Mario Ricardo Isea Bohórquez estiveron presente o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, a concelleira de Xustiza

Social e Coidados, Silvia Cameán, e os concelleiros Avia Veira e Carlos Negrera.

A continuación, o Rexedor reuniuse con Isea durante unha hora.

Claudia Delso amósase “satisfeita” co proceso de participación cidadá

A concelleira fixo balance da primeira semana de posta en marcha do proceso participativo de A Porta Aberta, que busca, desta volta, a opinión da veciñanza da cidade para delimitar os distintos distritos do municipio, unha división que será utilizada de cara á elaboración duns orzamentos participativos. A edil, destacou que nos sete primeiros días de reunións polos distintos barrios da cidade, “máis de 250 persoas participaron presencialmente” nesta primeira fase do proceso, que se iniciou o 22 de setembro e durará até o mes de decembro, cando se terán realizado xa un total de 27 xuntanzas.

“Nesta primeira semana de A Porta Aberta desenvolvéronse até oito encontros distintos, aos que se achegaron máis de 250 veciños e veciñas.

Cumprimos moitos obxectivos, xa que, de media, ás xuntanzas acoden entre 20 e 50 persoas”, explicou Delso nunha rolda de prensa, na que destacou que a idade maioritaria dos participantes nos encontros presenciais está entre os 40 e os 50 anos. “A metodoloxía individual e colectiva posta en marcha para facilitar a colaboración e participación da cidadanía á hora de delimitar os distritos do Concello está funcionando moi ben.

A veciñanza que está a participar amosa una actitude moi propositiva, compartindo moitas experiencias cos demais”, explicou Delso, que destaca que o balance desta primeira semana de posta en marcha do proceso de A Porta Aberta é “moi satisfactorio”.

A concelleira manifestou que, non obstante, un dos retos pendente é conseguir que a poboación máis moza se achegue a estos procesos e, neste primeiro momento, a este relativo á delimitación de distritos. “Estamos facendo un esforzo neste sentido a través das Ampas para lograr a participación de máis mozos e mozas”, indicou, á vez que anunciou que a posibilidade de participar neste proceso de forma online é xa unha realidade dende hoxe mesmo, a través da páxina web do Concello (www.coruna.es/aportaaberta).

Os encontros presenciais manteranse até o vindeiro 28 de outubro. “É unha satisfacción para nós, a boa acollida deste proceso, sempre tendo en conta da situación de partida e de que a xente non está aínda acostumada a poder participar na toma de decisións. Estamos ensanchando os canais de comunicación do concello”, explicou Delso.

Rocío Fraga, designada vogaldo Fondo Galego de Cooperación

A concelleira de Igualdade e Diversidade, no concello da Coruña, pon en valor o traballo en rede que se fai desde o organismo

O nomeamento tivo lugar durante a Asemblea Xeral que o organismo celebrou na mañá deste martes na sede da Fegamp, en Santiago, e que serviu para aprobar a renovación orgánica.

“Cómpre poñer en valor a importancia de participar en redes deste tipo, que serven como punto de encontro e para dar a coñecer o traballo que se fai en Galicia”, salientou a responsable municipal ao remate da sesión.

Á asemblea de hoxe estaban chamados os representantes dos 85 concellos e das dúas Deputacións, a da Coruña e a de Lugo, que se integran no Fondo Galego. Unha xornada que serviu para abrir a lexislatura para os vindeiros catro anos e someter a aprobación a composición da nova Comisión Executiva. Nela tamén se abordou a crise migratoria e de persoas refuxiadas e dos obxectivos das cidades refuxio. Unha análise que servirá de base para futuras decisións do organismo ao respecto.



O Concello da Coruña e o de Santiago de Compostela analizan o mapa de rutas dos aeroportos de Alvedro e Lavacolla

Alberto Lema e Marta Lois, responsables de Turismo, buscan “coordinar e optimizar os recursos” das institucións municipais

O concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, e a concelleira de Turismo en Santiago de Compostela, Marta Lois, reuníronse no Pazo de María Pita na tarde do mércores 23, para analizar a situación dos aeroportos de Alvedro e Lavacolla. “Intercambiamos información entre ambos concellos de cara a facer unha análise do mapa de rutas de cara ao futuro”, sinalou Lema, responsable da área de Turismo na cidade da Coruña. “Este é o primeiro dunha serie de encon-

tro para mellorar a coordinación e optimizar os recursos das Administracións locais”, salientou o concelleiro, quen lembrou que “os concellos da Coruña e Santiago non teñen competencia directa sobre os aeroportos, pero si poden estudar a súa situación e buscar unha racionalización dos investimentos públicos”. O edil destacou a “boa sintonía e fluidez” entre ambas institucións, emprazadas a un novo encontro que terá lugar nas vindeiras semanas en Santiago de Compostela.

Homenaxe a Francisco Giner de los Ríos, fundador da Institución Libre de Enseñanza

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, e o concelleiro de Educación e Cidadanía, Manuel Dios, participaron no acto de homenaxe que a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC lle rendeu a Francisco Giner de los Ríos, fundador da Institución Libre de Enseñanza, con motivo do centenario do seu pasamento. Neste 2015 cúmprense tamén 132 anos da súa estanza na cidade con motivo da Excursión Pedagóxica organizada pola devandita institución entre o 14 de xullo e 2 de outubro de 1883.



Francisco Giner de los Ríos (Ronda, 1839 – Madrid, 1915), considerado o educador por excelencia da España contemporánea, pernoctou no seu paso por Santiago no antigo Hostal Suízo, ubicado na rúa Cardeal Payá, na parte baixa da praza de Mazarelos. Alí, a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC colocou unha placa conmemorativa.

Giner de los Ríos

Francisco Giner de los Ríos, foi un pedagogo, filósofo e ensaísta, figura senlleira na historia da educación, e creador da Institución Libre de Enseñanza. En 1876, o 29 de outubro comezan oficialmente as actividades da Institución Libre de Enseñanza (ILE), fundada ese ano coa colaboración doutros catedráticos: Gumersindo de Azcárate, Laureano Figuerola, Segismundo Moret, Nicolás Salmerón, entre outros. No ano seguinte apareceu o primeiro número do Boletín da Institución (BILE), dirixido por Giner, que tamén exerceu de profesor. No ano 1883 realiza grandes actividades pedagóxicas ao aire libre. Así, o 14 de xullo parte de Madrid unha expedición de

mestres e alumnos da ILE, que non regresarán ata o 3 de outubro a Madrid, logo de percorrer diferentes lugares de España, entre eles Santiago de Compostela, onde estivo entre o 15 e o 18 de setembro.

A valía e a importancia de Giner de los Ríos concrétase en múltiples actividades e achegas. Foi tradutor dos pensamentos ideolóxicos europeos máis avanzados (Krausismo), escritor que teorizou sobre filosofía, dereito ou pedagogía, e home comprometido coa renovación cultural dunha atrasada España e, ao longo da súa traxectoria, enfrontouse aos poderes establecidos, sempre inmovilistas, e nunca lle importou sufrir sancións, illamentos nese camiño trazado para formar, renovar e enriquecer o ensino.

A Institución Libre da Enseñanza, un dos máis grandes avances pedagóxicos, foi o xerme das Misións Pedagóxicas, tan decisivas na ansia da II República de levar o coñecemento a todos os pobos de España. A ILE era unha escola de vangarda, laica, na que non había exames nin libros de texto, nin separación por sexos.

Santiago de Compostela

Curtocircuíto terá 40 filmes na súa sección oficial, 19 deles estrea en España



■ Pela del Álamo, Goretti Sanmartín e Martiño Noriega co cartel do certame.

Curto circuío Festival Internacional de Cine deu a coñecer os detalles da súa próxima edición, que se celebrará en Compostela entre os días 6 e 11 de outubro nunha rolda de prensa na que participaron o alcalde de Santiago, Martiño Noriega; a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín; e o director do festival, Pela del Álamo. Ás xa habituais proxeccións no Teatro Principal, súmase este ano a sala Numax. O certame seguirá contando co CGAC como punto neuráxico das súas actividades formativas, alíase co espazo multidisciplinar Unitaria para algúns dos seus obradoiros formativos e ofrece charlas na Zona C ou concertos na Sala Capitol. Así, o festival pretende dar novos pasos na súa apertura á cidade, a un público amplo e diverso, que poida vir a gozar dun evento lúdico e cultural, co cinema no centro.

Na tónica dos últimos anos, o número de películas inscritas a competición é unha mostra da saúde do certame. Nesta edición, recibíronse 3.270 propostas, procedentes dun total de 93 países. De todas elas, o equipo de Curtocircuíto realizou unha selección de 40 películas na súa sección oficial. Esta mantén a división de anteriores edicións, nas categorías Radar e Explora; e nelas inclúense nomes de grande prestixio internacional como Ben Russell (Atlantis), Mark Rapaport (Becoming Anita Eckberg) ou Jennifer Reeder (BloodBelowYour Skin); así como 19 estreos en España. A selección tamén está chea de películas de mozos realizadores, premiadas nos festivais internacionais de referencia: WorldofTomorrow (Sundance), Inscripción de una guerra (Locarno) o Wave'98 (Cannes).

Agradecemento dos produtores lácteos á cidade pola súa comprensión

APlataforma en Defensa do Sector Lácteo quixo agradecer á cidade de Santiago a súa comprensión coas mobilizacións desta semana. Nun acto simbólico celebrado en Porta Faxeira, expresaron esta gratitude entregándolle unha réplica dun tractor ao alcalde, Martiño Noriega.

Logo, pola tarde, os gandeiros reiteraron o seu agradecemento nun acto celebrado na avenida de Lugo, onde tamén fixeron un novo reparto de leite.

Polo que se refire á presenza de tractores na cidade, xa unicamente quedan uns poucos rodeando os edificios administrativos de San Caetano.



■ Entrega do tractor ao alcalde.

Galicia

Premios da Crítica – Galicia, 2015



■ Equipo de A Peneira 2006. De esquerda a dereita Xoán Rodríguez, Diego Giráldez, Guillermo Rodríguez, Antón F. Escudero e Manrique Fernández

O sábado 7 de novembro de 2015 celebrárase a cerimonia de anuncio do ditame da XXXVIIIª edición dos Premios da Crítica Galicia que, a partir das 14:00 horas, terá lugar no decurso dun xantar no Hotel Os Escudos, avenida Atlántida 106, Vigo.

A xunta directiva da Fundación Premios da Crítica Galicia nomeou as seguintes persoas como membros dos xurados de cada unha das sete modalidades:

■ **Creación literaria:** Xavier Senín, secretaria, Fundación Premios da Crítica Galicia; Xosé María Lema Suárez, escritor, gañador da edición anterior; Eulalia Agrelo, crítica, presidenta de ELOS; Carme Vidal, xornalista cultural, Sermos Galiza; María Xesús Fernández, crítica; Manuel Rodríguez Alonso, crítico e Chus Nogueira, crítica,

presidenta da Asociación da Crítica Galega.

■ **Investigación:** Afonso Vazquez Monxardín, secretaria, Fundación Premios da Crítica Galicia; Xosé



■ Manuel Sendín, primeiro redactor de A Peneira, xunto a Guillermo Rodríguez, director do xornal

Ramón Freixeiro Mato, catedrático UDC, gañador da edición anterior; Jesús de Juana López, catedrático UDV; Manuel González González, catedrático USC; Xosé Benito Reza, enxeñeiro forestal; María Edita de Lorenzo Rodríguez, catedrática da UDV e Aida Fernández Ríos, oceanógrafa, Instituto de Investigacións Pesqueiras de Vigo.

■ **Iniciativas Culturais.** Antón Sobral, secretaria, Fundación Premios da Crítica Galicia; Mercedes Rosón, Subdirectora da área de Cultura da USC; Encarna Lago, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo; Francisco Porto, xestor cultural, director de Latamuda; Belén Fortes, xestora cultural; Xabier Límia, activista cultural e Ana Isabel Vázquez, activista cultural.

■ **Música:** Marcos Lorenzo Gallego, secretaria, Fundación Premios da Crítica Galicia; Anxo Pintos, músico, membro de Berrogüetto, gañador da edición anterior; Belén Bermejo, empresaria musical Sirgo torcendo; Antonio Borrazás, director de programación sala Capitol; Marían Fernández Álvarez, xestora cultura, O Cable Inglés; Bieito Romero, músico, membro de Luar na lubre e Tito Lésende, xornalista musical e responsable de comunicación de SGAE.

■ **Artes Plásticas:** Charo Portela, secretaria, Fundación Premios da Crítica Galicia; Antón Pulido, pintor, gañador da edición anterior; David Pintor, ilustrador; Manuel Gallego Jorredo, arquitecto; Paula Gómez del Valle, fotógrafa; Paula Mariño Pazo, comisaria de exposicións e profesora

e Emilia Guimeráns, escultora e ceramista.

■ **Artes Escénicas e Audiovisuais:** Camilo Franco, secretaria, Fundación



■ Víctor F. Freixanez, Director Xeral da Editorial Galaxia, xunto a Guillermo Rodríguez.

Premios da Crítica Galicia; Luis Patiño, director de cine, gañador da edición anterior; Belén Pichel, presidenta de Escena Galega; Manuel Xestoso, crítico; Ángel Suanzes, xornalista de cine TVG; Montse Dopico, xornalista cultural e Tamara Canosa, actriz.

■ **Cultura gastronómica:** Ernesto S. Pombo, secretaria, Fundación Premios da Crítica; Artur Yuste. Grupo Cuevas, gañador da edición anterior; Delfina Cendón, hosteleira; Xavier R. Baixeras, escritor; Beatriz Sotelo, co-ciñeira d' A Estación de Cambre; Luis Paadín, sumiller e Lidia Folgar, nutricionista.

Como establece a base sétima «Todas as producións que se consideren premiáveis en cada unha das modalida-

des poderán ser presentadas polos seus autores, editores ou promotores ás secretarías dos xurados antes do 30 de setembro de 2015. Así mesmo, cada un dos membros dos xurados poderá presentar cantas candidaturas considere oportunas para a súa valoración polo resto dos membros.»

A este teor as propostas poderán ser dirixidas ás secretarías de cada unha das modalidades:

Creación literaria: Xavier Senín Fernández, xaviersenin@gmail.com

Investigación: Afonso Vázquez Monxardín, monxardin@gmail.com

Iniciativas Culturais: Antón Sobral Iglesias, sobraliglesiasanton@gmail.com

Música: Marcos Lorenzo Gallego, marcos.lorenzo.gallego@gmail.com

Artes Plásticas: Charo Portela Yáñez, charoportela@hotmail.com

Artes Escénicas e Audiovisuais: Camilo Franco Iglesias, camilofrancoiglesias@gmail.com

Cultura Gastronómica: Ernesto Sánchez Pombo, espombo@yahoo.es

As propostas tamén poden ser dirixidas a:

premiosdacriticagalicia@gmail.com

Para calquera información relacionada cos Premios da Crítica Galicia poden contactar con:

Bieito Ledo Cabido, presidente, 667 64 79 06

Manuel Bragado, secretario, 609 16 99 70.

No ano 2006 A Peneira recibiu o premio a crítica, no apartado de Iniciativas Culturais. As foto corresponden a ese momento no Hotel Balneario de Mondariz





Concello de Lugo

@sanfroilan15

facebook.com/sanfroilan.info

www.sanfroilan.info

SAN FROILÁN

Do 3 ao 12 de outubro en Lugo

Festa de Interese Turístico Galego
Fiesta de Interés Turístico Nacional

PSOE e BNG presentan moción na Deputación contra a popular Elena Candia

O socialista Manuel Martínez non aclara cal vai ser o seu voto

PSOE e BNG presentaron no rexistro xeral da Deputación de Lugo unha proposta de moción de censura para retirar da presidencia a Elena Candia (PP) que está gobernando en minoría xa que ten 12 dos 25 deputados da corporación.



■ Darío Campos Conde, alcalde de A Pontenova.

Na sesión plenaria do organismo provincial do próximo 8 de outubro, o PP podría ser desaloxado da Presidencia da Deputación de Lugo polo PSOE e o BNG, coa intención de repetir o pacto que mantivo

durante oito anos o goberno bipartito. Elena Candia ocupou por sorpresa a cadeira do despacho principal de San Marcos durante pouco máis de tres meses, presidindo un goberno que, desde o principio, augurábase que tiña os

días contados, pero que a popular soubo aproveitar para gañar moitos puntos entre as filas populares da provincia e nos despachos da sede da Xunta. Candia é a primeira muller que preside a Deputación de Lugo, desde que a entidade foi creada a mediados do século XIX.

Antecedentes

O pasado 24 de xuño celebrábase o pleno de constitución da Deputación, onde o PSOE, con 11 deputados, e o BNG, con 2, parecía que ían reeditar un pacto de goberno que xa duraba oito anos. Pero o BNG opúxose a que o presidente fose o socialista Manuel Martínez, alcalde de Becerreá, por estar imputado. Os de Besteiro propuxeron no último momento a Darío Campos, pero Martínez non o aceptou e votouse a si mesmo para presidente, provocando un empate e entregando a presiden-

cia ao partido con maior número de votos: o PP. Desde ese día goberna a Deputación de Lugo a popular Elena Candia, e as cúpulas do PSOE e o BNG iniciaron conversacións para unha moción de censura e reeditar o pacto de goberno que mantiveran desde o fin da época Cacharro. Os portavoces provinciais Darío Campos (PSdG-PSOE) e Antonio Veiga (BNG) explicaron en rolda de prensa que a moción trataba de repor no goberno a maioría de votos que tiñan os dous partidos na provincia con respecto ao PP.

O silencio de Martínez

Os socialistas aseguran que o seu compañeiro Manuel Martínez renunciará a presidir a Deputación a cambio dun cargo como o departamento de Vías e Obras. O presidente sería o socialista Darío Campos Conde, alcalde de A Pon-

tenova. Manuel Martínez seguiu mantendo silencio e só dixo que apoiaría a moción si o acordo de goberno co BNG respectaba os termos que negociara o pasado 18 de agosto co resto de alcaldes e deputados do seu partido nunha reunión interna. No Partido Popular aínda manteñen algunha esperanza de que Martínez volva torcer a votación no último momento. Socialistas e nacionalistas escenificaron con saúdos e abrazos a boa relación dos dous exsocios de goberno. Estes non teñen dúbida de que o novo presidente da corporación será Darío Campos con pouca experiencia pero cun bo talante e capacidade de diálogo e entendemento, incluso co BNG. Pero Martínez aínda non adiantou cal vai a ser o seu voto nesta moción anunciando para despois da presentación as explicacións que considere oportunas.

LÁNCARA

O Goberno municipal reduce o prazo de pago aos provedores

O Executivo socialista de Lánacara (Lugo) aprobou na xunta de Goberno Municipal reducir en 10 días o prazo medio de pago aos provedores do Concello, pasando de 30 a 20 días.



Alcalde, Darío Piñeiro, destacou que “adoptamos este acordo para contribuir coa importante actividade que autónomos e pequenas empresas prestan no Concello, posto que son un dos motores económicos do noso municipio”. O rexedor deu conta dos asuntos abordados na

reunión que mantivo coa directora xeral de Urbanismo, que foron, principalmente, cuestións relativas ao PXOM. Darío Piñeiro avanzou que se acordou elaborar un informe dende o Concello sobre todos os erros detectados no Plan Xeral de Ordenación Municipal que sexan susceptibles de ser corri-

dos. Para a súa elaboración, o Goberno municipal do PSOE manterá encontros cos pedáneos de todas as parroquias de Lánacara, así como cos propios veciños, co obxectivo de recoller todas as súas preocupacións ao respecto. Unha vez rematado o informe, será remitido á Dirección Xeral de Urbanismo para

a modificación. Neste senso, o Concello de Lánacara convida a todos os cidadáns do municipio a trasladar persoalmente ao Goberno local todas as dúbidas que teñan sobre o Plan. Clasificacións urbanísticas erróneas ou trazados incorrectos das rúas, son algúns dos erros xa detectados no PXOM.

Seguridade veciñal

Darío Piñeiro informou sobre as reunións que mantivo co Subdelegado do Goberno en Lugo e co tenente coronel da Garda Civil, nas que acadou o compromiso de ambos os dous de manter na Pobra de San Xiao tanto o cuartel da Garda Civil como o mesmo número de axentes. O rexedor explicou que se trata dunha demanda veciñal, así como dunha cuestión de vital importancia para garantir

a seguridade dos veciños. O Goberno municipal segue a avanzar no plan de posta en valor da Pobra de San Xiao. Deste xeito, rematou cos traballos de rexeneración de beirarrúas e co lavado de contenedores de lixo. Na actualidade, está a levar a cabo as tarefas de acondicionamento de zonas verdes. O alcalde avanzou que na reunión que mantivo co Subdelegado do Goberno trasladoulle que o Concello solicitará a Adif a sinatura dun protocolo de colaboración para que este organismo dependente do Ministerio de Fomento ceda ao Concello de Lánacara os terreos que quedarán en desuso tras as obras na variante do AVE, comprometidas nos Presupostos Xerais do Estado para 2016. O PSOE lanchará someterá a consulta da cidadanía o uso municipal deste espazo.

Ourense

A UNED ábrese aos maiores de 50 anos

O Centro Asociado da UNED en Ourense pon en marcha por primeira vez UNED-Senior dirixido ás persoas maiores de 50 anos, con independencia da formación académica que posúan, interesadas en enriquecer os seus coñecementos.

Jesús de Juana López, director do centro ourensán, indica que “os maiores de sexan engadir ás súas experiencias profesionais, coñecementos culturais diversos, unha maior comprensión da sociedade actual, a fin de optimizar esta nova etapa da vida”. Estas clases son presenciais para que os maiores se intégren na contorna universitaria. Reúnen-se cos seus compañeiros e cos mozos propiciando as relacións interxeracionais. Utiliza a tecnoloxía como recurso inclusivo. Achega a formación virtual que lle é propia, á que poden acceder os colectivos que por distancia, por discapacidade ou por impedimentos diversos, teñen dificultade en asistir a cursos e actividades presenciais. Utiliza unha metodoloxía específica de formación de persoas maiores: flexible, participativa e práctica. Na aula, créanse dinámicas interactivas para que os participantes promovan temas segundo os seus intereses. Poténciase que os alumnos orienten aos seus compañeiros para promover a construción colectiva do coñecemento. De



■ Jesús de Juana López, director da Uned en Ourense.

Juana López engade que “nas novas tecnoloxías, os alumnos aprenden os conceptos básicos de ofimática, os recursos máis avanzados para o manexo de Internet e redes sociais de maneira que se converten en ferramentas de uso para a vida diaria. Esta formación provélles de novos conceptos de cultura

dixital. A UNED desenvolve boas prácticas utilizando unha metodoloxía innovadora facilitando ao maior a conexión teoría-práctica”. O programa inclúe oito materias con 25 prazas por cada unha delas. O importe de cada materia é de 50 euros. Os domiciliados na provincia de Ourense teñen un desconto do

50 por cento sufragado pola Deputación. O 25 de outubro remata o prazo de inscrición en www.uned.es

Materias

O programa da UNED-Senior inclúe oito materias: Grandes retos do século XXI; Arte, Linguaxe e técnicas artísticas; Cine e Literatura; Paisaxes naturais e

culturais de España. Estas materias impartiránse no primeiro cuatrimestre de 2016. Infomática básica; Sociedade, Política e Cultura en España nos séculos XV ao XXI; Prevención do deterioro cognitivo e Nocións básicas da historia da arte, impartiránse no segundo cuatrimestre.



Centro Asociado de Ourense
Torres del Pino, s/n 32001
Tfno. 988 371 444
Fax 988 371 440
e-mail: info@ourense.uned.es

Extensión A Rúa
Colegio Manuel Respino
Tfno. 988 336 038
Fax 988 336 093
e-mail: info@a-rua.uned.es

UNED OURENSE

UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA

*TITULACIONES OFICIALES IMPARTIDAS EN LA UNED

*ARTE Y HUMANIDADES

Graduado en Antropología.
Graduado en Filosofía.
Graduado en Geografía e Historia.
Graduado en Historia del Arte.
Graduado en estudios ingleses, Lengua, Literatura y Cultura.
Graduado en Lengua y Literatura españolas.

*INGENIERÍA Y ARQUITECTURA

Graduado en Ingeniería Eléctrica.
Graduado en Ingeniería Electrónica Industrial y Automática.
Graduado en Ingeniería en Tecnologías Industriales.
Graduado en Ingeniería Informática.
Graduado en Ingeniería en Tecnologías de la Información.

*CIENCIAS SOCIALES Y JURÍDICAS

Graduado en Administración y Dirección de Empresas.
Graduado en Ciencias Jurídicas de las administraciones públicas.
Graduado en Ciencia Política y de la Administración.
Graduado en Derecho.
Graduado en Economía.
Graduado en Educación Social.
Graduado en Pedagogía.
Graduado en Psicología.
Graduado en Sociología.
Graduado en Trabajo Social.
Graduado en Turismo.

Matrícula abierta hasta el 25 de octubre de 2015. Se realizará de forma exclusiva por Internet: www.uned.es

Ribeira Sacra

O tren turístico Ruta do Viño superou a súa ocupación



■ Rosendo Fernández, Xavier Díaz e Xosé Manuel Rodríguez.

Realizouse a última viaxe do tren turístico Ruta do Viño Ribeira Sacra enmarcado dentro do programa "Galicia a todo tren". Nesta viaxe estivo presente o presidente do Inorde, Rosendo Fernández; o xerente da Área Comercial e Servizo de Atención ao cliente de Renfe, Francisco Xavier Díaz Trisac; e o xerente do Inorde, Xosé Manuel Rodríguez que fixeron un balance positivo desta actividade turística, pois superou o 100% de ocupación durante toda a tempada. Esta ruta esténdese polo territorio da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, 21 municipios distribuídos entre o sur da provincia de Lugo e o noreste da provincia de Ourense. Parte de

Ourense no tren turístico Aba Sacra, e os pasaxeiros teñen a oportunidade de coñecer a bodega Regina Viarum, de Doade (Sober) de visitar o Centro de Interpretación do Viño, en Monforte, facer un percorrido en catamarán pola río Sil e visita a estación dos Peares. No mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil celebrouse a visita teatralizada con Alfonso Rodríguez Vázquez (de Druida Ros) caracterizado como monxe. Ademais desta ruta Ribeira Sacra, os trens turísticos de Galicia contan con seis rutas máis: Faros, Rías Baixas, Monterrei, Valdeorras-Ribeira Sacra, O Ribeiro-Rías Baixas, e Pazos e xardíns históricos, que funcionan entre os meses de xuño e setembro.

Festa da carne en Montederramo o 12 de outubro

Montederramo celebra, o lúns festivo día 12 de outubro, a XXII edición da Feira da Carne que se presenta na mesa richada, ao caldeiro e en empanada. O Concello, organizador do encontro gastronómico, encargou oitocentos quilos de carne para que a degusten os mil comensais que, segundo as previsións, ocuparan mesa baixo a carpa que se instalará na praza. O pan e as bicas manteigadas das panaderías de Terra de Caldelas, máis o viño da Ribeira Sacra co licor café e agardente completarán o menú de 15 euros. O alcalde, Antonio Rodríguez Álvarez, convida aos lectores de Eixo Atlántico "a que nos visiten, xa que soamente así poderán apreciar os nosos valores reais: a amabilidade da nosa xente,

o frescor do noso clima, o sabor da carne de tenreira, os sons do silencio, o rumor da auga dos ríos de montaña, os cores das nosas árbores, o eco dos monxes da abadía cisterciense, e tantas outras sensacións que sómente pódense descubrir paso a paso por esta nosa terra". A Montederramo chégase desde Ourense a través da estrada OU- 536, (Ourense - A Rúa). Entre os puntos quilométricos 36 e 37, en Leboreiro, atópase un acceso a Montederramo, distante 5 quilómetros. Está comunicado mediante outros accesos con Monforte de Lemos, a través de Castro Caldelas; con Allariz, Xinzo, Maceda, A Teixeira, Parada do Sil...Dentro do Concello de Montederramo existe unha extensa rede de estradas provinciais e secundarias que comu-

nican as poboacións do municipio. Montederramo ten unha distancia á capital de Galicia de 146 quiló-

metros; de Vigo e de Pontevedra, 140. Outras distancias: 18 quilómetros de Castro Caldelas; 16 de

Parada de Sil; 23 de Maceda; 23 de Esgos; 46 de Monforte de Lemos e 43 de Allariz.



■ O Concello ofrece a afamada carne de tenreira neste encontro gastronómico de recoñecido prestixio.

www.druidaros.com

Cada momento es una experiencia única

Alfonso Rodríguez Vázquez
c/ Rúa Nova 19 Luintra 32160
Ourense - ESPAÑA
649152780

O BODEGÓN

Tapería caseña - Viños - Bicas

988 29 20 39 /89 · 639 51 54 06 · MONTEDERRAMO (Ourense)

Termatalia 2015

280 expositores de 39 países posicionan a Termatalia como epicentro do termalismo mundial

Coahuila recolleu o testigo como sede de Termatalia México 2016

Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, de Saúde e Benestar, vive o seu mellor momento como quedou demostrado na décimo quinta edición celebrada en Expourense.

Por Silvia Pardo



■ O ministro de Sanidade dixo que a oferta de Ourense en termalismo é difícil de igualar.

A feira está situada xa como a principal internacional do turismo de saúde á que a práctica totalidade de América Latina acudiu para promocionarse e, sobre todo, formarse e capacitarse no desenvolvemento dos seus recursos termais. As cifras de participación desta 15ª edición avalan o éxito desta cita que reuniu en tres días a 280 expositores de 39 países e recibiu máis de 10.800 visitas, das cales 3.200 foron de profesionais do sector. Os expositores desta edición mostraron a súa satisfacción polos contactos e reunións realizadas e afirmaron cubrir as súas expectativas. A última xornada estivo centrada na entrega de distintos premios e galardóns que recoñeceron o traballo realizado na promoción do termalismo ou a calidade dos produtos vinculados a el. Durante a súa visita á feira,

o presidente do Goberno de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, fixo entrega dos premios especiais Ouro Azul que organiza a Asociación Bosque Máximo. As entidades premiadas foron o Ministerio de

Turismo da República Arxentina e Balnearios de Galicia. Tamén se entregaron os premios da 13ª Cata Internacional de Augas de Termatalia na que resultaron premiadas augas de Costa Rica e Ga-



■ O Estado mexicano de Coahuila organizará a próxima edición.

licia. Participaron un total de 21 marcas de 7 países. A entrega de premios estivo presidida polo alcalde de Ourense, Jesús Vázquez. Tamén foi entregado o premio do II Concurso de Cartas de Augas da Restauración que recaeu no restaurante O Lar do Leitón (Ourense) que conta con máis de 60 referencias.

mendable en determinadas terapias de rehabilitación e, ademais, constitúe unha alternativa de turismo". Outro dos aspectos do termalismo destacados foi o seu papel como elemento desestacionalizador do turismo. A primeira xornada de Termatalia serviu para poñer en valor as múltiples caras do termalismo: como fonte de



■ Argentina foi a país convidado este ano en Expourense.

Auga e turismo

"Termatalia converte a Ourense na capital termal do Mundo", sinalou o ministro de Sanidade do Goberno de España durante o acto inaugural. O ministro fixo referencia a que "a auga trae consigo saúde, benestar e calidade de vida. E a balneoterapia é un servizo sociosanitario cun importante valor. A cura termal é dobremente útil, xa que evita tratamentos máis lesivos, é reco-

saúde, como elemento desestacionalizador do turismo, como xerador de emprego, como elemento de desenvolvemento e de fixación de poboación das áreas rurais (onde se sitúan a maioría dos mananciais) e tamén como negocio. Este último aspecto puido verse durante a celebración da Bolsa de Contratación Turística na que 35 operadores de turismo de todo o mundo reuníronse cos establecementos

**Restaurante Asador
O LAR DO LEITÓN**

Rúa do Sol, 18. Eiroás.
Ourense
988 21 66 88
www.olardoleiton.com

Cochinillo. Codelo. Cabrito. Carne de boi.
Arroz de marisco. Bacallau. Picahna
60 referencias en augas.

Coferma
VINOS Y BODEGAS
DE FDEZ & MACÍAS

988 374 865 – 634 243 274
cofermagalicia@gmail.com

Orens (Ribera Sacra)
Tereza (Ribera Sacra)
Terra do (Ribera Sacra)

Termatalia 2015



■ O restaurante asador Lar do Leitoón presentou no seu stand 200 referencias de auga.

termais, centros de talaso e spas presentes na feira. Dentro das accións profesionais celebradas destacaron ademais o IV Encontro de Políticas Públicas de Termalismo, o Foro de Investidores e o Encontro de Cidades Termais. Con referencia ás actividades dirixidas ao público celebráronse os talleres de cociñas e catas da aula saudable no que participaron cociñeiros galegos recoñecidos como o chef Carlos Parra e

representantes da Cámara Costarricense de Restaurantes, CACORE.

México 2016

O Estado de Coahuila, en México, recolleu en Termatalia a testemuña que lles permitirá organizar a próxima edición da feira que terá lugar entre o 29 de setembro e o 1 de outubro, na capital, Saltillo. Este evento permitirá proxeccionar o potencial do turismo de

saúde en México e a súa capacidade como plataforma de atracción de turismo norteamericano e europeo. A cesión da testemuña tivo lugar durante un acto oficial que contou coa presenza de autoridades mexicanas E españolas. A delegación de Coahuila estivo encabezada por Luís Alfonso Rodríguez Garza, subsecretario de Turismo da Secretaría de Desenvolvemento Económico, Competitividade e Turismo, en representación do Lic. Rubén Moreira Valdez, Gobernador Constitucional do Estado de Coahuila de Zaragoza. Estivo acompañado por outros representantes institucionais e empresariais do Estado ademais de por o director rexional para Europa da secretaria de Turismo de México, Javier Aranda. A representación de Galicia correu a cargo do director do IGAPE, Javier Aguilera; do delegado territorial da Xunta, Rogelio Martínez, e por Alejandro Rubín, director de Termatalia. Durante este acto quedou patente o “compromiso e a responsabilidade do Estado de Coahuila coa organización do evento sobre turismo de saúde máis importante do Mundo que supón unha excelente oportunidade para consoli-

dar a Coahuila como o mellor destino do Norte de México para o turismo de negocios, saúde e benestar”, tal e como explicou subsecretario de Turismo da Secretaría de Desenvolvemento Económico, Competitividade e Turismo. Segundo datos de Global Wellness Summit, o mercado do turismo de benestar en América Latina e o Caribe xera ingresos por US\$26 mil millóns, o que re-

presenta un crecemento anual do 16%, dúas veces máis rápido que o crecemento mundial no gasto do turismo de benestar (7%). México é un centro de gran influencia do turismo mundial e rexional, situándose no posto número 11 a nivel mundial e captando case un de cada dous dólares gastados por concepto de viaxes de benestar (US\$10 mil millóns) na rexión.



■ José Carro Otero loubou Termatalia como referente mundial en hidroloxía.

7º SALÓN do Automóbil DO 23 Ó 25 DE OUTUBRO DE 2015 VEHÍCULO NOVO 	7º SALÓN do Automóbil VEHÍCULO DE OCASIÓN Do 30 de Outubro ó 1 novembro de 2015 	
RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE (OURENSE - GALICIA) www.expourense.org		
Organiza:   Praza Sarriá, s/n - 32005 - Ourense - España Tél.: +34 988 231 630	Participa:  Asociación para o desenvolvemento da industria automotriz en Galicia	Fomentado por:  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA  CONCELLO DE OURENSE  DEPUTACIÓN OURENSE  //ABANCA  Cámara Ourense  COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL DO CONSUMO  Ayuntamiento de Ourense  FERIA DE OURENSE

Guía gastronómica

A Nosa Casa desde 1972

Por: Jesús Losada

José Seara Barandela fundou en 1972 o restaurante A Nosa Casa. As instalacións contan con bar, comedor principal, dúas terrazas axardinadas e amplo aparcadoiro. Na adega,



■ José Seara Barandela.

viños das cinco denominacións de orixe galegas ademais de Rioxo. Ribeiro do Douro e Xerez. A cociña ofrece carnes, peixes e mariscos. As especialidades son os pratos de temporada, a caza e as ostras. Para a sobremesa, ampla oferta con especialidades de leite frito e flan caseño con nata. Logo de 43 anos en activo, José Seara e o persoal do establecemento siguen a ofrecer un trato familiar e cordial. A Nosa Casa, que pecha os martes por descanso do persoal, admite tarxetas de crédito e anota reservas chamando ao teléfono 988 22 22 27. Está situado en Carroleiro, 2. Cebo-liño, a dous quilómetros de Ourense pola estrada OU-536.



■ Terraza exterior.



■ Terraza interior.



■ Comedor principal de A Nosa Casa.



PONTEAREAS

Ponteareas sancionará a locais hostaleiros por incumprimento da ordenanza

O Concello de Ponteareas sancionará a varios establecementos hostaleiros da vila por exceso de ruído e por incumprimento do horario establecido na ordenanza municipal para a instalación de terrazas na vía pública. Os feitos aconteceron durante a pasada semana e vulneran unha normativa que a concellería de Hostalería e Comercio, xestionada por Mario Lago, xa anunciou en reiteradas ocasións que ía “aplicar con máximo rigor”.

O incumprimento por parte destes establecementos tivo lugar entre semana, é dicir, no período comprendido entre o luns e o xoves. Durante o dito período, a ordenanza municipal especifica que as terrazas poden estar instaladas na vía pública até ás 01:30 horas, tendo “ao rematar o horario de funcionamento da terraza, un prazo máximo de 30 minutos para proceder á retirada de todo o mobiliario da vía pública”.

Un dos locais que será sancionados tiña instalada a terraza na rúa, segundo o informe da Policía Local, ás 04:44 horas do luns, 21 de setembro, “excedendo con creces o horario permitido” e molestado aos veciños da zona, “pois foi precisamente un deles o que avisou aos axentes a través dunha chamada telefónica”.

A normativa municipal establece que o incumprimento desta obriga de recoller o mobiliario da terraza por un tempo superior a dúas horas “constitúe unha infracción moi grave, sancionada con multa de 501,00 euros a 1000,00 euros”.

Día de San Miguel

A concellería de Hostalería e Comercio tamén ten previsto reunirse con varios hostaleiros que rexentan establecementos na Praza Maior da Vila polo excesivo número de mesas e cadeiras que determinados locais utilizaron nas súas terrazas durante o día de San Miguel, o que dificultou o tránsito de peóns e a celebración dalgúns eventos previstos para este festivo local.

A intención do concelleiro neste caso non é a de sancionar, senón a de recordar a normativa vixente nesta materia. En calquera caso, se os feitos se repetiran, dende o goberno local si se quere lembrar que a instalación de elementos de mobiliario da terraza non previstos na licenza ou en número maior dos autorizados ea ocupación de superficie maior á autorizada supoñen dúas infraccións “graves, sancionadas, segundo con multas de 101,00 euros a 500,00 euros”.

O concelleiro da área, Mario Lago, quere pedir desculpas polas molestias xeradas aos veciños e veciñas da vila e promete “seguir traballando para que a instalación de terrazas non sexa causante de problemas de convivencia na vía pública entre os hostaleiros e os viandantes”.

Coral do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas co gallo da misa de San Miguel 2015



■ Como xa ben sendo habitual, a Coral do Centro Artístico Sportivo actuou durante a misa celebrada na honra do Patrono de Ponteareas, San Miguel Arcángel.

Ponteareas contratará a 34 persoas desempregadas

A Deputación de Pontevedra asumirá o custo total dun plan de emprego que permitirá crear postos de traballo en diferentes áreas

Ponteareas participará no plan de emprego convocado pola Deputación para financiar a prestación de diversos servizos básicos de competencia municipal a través da contratación de 34 persoas desempregadas. O Plan conta con axudas que financian o custo salarial total e a seguridade social dos traballadores durante o prazo de dous meses.

A xornada laboral será de 35 horas semanais e o importe bruto mensual subvencionado pola Deputación será de 973 euros por cada traballador.

Os servizos que se van prestar serán de interese xeral ou social e permitirán reforzar moitos que xa son prestados polo concello en réxime de administración directa. Todas as persoas interesadas en participar no proceso de selección “deberán ser persoas desempregadas, non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos

económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI, PREPARA e outros similares), inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato”.

O Concello de Ponteareas será quen realice a selección definitiva dos candidatos mediante un proceso de selección que desenvolverá un tribunal formado por funcionarios.

As categorías profesionais que o consistorio ten previsto contratar son as de técnico auxiliar de cultura ou turismo, técnico auxiliar de medio ambiente, auxiliar administrativo, albanel, fontaneiro, limpador e peón. O número de prazas asignadas a cada categoría será comunicada polo Concello nos vindeiros días, antes de que as ofertas sexan presentadas na Oficina do Servizo Público de Emprego.

LOS niños son auténticos GENIOS

desarrollamos su aprendizaje
!para toda la vida!

**DESARROLLO
INTELLECTUAL
POR MEDIO DE
ÁBACO**

PARA NIÑOS DE 5 A 7
AÑOS Y DE 8 A 13 AÑOS

LUGAR: CENTRO SPORTIVO
PONTEAREAS

C/ Rúa Vidales Tomé, 2

CONTACTO: 658 789 485

Condado / Paradanta

PONTEAREAS

O Goberno Local fai balance dos 100 primeiros días de lexislatura



Xosé Represas, María Jesús Garrote e Manuel Troncoso, voceiros das tres formacións

Os tres representantes salientaron o clima de entendemento e diálogo existente entre as distintas forzas do executivo

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, a primeira tenente de alcalde, María Jesús Garrote, e o cuarto tenente de alcalde, Manuel Troncoso, actuaron como voceiros dos tres partidos que forman o goberno municipal para facer un repaso do acontecido ao longo dos “primeiros e intensos” 100 días de goberno da presente lexislatura.

Herdanza recibida

A comparecencia serviu, en primeira instancia, para dar conta da herdanza que deixou o pasado executivo municipal, especialmente

no que se refire ás débedas sen contabilizar. Ademais das débedas que xa foron publicadas polo actual goberno municipal recentemente hai que sumar agora a reclamación por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 370.445,65 euros polos gastos que a Xunta lle reclama ao Concello na xestión do Centro de Día da vila ponteareá.

Un Concello que tamén terá que asumir o pagamento de “diversas facturas atopadas nos caixóns por valor de máis de 60.000 euros, dos intereses de demora xerados no contrato cunha empresa construtora que superan os 138.000 euros, e das indemnizacións a diversos traballadores municipais”.

A estas cantidades é preciso engadir o déficit anual de 50.000 euros que a Estación de Autobuses leva xerando dende 2011, ano no

que caducou o convenio de cesión por parte da Xunta ao Concello; e os 20.000 euros que o representante legal da anterior empresa concesionaria do servizo de grúa municipal deixou de pagar pola súa estancia en réxime de aluguer nunha vivenda municipal durante varios anos.

Transparencia e loita contra a corrupción

A posta en coñecemento de toda a veciñanza de casos coma o do servizo de grúa e a personación do Concello de Ponteareas na causa xudicial aberta pola Operación Patos, na que están implicados o anterior alcalde, Salvador González Solla, e a ex concelleira de Facenda, Belén Villar, amosan a “firme vontade do actual equipo de goberno de actuar con transparencia e defendendo os intereses e os cartos de todos os veciños de Ponteareas”.

Medidas tomadas

“Todas as medidas que se prometeron durante a campaña electoral e que se podían levar a cabo nesta primeira fase, foron executadas”. Así se referiu Xosé Represas a actuacións como a súa renuncia a cobrar o seu soldo como alcalde para investir eses cartos en políticas activas de emprego que “permitirán, nos vindeiros meses, subvencionar a creación de postos de traballo a través dun apoio económico á contratación indefinida, temporal a ao autoemprego”; ou a anulación dun proceso de consolidación de prazas que “impedirá dotar de legalidade a varios postos de traballo que en varias sentenzas xudiciais xa figuraban como carentes do cumprimento da normativa mínima esixida para a súa creación”.

Un goberno segundo o propio rexedor, ofrece “estabilidade ao Concello por primeira vez dende 1999”, tal e como sinalou Manuel Troncoso, quen tamén aproveitou para facer fincapé “na claridade do noso programa e no noso compromiso de cumprilo paso a paso.”

A aprobación do PXOM, “polo bo camiño” María Jesús Garrote, primeira tenente de alcalde e responsable de Urbanismo, anunciou que “unha vez realizadas as últimas modificacións esixidas polo informe emitido dende a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que entrou no Concello no pasado mes de xullo, polo que o pasado 31 de agosto se iniciou o proceso de consenso cos diferentes grupos da políticos da Corporación”. A edil de Urbanismo tamén quixo salientar que “as previsións para conseguir que o Plan Xeral vaia acompañado de solo industrial grazas á habilitación do Parque Empresarial da Lomba tamén segue a folia de ruta marcada”, polo que poderíamos estar en condicións de presentar o PXOM no pleno, para a súa aprobación, a finais deste ano, quedando pendente, a partir dese momento, da aceptación definitiva por parte da Xunta de Galicia”.

Malgasto do diñeiro público

O alcalde, Xosé Represas, tamén quixo incidir no excesivo gasto que determinadas partidas tiveron durante o mandato do anterior goberno local, poñendo como exemplo os “146.282,31 euros que se gastaron na pasada edición do Corpus Christi, tal e como figura no departamento de intervención do Concello”.

Represas recordou que “os alfombreros, principais protagonistas desta festividade, só tiveron asignada unha cantidade aproximada de 20.000 euros, polo que parece dificilmente comprensible que se poidan gastar 125.000 euros noutras cuestións”. Este goberno, a través da concellería de Cultura que xestiona Hortensia Bautista, “ven de demostrar que se pode deseñar unha programación atractiva e variada, durante todo un mes, como a que se está a realizar nas presentes Festas de Setembro, pola metade dos cartos utilizados na Festa de Corpus”.


O monologuista Oswaldo Digón actuará no Centro Cultural de Xinzo

O coñecido humorista galego será o protagonista da Casa Cultural desta parroquia ponteareá o vindeiro domingo, 4 de outubro

O Centro Cultural de Xinzo acollerá, o próximo domingo 4 de outubro a partir das 20:00 horas, a celebración dun monólogo a cargo do humorista natural de Cervantes, Lugo, e afincado na Coruña, Oswaldo Digón. Digón, que tamén conta cunha dilatada traxectoria no eido teatral, é principal-

mente coñecido no ámbito dos monólogos pola súa participación en programas televisivos de humor, tanto estatais como autonómicos.

Os socios e as socias do Centro Cultural de Xinzo poderán entrar de maneira gratuíta, mentres que o resto de persoas deberán aboar unha cantidade de 3 euros.



Condado / Pararanta

PONTEAREAS

"Curuxa" unha cervexa artesanal e nocturna



■ Inmaculate Fools

O día 18 presentouse no "Bar de copas JJ" de Ponteareas a cervexa estrela de Galian Brew, "Curuxa". Esta empresa con sede en Padróns (Ponteareas) non dudou en presentarse coas súas mellores vestimentas, engalanando o "JJ" con diferentes pancartas e banderolas, Photocall incluído. Os grifos tiraban cervexa para a súa degustación, persoas con

gañas de probar a auga de Padróns enriquecida con diferentes maltas e lúpulos e para disfrutar do que se presumía unha noite máxica.

Adentrada a noite fixo aparición Isabel Vieitez (propietaria da empresa), sevillana de nacemento con corazón e alma galega, para contarnos como lle xurdíu a idea de fabricar cervexa artesana nas terras do

Condado. Logo dunha breve presentación chegaba o prato forte da noite, o maridaxe perfecto, Miguel Costas, o exintegrante da banda Viguesa Sinistro Total e compositor de moitos éxitos do grupo Galego como "Bailaré sobre tu tumba" ou "Miña Terra Galega", temas interpretados esa noite cos que non defraudou e fixo cantar a todos os alí presentes.

Por si esta presentación non fora suficiente, o luns 21 a mítica banda "Inmaculate Fools" conquistaba o "JJ" e ós ponteareanos, cun concerto acústico en directo coa finalidade de grabar o primeiro programa da nova temporada "Sempre queda o Rock", programa oficial do evento musical "Rock in Río Tea". O momento álxido para

empresa Galician Brew, foi cando un membro da banda profesou o seu amor a "Curuxa" e "Sabela", as dúas cervexas que polo momento fabrica e comercializa "Galician Brew", invitando ós responsables da marca a que empecen a exportarlal para que poidan chegar ó seu país e así disfrutala nas súas casas.



■ Miguel Costas

Ponteareas divulga programa de "Detección precoz do cancro de mama"

O programa galego de detección precoz do cancro de mama contará coa colaboración do Concello de Ponteareas a través da concellería de Sanidade que xestiona Vanesa Fernández. O goberno ponteareá quere axudar na difusión dun programa promovido pola Dirección Xeral de Saúde Pública, dependente da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. A propia Xunta será a encargada de remitir nas próximas datas as cartas a todas as mulleres empadroadas en Ponteareas con idades

comprendidas entre os 50 e os 69 anos, de xeito que todas elas poidan someterse a unha mamografía. Trátase dunha técnica que permite detectar tumores de pequeno tamaño antes de que sexan palpables e produzan síntomas. Tanto o lugar o como día no que se poderán someter a esta proba será especificado na propia misiva. O pasado ano 2014, un total de 2.200 mulleres ponteareás foron avisadas, das cales 1.800 realizaron a proba. Destas últimas, un total de 60 mulleres deron positivo. Para obter máis información posible chamar ao número de teléfono 981 14 14 14, ou acudir ao departamento de Sanidade do Concello de Ponteareas. Vanesa Fernández quere "recordar a importancia que a detección a tempo dun cancro de mama pode ter na vida futura de moitas mulleres".



Ponteareas abriu o prazo de inscrición para as escolas deportivas da Deputación



■ Interior do pabillón.

A concellería de Deportes, xestionada por Benito Márquez, vén de abrir o prazo de inscrición para as Escolas Deportivas organizadas pola Deputación, nas que poderán participar nenos e nenas que teñan idades comprendidas entre 5 e 15 anos dende o vin-

deiro 1 de outubro de 2015 até o 30 de maio de 2016.

Ponteareas contará cunha escola de balonmán que terá lugar no pavillón Álvaro Pino e cuxas sesións serán impartidas os luns dende as 18:00 até as 20:00 horas e os venres dende as 16:00 até as 18:00 horas; e

tamén cunha escola de judo que se celebrará nas instalacións do CEIP Fermín Bouza Brey, cuxas sesións serán impartidas os luns dende as 18:00 até as 20:00 horas e os mércores dende as 18:30 até as 20:30 horas.

Estas escolas non teñen límite de prazas, polo que dende a concellería de Deportes quérese animar a todas as persoas interesadas a realizar o proceso de inscrición, cuxo prazo non ten unha data límite. Para efectualo é preciso cubrir unha ficha que pode ser descargada dende a páxina da Deputación de Pontevedra a través desta ligazón ou recollida no Departamento de Deportes do Concello de Ponteareas. A mencionada ficha, unha vez cumprimentada, deberá ser presentada no rexistro municipal do Concello de Ponteareas.

Condado / Pararanta

PONTEAREAS

O grupo EFECTO POLILLA de Teo (A Coruña) gaña o Concurso de Gaitas de Ponteareas.



O xurado da XLVIII edición do Concurso de Gaitas de Ponteareas acordou conceder o Primeiro Premio ó grupo “EFECTO POLILLA” de Teo (A Coruña). Dito cuarteto estaba composto por, Xexús Rodríguez Callejón, Pablo Dalama Piñeiro, Miguel Anxo López Buján e Ricardo González Martínez.

O primeiro premio do Concurso de Gaitas de Ponteareas está dotado de 1.800,00 euros, diploma e medallas conmemorativas.

O segundo premio, dotado de 1.200,00 euros correspondeulle ó grupo “LUDOVAINA” de Cangas.

O terceiro premio, dotado coa cantidade de 900,00 euros foi para o grupo “VIRUTAS DE ÉBANO” de Vigo.

O cuarto premio, con un importe de 600,00 euros foi para o grupo “MARAGHOTAS” de Vigo.

O Concello de Ponteareas adicou esta edición do concurso de gaitas e entregou un diploma honorífico, a título póstumo, a D. Constante Ledo Sobrino (Cristiñade 1920 - 2008), percusionista, tocaba o bombo, e formou parte da Banda de Música de Cristiñade, do Rancho de Reis de Cristiñade, da Banda de Música de Gulán e, entre outros, do grupo de Gaitas “Anduriñas de Cristiñade”, co cal acadou un 2º premio no concurso de gaitas de Ponteareas. Recolleu o diploma o seu fillo, Rodolfo Ledo.

Sinalar que na xornada de hoxe participaron un total de quince grupos, o número máximo de acordo coas bases do concurso, quedando fora dous grupos por sobrepasarse o número máximo de participantes.



Obradoiro de emprego para vinte veciños e veciñas

A presentación tivo lugar no Centro de Desenvolvemento Local do concello e contou coa presenza do alcalde, Xosé Represas, da primeira tenente de alcalde, Chus Garrote, da secretaria territorial da Xunta en Pontevedra, Ana Ortiz e outros membros da corporación e do goberno local.

Este obradoiro de emprego, que conta cun investimento de 200 mil euros, axumidos pola Xunta e o Concello, permitirá que estas persoas se formen nos eidos de atención sociosanitaria e deseño gráfico durante os próximos 6 meses, ao tempo que gocen dunha asignación económica equivalente ao salario mínimo interprofesional. Serán contratadas polo propio Concello a través de contratos de formación.

O alcalde adquiriu o compromiso de desti-

nar cada ano a partida económica necesaria para que os Concellos poidan contar nos vindeiros catro anos con obradoiros de emprego.

O Alcalde agradeceu a presenza da Secretaria Territorial da Xunta en Pontevedra, Ana Ortiz, anunciando “pediremos á Xunta de Galicia que colabore á hora de poñer á nosa disposición estes obradoiros de emprego para que nestes catro anos poidamos contar, cada ano, cun novo obradoiro, ben relacionado con estas áreas ou ben cos eidos medioambientaleco a recuperación do patrimonio”.

Pola súa banda, Ana Ortiz, “salientou que este tipo de obradoiros teñen unha alta porcentaxe de inserción laboral unha vez rematada a formación”, polo que “desexou que continúe sendo así con esta edición”.



■ FOTO ANEXA (de esquerda a dereita): Milagros Calviño, directora do obradoiro; Xosé Represas, alcalde de Ponteareas; Ana Ortiz, secretaria da Delegación Territorial da Xunta en Pontevedra; e Manuel Martínez, director do Centro de Desenvolvemento Local.

O Club “Café Goya” de Ponteareas conquista a Copa Galicia

O torneo tivo lugar en Santiago de Compostela a pasada fin de semana e os deportistas ponteareáns conseguiron o primeiro posto nas modalidades de “parellas” e “equipo”.

Os xogadores Brais Pino, Juan José Núñez e Roberto Baz, todos membros club de billar ponteareán “Café Goya”, veñen de proclamarse campións da Copa Galicia por equipos. O torneo, que se disputou no Centro Comercial Área Central de Santiago de Compostela, tamén serviu para ver como Brais Pino e Juan

Núñez saían vencedores na competición por parellas, acadando deste xeito un dobrete que pon de manifesto o gran estado de saúde deste deporte na vila do Tea. Trátase da máxima categoría do billar autonómico.

Luciano Novoa, membro do club ponteareán “Café Goya”, non dubida á hora de afirmar que na “comarca do Condado hai moitos xogadores que atesouran unha enorme calidade”, chegando, algúns deles, a “disputar o campionato do mundo amateur en divcersas ocasións”.



■ Ramón Fernández, Ramon carrera, Clemente González, Benjamín Gómez, Luciano Novoa

PONTEAREAS

O Goberno local anuncia un Plan Estratéxico de Turismo para Ponteareas

O Alcalde de Ponteareas reuniuse coa Secretaría Xeral de Turismo, Nava Castro, á que solicitou apoio financeiro e técnico para elaborar un Plan Estratéxico de Turismo para o Concello de Ponteareas.

Na devandita reunión tamén estiveron presentes, ademais do alcalde Xosé Represas, outros membros do goberno local como a primeira tenente de alcalde, María Jesús Garrote, a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista e o concelleiro de Medio Rural, Manuel Troncoso. O rexedor afirmou que “até hoxe en Ponteareas non existiu política turística, nin existe un Plan de Turismo que defina as potencialidades da localidade e as actuacións a executar a medio, curto e longo prazo”. O alcalde adiantou que o goberno traballa para elaborar un Plan Estratéxico de Turismo no que se analizarán todas as potencialidades turísticas de Ponteareas e as medidas concretas que hai que poñer en marcha durante os vindeiros que resumiu en tres liñas concretas: por unha banda o patrimonio cultural, arquitectónico

e artístico que en Ponteareas é rico, variado e abundante e que debe ser posto en valor no seu conxunto (cultura castrexa, o románico, o medievo, até a idade moderna e a contemporánea; a maiores temos o patrimonio inmaterial do Corpus como manifestación cultural excepcional”. A segunda liña pasa polos espazos naturais, co río Tea, o seu entorno e o seu valor ecolóxico, paisaxístico e de ocio ambiental, de recreo e deportivo, complementado con outros espazos naturais como A Picaraña que debemos converter nun grande parque forestal”. A terceira liña sería converter a Ponteareas no concello referente da música en Galicia; en especial, da música clásica coas figuras excepcionais de Reveriano Soutullo e Rogelio Groba, promovendo un turismo musical-cultural cunha gramación estable ao



longo de todas as épocas do ano”.

Cun plan así, conclúe Represas, “conseguiremos que os turistas vexan no noso concello un lugar

que merece a pena visitar, o que redundará positivamente en sectores como a hostalería, o comercio ou a rede de aloxamentos de turismo rural.”

O Alcalde cualificou de cordial o encontro coa Secretaria Xeral de Turismo, salientando a receptividade ás propostas presentadas.

Converter A Picaraña nun grande parque forestal



O Concello de Ponteareas ofrécese a redactar un Plan Director que defina as potencialidades do monte e as actuacións a executar nos vindeiros anos. No encontro das CMMC de Ponteareas, Arcos, Bugarín e San Lourenzo de Oliveira co Alcalde e o Concelleiro de Medio Rural, tratouse de dar os primeiros pasos para converter o monte da Picaraña nun grande parque forestal de ocio e valor ambiental. Todas coincidiron na necesidade de recuperar A Picaraña desde o punto de vista medioambiental, para ocio e lecer, así como oferta turística. O Alcalde xa tratara este tema coa Secre-

taria Xeral de Turismo nas conversas que recentemente mantiveron os dous políticos.

O Concello ofrece ás CCMMMMCC un Plan director para poñer en valor todas as potencialidades que A Picaraña ofrece. Isto debe comezar xa no 2016.

. Obras de mantemento no rural

O goberno local prevé realizar nos vindeiros meses diversas accións de mantemento das infraestruturas no rural. Completar o desbroce de pistas e camiños en todo o rural, será o máis in mediato. Mantemento das pistas; a revisión do alumeadado público; e a mellora do servizo de recollida do lixo.

O Concello de Ponteareas preséntase como acusación no caso da Operación Patos

A Xunta de Goberno do Concello de Ponteareas acordou presentarse como acusación particular na causa xudicial que investiga a corrupción destapada na operación Patos. No marco de dita operación, a UDEF (Unidade de Delincuencia Económica e Fiscal) atribúe ao ex alcalde do PP, González Solla, e á ex concelleira de Facenda, Belén Villar, delitos de prevaricación, falsidade documental e contra a facenda pública. Segundo a UDEF, as presuntas actuacións delitivas están relacionadas coa conce-

sión da estación de tratamento de auga potable e a as falsidades na xustificación de diferentes subvencións. Esas actuacións puideron danar ao concello causándolle un prexuízo económico, o que xustifica que o Consistorio formule unha acusación particular paran esixir a responsabilidade civil, se a houbera, que corresponda en cada caso, informan dende o Concello..

Dende o Goberno anuncian a constitución dunha comisión de investigación que depure as responsabilidades políticas

Curso de monitor de ocio e tempo libre

A concellería de Mocidade do Concello de Ponteareas, dirixida por Verónica Carrera, ofrece un curso de monitor de ocio e tempo

libre, dende o pasado 19 de setembro até 21 de novembro. A formación, subvencionada polo propio consistorio, conta cun total de 22 alumnos. O curso consta dun total de 200 horas, teóricas e de 150 horas prácticas..O obxectivo é formar ás persoas participantes para que sexan capaces de realizar actividades socioculturais e recreativas..Será impartido os sábados e domingos en horario de 09:00 a 14:00 horas polas mañás, e en horario de 16:00 a 21:00 horas polas tardes.

Guía gastronómica

Carnes e sobremesa en Casa Elvira

Casa Elvira é un restaurante de estilo rústico con capacidades para 40 e 50 comensais. A cociña ofrece comida tradicional e casaleira. Situado no mosteiro de Santa María de

Montederramo abre de 11 da mañá ata as once da noite. Ten dúas plantas, abaixo o bar e arriba o comedor, dividido en dous niveis. A decoración é totalmente rústica, xa que se manteñen as paredes de pedra do mosteiro, combinándose con moita madeira e obxectos antigos. Rexéntano Darío Fernández Darriba e Jorge González Lamelas, mozos con ilusión e ganas de achegar o seu selo propio a este establecemento situado nunha paraxe excepcional.



■ Jorge González Lamelas

“ Os champiñóns recheos, a empanada de bacallau e pasas, as extraordinarias croquetas de xamón, o jarrete acompañado dunhas sensacionais castañas da zona, cordeiro e así un longo etcétera” sinala un cliente. “Mención especial a paella de marisco que encargamos. Extraordinario acompañamento (lagostinos, ameixas, gambas, bacallau e mesmo vieiras) nun arroz caldoso cociñado no seu punto. Moi recomendable. A carta de viños moi correcta, destacando os viños da zona. O servizo moi amable e buscando que sintas realmente a gusto, entre amigos, en casa”, é outra opinión de comensais en agosto. “Pedimos unha tapa de callos, champiñóns recheos, chipiróns e xarrete con salsa de castañas. Todo estaba exquisito, a atención foi moi agradable e o servizo rápido. De sobremesa unha torta de piña e musse de chocolate. Todo moi especial. Estupendo local, bo servizo e magnifico menú a un prezo alcanzable. Para volver sen dúbida” comentaron outros clientes. “Atención amable e



■ Un dos comedores de Casa Elvira.

primeiros pratos de calidade, ensalada de rulo de cabra moi boa e uns revoltos ben feitos e saborosos; de segundo pedimos entre outras cousas un chuletón de vaca e entrecot de tenreira. Magnífica carne e no seu punto, e boas sobremesas. Sitio para volver sen dúbida”, en opinión de clientes. “A carne era gustosa e tenra, moi ben presentada en pratos quentes de barro refractario. Cando chegou á mesa aínda chisporroteaba. Moita variedade de sobremesas caseiras e moi bos. A atención excelente, amable e cordial. Mentres esperabamos a carne trouxéronnos uns petiscos xentileza da casa. Seguro que repetimos nas próximas vacacións, no verán”, segundo comentario de forasteiros. “Comida moi boa, tomamos uns callos caseiros de verdade. Pero calidade e can-

tidade de carne moi moi bo. As sobremesas impresionantes. Trato moi bo. Recomendable parar a visitar a súa contorna” asegura una familia de Chandrea de Queixa. “Fomos a cear un domingo de noite alí, ao entrar o mozo moi amablemente pediunos que esperásemos na barra mentres nos colocaba a mesa no comedor da primeira planta. Todo moi agradable, ata nos acendeu a cheminea para nós sós. Pedimos para picar un pouco de queixo, e logo compartimos un entrecot e ensalada de rulo de cabra, ambas as racións abundantes e a carne deliciosa. De sobremesa unha torta caseira tamén moi rica. O prezo non é nada caro en relación á súa calidade, saímos encantados. Ademais trato do mozo foi excelente. Para recomendar”. Comentario dunha parella de noivos.



CAFÉ BAR VIDE

Desaiunos. Petiscos. Tapas.
Fabada. Paella. Callos (domingos)

Rúa Murillo, 25. Tfno 988 61 65 58. O COUTO. Ourense.



CASA ELVIRA

Praza de Montederramo, 20 Tfno. 988 29 20 19
restaurantecaseelvira@gmail.com

Chuletón de vaca.
Jarrete estofado con castañas.
Fabas con ameixas.
Codillo ao forno. Cordeiro asado.



Angulas • Caza

Terraza. Aparcadoiro.

Tfno. 988 222 227 - 610 791 813. Fax 988 251 032. Carroreiro, 2 - Ceboliño (Ourense).



BAR ORELLAS

Especialidades:

Polbo prensado tipo encantamento. Cachucha e lacón prensado.
Rabo, orella, patetilla, lombo, chorizo, salchichón e morcón ibéricos.
Queixos: Arzúa, manchegos e frescos.

Santa Domingo, 3 OURENSE. 988 37 25 59

Condado / Paradanta

A Oposición tamén goberna (Ponteareas)

O servizo do guindastre municipal foi sacado a concurso en dúas ocasións dende o ano 2013



Para a concelleira do Partido Popular de Ponteareas, Belén Villar, as manifestacións feitas polo goberno municipal e pola concelleira de seguridade nos medios de comunicación, sobre o servizo do guindastre demostra descoñecer as xestións feitas polo goberno sainte nos últimos anos. Na lexislatura pasada o goberno local sacou a concurso o servizo do guindastre municipal en dúas ocasións, quedando sempre deserto. En maio do 2013, elaborouse un prego de condicións; en xuño licitouse o servizo. O concurso quedou deserto por falta de ofertas. O prestatario debería contar cun depósito con espazo para 40 vehículos, a menos de 5 kilómetros do núcleo urbano de Ponteareas. Debería

garantir a retirada dos vehículos sinalados pola Policía local nun tempo máximo de 15 minutos. Por este servizo o Concello ofrecía 14.520 euros al año, IVA incluído. Recurriuse a un procedemento de negociado sen publicidade para conseguir un novo prestatario e otorgar o contrato do denominado "Servicio Público para retirada e custodia de vehículos da vía pública", aprobado en xunta de goberno en xullo de 2013. Igualmente quedou deserto. No servizo do guindastre, sempre foi a Policía local quen decidía qué coches debían ser retirados, levantaba acta e avisaba o guindastre para que actuara. Eran os axentes da Policía local os encargados de custodiar os vehículos e de devolvelos ao con-

ductor cando estaban retidos no depósito municipal. Se a concelleira de Tráfico e Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, detectou que no depósito existen vehículos e materiais de "orixe ilícita" o que debe facer é abrir unha investigación, e si o cobro non se facía correctamente, debe pedir explicacións ao funcionario responsable da recaudación municipal no Concello, e deixarse de facer acusacións contra o Partido Popular. Finalmente informarle que o goberno anterior negociou con tres empresas de Ponteareas que dispoñen de guindastre para conseguir un acordo para prestación do servizo; ningunha se interesou pola oferta. Esa é a xustificación de por que hai no Concello de Ponteareas un contrato do ano 2001, que se foi renovando ano a ano, ata conseguir buscar unha solución pola vía da licitación. O que debe facer a Concelleira Vanesa Fernández, é deixarse de alarmar a poboación e porse a traballar na elaboración dun prego de condicións, técnicas e económicas, para o cal debe dotar unha partida axetada no presuposto.

O PP botoulle un pulso ao goberno

Segundo información dos populares de Ponteareas, despois dun forte debate sobre a modificación fiscal de terrazas na vía pública, no que o PP acusaba ao goberno de non acadar un consenso cos distintos grupos da Corporación Municipal e cos hostaleiros, á petición do voceiro do PP, o goberno retirou o asunto da orde do día. González Solla (PP), recordoulle ao novo Concelleiro de Comercio, que na pasada lexislatura, o goberno que el presidía modificara varias ordenanzas, entre elas, a

das terrazas, venda ambulante... , pero sempre promovendo a participación de todos para acadar un maior consenso entre as partes.. Agora no novo goberno practícase todo o contrario de cando estabades na oposición, moita demagogia, moita propaganda e pouco ou nada de consenso. O portavoz do PP afirmou que o que estaba pasando nestes últimos meses era moi preocupante, tanto para esta Corporación como para os propios hostaleiros, xa que segundo as manifestacións

do Concelleiro na prensa, Ponteareas parecía unha cidade sen lei e que todos os hostaleiros son uns infractores. González Solla, criticou ao Concelleiro de que despois das reunións mantidas cos hostaleiros foi incapaz de chegar a ningún acordo con eles e o único que fixo foi crear un problema onde non o había. Finalmente, solicitoulle ao alcalde a retirada do punto da orde do día, cousa que o Alcalde fixo. Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Ponteareas.



A moción de EU aprobouse por unanimidade

O concelleiro de EU-son, Lino Costas, presentou unha moción na que, ademais de declarar Ponteareas coma vila acolledora de persoas refuxiadas, faise referencia ás causas que provocan que millóns de persoas sexan desprazadas dos seus fogares. Entre os acordos que contén a moción, destácanse algúns como que o Concello de Ponteareas faga unha relación de lugares de propiedade municipal e habilite unha partida económica para xestionar a acollida; que esixa ao goberno de España e á Unión

Europea medidas políticas urxentes de tránsito, asilo e rescate para estas persoas e aborde dunha vez por todas as causas que provocan estes desprazamentos forzados. Por outra banda, ante as declaracións dalgúns políticos na liña de que "aquí non cabemos todos", sinalase que as 160.000 persoas refuxiadas que acollerá a Unión Europea, non son máis que unha pequenísima porcentaxe dos millóns de persoas que teñen que desprazarse forzosamente dentro do seu estado ou nos territorios veciños.

Negativa do Alcalde a varias mocións do PP

O portavoz popular denuncia a actitude prepotente do Alcalde á hora de non cumprir cos prazos establecidos nas normativas vixentes, negando reiteradamente a documentación solicitada polo PP e por e, sobre todo, non incluíndo, na orde do día do Pleno, tres mocións presentadas polos populares. As mocións presentadas solicitaban :a primeira o nome de Rogelio Groba Groba para o tramo da Avda. de Galicia entre a rotonda do cruce das Neves e o entronque

co Paseo Matutino. A segunda poñerlle ao Parque Forestal Urbano o nome de Gloria Ferro Ucha. E a terceira moción, solicitaba a comparecencia do Alcalde ou do Concelleiro de Persoal para que explicasen o acontecido co presunto roubo de gasóleo dos vehículos municipais. PP informa que denunciará estes feitos nas administracións públicas competentes, ao igual que fixo coa convocatoria da celebración ilegal da Comisión Especial de Contas.

Compromiso esixe a municipalización do servizo de auga

Segundo informa Compromiso X Galicia, no ano 2013 o concello dalle a xestión do servizo da auga ,a dedo, a Aquagest por 106.000€, cando un dos técnicos municipais informou de que o seu valor serían 92.000 euros.. Ao final có apoio do PP e ACIP e coa abstención do PSOE, a empresa AQUAGEST asumíu a xestión da Es-

tación Potabilizadora, informa Compromiso. Segundo os galeguistas, o contrato non é máis que unha chapuza que vincula ao Concello con AQUAGEST. Compromiso denunciara a adxudicación a dedo, sen concurso público, servizo que presenta un evidente sobrecooste. Agora sabemos que ditos contratos están sendo inves-

tigados pola UDEF e sinala a Salvador Glez. Solla e a Belén Villar como supostos responsables. Se a chapuza non era suficiente, cando sae a luz o caso de corrupción na que está sumido Aquagest, o concello permite que outra empresa Viaqua xestione o servizo sen pasar por un acordo plenario, intentando colar o traspaso como un

cambio de nome da concesionaria cando son empresas diferentes con distintos CIF, a pesar de que as mesmas teñan ao mesmo representante legal. Os galeguistas esixenlle ao goberno BNG, PSOE e Riada do Tea a municipalización do servizo de augas e que lle retiren o contrato a empresa concesionaria.

Tamén queren sinalar que " se deixin de facer demagogia có tema, porque levan 100 días de goberno e seguen mantendo en servizos en mans de VIAQUA sen ningunha medida preventiva , cando nestes intres anuncian que se van personar no caso PATOS e non rachan có lazo que une ao municipio con esta empresa.

Mondariz

O alcalde de Mondariz reúnese co xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O Gabinete de Prensa do concello de Mondariz informa que o alcalde Xoán C. Montes Bugarín, e a 1ª tenente de alcalde, Mónica Peralba, mantiveron unha reunión co xerente do Consorcio de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, Roberto Rodríguez, nun clima de cordialidade que serviu para abordar unha serie de cuestións de interese para a veciñanza de Mondariz. En primeiro lugar tratouse das filtracións de auga que padece o Centro de Día. O xerente comprometeuse a que os técnicos do Consorcio traballarán conxuntamente coa arquitecta municipal para resolver este problema. Comunicarlle que as persoas suarías do Centro queixanse do servizo de comida precociñada prestado pola empresa Airas Catering. O Xerente comprometeuse a facer un maior control



dom servizo e melloralo próximamente.

O Alcalde e a Tenente de Alcalde mostraron dispoñibilidade para

chegar a acordos co Consorcio na xestión e financiamento do Centro de Día, pero mostraron a súa desconformidade coa liqui-

dación do convenio de 4 exercicios (2010, 2011, 2012 e 2013) que fai o Consorcio ao Concello por un importe total de

287.052´20 € e o pagamento de 3.690 € / ano por usuario censado no Concello de Mondariz.

O Consorcio facilitará datos que o Concello lle solicitou para estudar e valorar a sinatura dese novo convenio co ente autonómico.

Gardería infantil

Por último, o alcalde propúxolle ao xerente a creación dunha Gardería en Mondariz; proxecto que o Xerente se comprometeu a estudar e valorar. O Alcalde recordou que a creación de escolas para as nenas e nenos de 0 a 3 anos é un dos obxectivos fundamentais do Plan de Dinamización Demográfica de Galicia que aprobou a Xunta de Galicia, e unha ferramenta esencial para fixar poboación no rural e garantir a recuperación demográfica de Galicia.

Máis de 400 participantes competiron na I Carreira Popular de Mondariz



O Concello, organizador do evento deportivo, agradece a Aguas de Mondariz como patrocinador, que de forma conxunta seguen a respaldar o deporte galego

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, e o grupo de goberno municipal, participaron na tardiña do pasado sábado no acto de entrega de premios da I Carreira Popular Concello de Mondariz, que mobilizou a un milleiro de persoas, entre participantes, familiares e organizadores. Na entrega de premios tamén

estiveron presentes representantes da empresa Augas de Mondariz S.A e La Caixa, que doaron diversos trofeos. Os vencedores absolutos desta primeira edición foron Diana Rodríguez e Alberto Bastos nas categorías feminina e masculina respectivamente.

A proba, na que se inscribiron un total de 201 adultos e 214 nenas e nenos pequenos, estivo dividida en varias categorías en función da idade dos corredores e corredoras participantes: absoluta, cadete, infantil, alevín, benxamín, preben-

xamín e "pitufos". A proba contou con cronometraxe oficial a cargo dunha empresa especializada e obrigou a reordenar todo o tráfico na vila durante a tarde. O Concello de Mondariz quere trasladar o seu máis sincero agradecemento aos comerciantes de Mondariz e a algunhas empresas de Pontearreas, ás persoas voluntarias (Protección Civil, Policía Local, profesionais sanitarios da vila, etc...) que coordinaron e organizaron o evento en colaboración co Concello. Sen o seu labor altruísta e xeneroso non tería sido posible este éxito deportivo que sitúa a Mondariz no círculo de carreiras populares de Galicia.

Recoñecemento a Calo e a Ka

Por último o alcalde fixo entrega de senllas placas conmemorativas a Ricardo Pardo (Calo), que tamén fixo de animador da proba, por ter organizado en Mondariz durante 25 anos o Maratón Memorial Javier González Casanovas. O goberno municipal tamén aproveitou para facer entrega doutro recordo a Juan Carlos Pérez (Ka) pola súa participación activa e meritoria na maioría das edicións destes maratóns. Ceferino Taboas, exatleta de Mondariz, deu a saída en todas as categorías.



Pregón das festas de O Porriño



■ Areta Bolado con Carrera e a Alcaldesa..

FOTO: Hernández

Aí, que presentación, parezo alguén ilustre e todo! Que sorpresa estar aquí dando o pregón e non estar concursando no tes talento! Teño que dicir, que sei que é tradición facer o pregón aí, na torre, mais eu me sentía un pouco rara. Raúl Francés deume a elixir: podes facelo aí arriba ao estilo LadyDi ou no palco como Juana de Arco alentando ás masas. E claro, eu que sempre fun moi guerrilleira, elixin o palco. Creo que a alcaldesa prefería arriba entón eu lle propuxen que ela me presentase desde arriba e eu respondese desde abaixo, facendo unha escena cómica ao estilo Romeo e Xulieta no balcón. Pero non lle pareceu ben. (Igual non che parece ben que estea a contar isto pero, claro, os bufoes sempre se mofaron un pouco do Rei).

Alegrome de ver xente nova/entendo que non haxa moita xente nova. Porque esta é a hora de cear e comezar a prepararse para saír pola noite. As festas do Porriño para min e para toda a rapazada tiñan unha función moi importante e trascendente nas nosas vidas. Era a de rito de paso. Iniciábaste na saída nocturna. Primeiro tiñas unha dura negociación cos teus pais:

- Mira, vou ás festas, podo volver ás 4?

- Ás 4? Ti estas tonta? Máximo ás 2, que pensas que vou estar esperta ate esa hora?

Porque os pais están todos programados para quedar espertos ate a hora na que chegas. E, bueno, despois da negociación xa podías ir ao chimenea, á cova, ao tubular...e aquel local que é xa historia, o Aguililla. Pois ben, o que quería dicir era que é sorprendente verme aquí no palco e non aí abaixo bailando cunha orquestra. Cando se fixo público que me nomearan pegoira das festas todo o mundo me preguntaba: E como te sintes? (A pregunta é un pouco como aquel anuncio que dicía, "a que huelan las nubes?")

E eu sempre me lembro dunha cousa que lle dixon un cura a unha amiga. "Si te bautizas vas anotar la diferencia". Pois para responder a toda esa xente que me preguntou, eu sintome igual. Que estades pensando? Que non se sinte nada? Preguntadelle ao meu irmán se se nota ou non. Cando Don Manuel lle botou a auga do río Jordán que trouxera a miña avoa Marita dunha viaxe, como berraba! Notar nótase! Eu notei a diferenza, si, porque a chamada do concello coa nova de que eu ía ser a pegoira sentoume igual que se me bañase en auga bendita. Ate hoxe podía pasearme pola rúa e a xente me dicía: pero es ti a pegoira non? Ai, mireite no xormal, a pegoira do Porriño, estarás contenta non? Porque non é o mesmo que dar o pregón en Betanzos, porque ti es do Porriño! E outra, ah que é ela a pegoira, pero ti quien es? E eu lle dixen, eu son Areta, fago teatro, son actriz. Ah... É que a xente, por desgracia, non vai ao teatro nin que llo poñas na porta da casa. E é estraño porque aquí sempre se fixo teatro. Araceli e Teté facían teatro na de Pepe Diz e agora temos unha sala ben bonita, a Ingrávida.

Pois si, encantame ser a pegoira. Encantame que unha muller nova, do teatro, dea o pregón. E encántame que comecemos a escoitar palabras como pegoira, alcaldesa, carpinteira, maga... é raro escoitar dicir, ela é maga. El é mago aínda...pero maga. Na compañía de teatro que comparto con Noelia fernandez e Ailén kendelman estamos preparando un novo espectáculo. Nos prouremos formar un equipo exclusivo de mulleres e nos atopamos con moitos atrancos. Aínda é moi difícil atopar mulleres nalgúns profesións. E por iso decidimos facer este equipo de mulleres, para facer visible que aínda non estamos en igualdade de dereitos e oportunidades. Tamén porque hai moitas nenas e nenos que veñen a ver os nosos espectáculos e nos gustaría

que tivesen modelos femininos nos que reflectir. Que unha nena teña a posibilidade de imaxinar que pode ser calquera cousa. Que teña esa liberdade de soñar. No Porriño estamos mais avanzadas con isto. Tiñamos unha fotógrafa ilustre, Lola Magno. E temos incluso profesións que non foron inventadas noutros sitios: caramelera, Pili Caramelos. Trituradora, Carmiña Bao. Digo trituradora porque me lembro de ir á perruquería de Araceli e atopala alí e que me trichara con tal forza nas fazulas que eu sentía que mas ía triturar. Tiñamos tamén unha desordenadora, Carmiña de Cacharela, para a xente que non puidese coñecer a mercería de Carmiña,

De mulleres que foron importantes no Porriño, hai moitas. Hai uns días a señora Amparo que vivía na Carrola faloume dun día que o meu pai fixo que tocaran as campanas da igrexa a fuego. Para esa Muller que me preguntaba quien era eu, eu son neta e bisnieta de panadeiras, son neta de Emma e bisnieta de Emma. Eu chamome Areta. E por elas teño unha compañía que se chama A panadería. A miña bisavoa, Emma, que tiña a panadería alí en San Benito, era moi organizada co seu traballo. Tiña unha libreta donde ía anotando todo o que lle debían. Diolinda, Preciosa (que de preciosa non tiña nada), Susa da mana... E tiña verdadeira vocación polo seu traballo, facía as cousas con mimo e laíabase se o pan se facía de máis ou non levantaba o suficiente: "Está a atmósfera un pouco baixa, queimousenos o pan". Facía bolas de pan pequenas, casi como moletes, de medio kg, un kilo e dous kg. Iso xa daba para toda a semana. Tamén facía roscas, entrenzados, biscoitos e unha roscas de nata que lle chamaban roscas de minuta porque se cociñaban moi rápido no forno. Era o ano 1962 e a señora Emma, coa sus filla, estaban atendendo a panadería, despachando pan. Eran aqueles tempos nos que se veía pola vila a moitas mulleres carretando (varias cousas) na cabeza, que subían para Atios.

O traballo na panadería era tranquilo, sempre a mesma rutina e de súpeto, bum! - Mauro! (Silencio) Mauro! Fuches ti? (Outra vez, silencio.) Do outro lado, meu pai, axeonllado debaixo dun somier que travesaba o cuarto.

A el lle gustaba xogar cun somier dos de antes, metálico elástico, que se enganchaba nunha estrutura de madeira maciza. Esa estrutura estaba vertical apoiada, inclinada, sobre a parede. O xogo consistía en chimpicar contra os ferros e deixar que o rebotasen para fóra. A cada golpe que el daba a inclinación ía a menos. Bum, bum, bum...e na seguinte, caíu contra a outra parede, na que estaba

a porta do cuarto. Esa porta quedou bloqueada. Un extremo contra o zócolo da parede e o outro contra a porta, formando un triángulo. Berros (contar o outrolado) OS berros atravesaban o despacho da panadería, un cuarto pequeno e chegaban ate o cuarto. Pero non había resposta.

Non había resposta. E non había porque Mauro, no seu acubillo de Ferros, decidira calar por medo a que mallasen nel. Non era a primeira nin a segunda vez que facía travesuras, facía a centos. (Pinza das brasas, trichar pernas, aceite, paraguero, jabón la-garto).

El miraba a través do burakiño da mira da porta todo o rebumbio que tiñan montado do outro lado. E calaba. E canto mais calaba mais nerviosismo había do outro lado.

- Mauro! Mauro!!

Na cabeza da señora Emma xa estaba a idea de "o somier matouno" porque con esa estrutura de madeira que ten....matouno

Mais berros, mais desesperación. Primeiro desde mostrador e despois na porta, os clientes buscaban métodos de abrir.

E el seguía calado

Chamaron a Valeriano Carrera, fillo da Señora Carolina, que tiña unha panadería xusto en frente e a continuación unha carpintería, pola rúa que sube ate a Concheira. Valeriano colleu unha escasa, apoiouna na fachada, abriu as contras con cizalla, entrou no segundo andar, baixou as escaleras e chegou al cuarto.

- O neno está ben!

A xente pensou que había lume, debe de haber lume, creo que hai, hai. Ruxe ruxe, cubos con auga, avisaron al campaneiro, cachelo o irmán do tapiceiro .

A noticia espallouse mais rápido que cando lle contabas un segredo a Pepe Diz.

Deronlle unha boa malleira ao mesmo tempo que o comían a bicos.

E así foi como tocaron as campanas a fuego aquel día do ano 1962 e O Porriño e as súas veciñas e veciños convertíronse nunha soa cousa para axudar a unha porriñesa, a miña bisavoa, a señora Emma.

Hoxe lembrei esta historia por varias cousas. Primeiro, porque é unha historia sobre o pan do Porriño, un pan que comezou sendo pan de munición. Agora xa non o é pero aquí seguimos tendo tiros, sobre todo despois de tomar os callos na festa. Que traca! Segundo, para lembrarme dalgunhas das mulleres da vila e aproveitar esta oportunidade para lles facer a miña homenaxe. E última razón pola que esta historia é moi importante é polo que antes dicía, por ese sentimento de comunidade que ás veces podemos perder e que nestes tempos precisamos tanto. Facer algo todos xuntos. A outra cosa que nesta vila facemos todos a unha é celebrar as festas do Cristo. E non nos cansamos porque facemos algo que me chamou sempre atención. Igual que nas vodas, temos cristo e recristo! E hoxe toca o Concerto de Los secretos. Na prensa dicían que Los secretos é prato forte das festas. Iso supoño que me convirte a min no entrante das festas. Ou algo así. Ou como é un concertista, a teloneira! Así que vou ir pechando o telón e vou rematar como tería que ter comezado, respetando a tradición e dando este pregón como faría un pegoiro: (trompeta) Por orden de la señora alcaldesa Eva García de la Torre se hace saber que hoy a día 25 de setembro de 2015 celebramos el día de el Santísimo Cristo de la Agonía". Collede unha bota de viño e unha bola de pan do Porriño e gozade das festas Cristo! Gracias!

Areta Bolado

■ Naceu no Porriño no ano 1985. Actriz, dramaturga, directora e docente teatral. É Licenciada en Interpretación textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, Diplomada en Maxisterio e titulada Especialista en Dobraxe (Universidade de Vigo). Este ano foi recoñecida co Premio María Casares 2015 como a Mellor Actriz de reparto de Galicia pola súa interpretación en PAN!PAN! Formase en clown, commedia dell'arte, viewpoints e técnica de composición, canto, técnica do xesto e máscara. En audiovisual, participa no sofá da TVG e nas catro tempadas de Escoba! de Ficción Producciones tamén para a Televisión de Galicia. Como actriz de teatro, actúa para

Nasdrovía Produccións, Teatro Anómico, Demolicions Ferreira&Cía e Aporía Teatro. Traballa como performer para os Museos MARCO e Verbum de Vigo e coa artista Maja Bajevic, de Sarajevo. Hai dous anos creou a Compañía A panadería con Noelia Fernández e Ailén Kendelman. O seu primeiro espectáculo PAN!PAN! foi un éxito de crítica e público e recibiu diversos premios e recoñecementos. Actualmente, atópase en ensaios do novo espectáculo da súa compañía, Panamericana, que se estreará o 17 e 18 de outubro no Auditorio Municipal do Concello de Vigo. Unha semana despois estreará, desta vez como directora, o espectáculo-concerto En Voga do Conxunto Internacional Aúreas.

Louriña

Porriño acolle este domingo o II Campionato de España de Enduro MTB

Esta mañá, o Concello do Porriño acollía a presentación do segundo Campionato de España de Enduro MTB, ao que acudiron a alcaldesa, Eva García de la Torre; o secretario xeral de Deportes da Xunta de Galicia, José Ramón Lete Lasa; o presidente da Federación Galega de Ciclismo, Carlos Muñiz; o delegado técnico da Real Federación Española de Ciclismo, Esteban Lorenzo; o presidente do Club Single Track Outdoor (organizador), Guillermo Janeiro; o director da carreira, Marcial Rodríguez; así como varios reputados deportistas do mundo da bicicleta.

Eva García, destacaba a importancia deste evento que “se celebrará este domingo en Porriño e que á súa vez transcorrerá por outros dous Concellos, Mos e Pontearreas. É a segunda edición desta modalidade deportiva xa que a anterior desenvolveuse en Cataluña; ademais nesta proba poderemos ver entre os 250 participantes a grandes deportistas como ao campión da anterior edición, o tinerfeño Edgar Carballo ou o campión do Open Es-



paña, o valenciano Jacobo Santana”.

Guillermo Janeiro, definía esta modalidade deportiva como “a esencia da mountain bike profesionalizada”; explicaba tamén que o circuito “conta cun desnivel de 1.800 m ao longo dun trazado de 40 km que transcorren

polas Comunidades de Montes do Porriño, Mos e Xinzo en Pontearreas”.

Durante o desenvolvemento da proba existen 5 tramos cronometrados, dos cales sairá o mellor tempo pertencente ao gañador da proba, que vestirá o mallot de España durante todo o ano.

O delegado técnico da Real Federación española de Ciclismo, comentaba que esta “é unha modalidade moi recente e que está en auge, polo que esperamos seguir celebrándoa repartida en distintos municipios”.

Carlos Muñiz destacou o importante labor das entidades cola-

boradoras e patrocinadoras do evento, resaltando que “Galicia é unha potencia en campións de Enduro”, de feito estiveron presentes deportistas da talla do Campión do Tour de Francia 2006, o mosense Oscar Pereiro; e o 2º e 3º clasificados do Open España, Oscar Martínez (Nigrán) e Toni Pérez (Vigo), respectivamente.

José Ramón Lete eloxiaba ao Concello do Porriño por dar continuidade á importancia que merece o deporte, apuntando que ademais “temos un elenco de deportistas de gran nivel, á vez que as mellores condicións de terreos na nosa contorna para a práctica deportiva desta modalidade e outras moitas”.

Este domingo poderemos ver aos 250 participantes inscritos nesta proba, dos cales 122 son galegos e 128 de diferentes provincias do territorio nacional, con idades que van dende os 16 anos ata os 60 en diante. Sairán dende a praza Arquitecto Antonio Palacios a partir das 08.15 h, estimando a entrada en meta, ao mesmo lugar, sobre as 13.30 h.

Presentación da tradicional Festa dos Callos de O Porriño na Praza Arquitecto Palacios



■ Coral “Os Penedíños”, de Atios (Porriño).

FOTO: Hernández



■ Gigante e Cabezudos.

FOTO: Hernández

Milleiros de persoas vibraron no concerto de Los Secretos



Foto: Hernández

Milleiros de persoas desfrutaron do concerto de Los Secretos no Velódromo Municipal, un espazo que a nova corporación pretende recuperar para todos os veciños. “Non foi creado como recinto para concertos pero reúne todas as condicións: amplitude, bos accesos, cómodo para o público e cunha arquitectura que posi-

bilita iluminacións espectaculares no escenario”, explica Raúl Francés, concelleiro de Cultura e Festas. Logo do éxito da súa xira de presentación Algo Prestado, Los Secretos interpretaron no Porriño o mellor da súa música, esta vez en formato acústico. Canción a canción, a mítica formación madrileña deleitou aos

seguidores e a todos aqueles que nunca viran a este grupo en directo. E non só interpretaron os seus grandes clásicos no Velódromo Municipal, Los Secretos traballaron durante máis de dous anos para o seu novo disco Algo Prestado, e tamén incluíron algunhas destas novas cancións no seu concerto no Porriño.

Paz Antón. Revisións

A festa non está reñida coa cultura. A exposición PAZ ANTON REVISIÓN inaugurouse o pasado 18 de setembro e pode ser visitada na Casa da Cultura do Porriño ata o 18 de outubro.

En Revisións o artista Paz Antón (O Porriño 1957) constrúe unha serie de estampas de universo propio onde conflúen imaxes, símbolos e grafismos con tendencia a un certo onirismo e ambientacións de figuración máxica. Revisións, o título da exposición, indica os camiños utilizados no proceso creativo que deben moito á amalgama de diversas imaxes procedentes da fotografía antiga, da etnografía, do retratismo, da cultura pop ou, especialmente, da propia historia da arte a través dos tempos. Ben dun xeito explícito (as tres versións das Meninas) ou ben dun xeito máis críptico (a temá-

tica de “Susana e os vellos” de Tintoretto), as revisións teñen o ánimo de crear obras novas onde a iconografía provoca novos significados. Revisión constante, tamén, do propio proceso pictórico, das temáticas e dos sentimentos que destilan os pigmentos sobre o inicial fondo branco. E, como ven sendo habitual, as alusións ao mundo da música – a outra profesión do artista – continúan sendo unha constante no seu labor. Músicos e danzantes que tratan de superar a ausencia de son imposta pola plástica (“os coros do silencio” que diría o poeta Manoel Antonio) cunha outra harmonía de formas e cores.



Foto: Hernández

ORGANIZA

COLABORA

WROPCHA

HOSTALEIROS PARTICIPANTES

Adega de Montero Vinoteca r/. Pinar, 18	Hamburguesería Fran r/. Antonio Palacios, 4	Paseo a Nivel r/. Progreso, 1
A Capela r/. San Sebastián, 54	Hotel Parque Pza. do Cristo s/n	Restaurante Mancio r/. Antonio Palacios, 101
Argentino 2 r/. Antonio Palacios, 42	Irish Monk's r/. Cando, 1	Restaurante Pontenova r/. Domingo Bueno, 23
Café Bar Centro Social r/. Pío XII, s/n	La Barraca Pza. Arq. Antonio Palacios, 6	Restaurante Val do Louriña r/. Manuel Rodríguez, 59
Cafetería Alameda Ave. de Galicia, 48	La Bici r/. Pío XII, 10	Saspi r/. Manuel Rodríguez, 13
Cafetería El Sol r/. Antonio Palacios, 46	La Cueva r/. Ramón González, 16	Scala r/. Domingo Bueno, 4
Cafetería Macacos r/. Cando, 4-5 (interior)	La de Chato r/. Domingo Bueno, 8	Simplicio r/. Ramón González, 48
Cafetería Rami Ave. de Galicia, 48	La Pantora Rosa r/. Domingo Bueno, 58	The Classic r/. Ramón, 16
Coltña r/. Manuel Rodríguez, 25	Licium r/. Ramón González, 15	Tapería Maracaibo r/. Manuel Rodríguez, 50
Colloco con Pinzas r/. Leandro Díaz, 2	Más y Más r/. Enrique Peinador, 1	Tapilla Sixtina r/. Ramón Inverniz, 8
Dolce r/. Domingo Bueno, 3	Malosera r/. Servando Ramiro, 2	Timarsane Restaurante Churrasquería A Relva, 58, Tomatros
El Alambre del Abuelo r/. Maladoura, 16	Masón Mondariz Ave. de Galicia, 12	Zentral Pza. Central, 3
El Cincuentaicinco r/. Ramón González, 55	Millenium 33 r/. Ramón González, 27	Restaurante O Carreteiro r/. Domingo Bueno, 21

Louriña

O C.D. Atios arreбата o Trofeo Festas do Cristo 2015 ó San Salvador de Budiño cun 3-0

O terceiro clasificado foi o Mosende C.F. e cuarto clasificado o S.D. Chenlo dun torneo no que tamén participaron o Imperial Carracido, Pontellas C.F., Torneiros C.F. e Porriño Industrial

O Fútbol Basee tamén tivo o seu Trofeo Festas do Cristo o pasado mércores no Parque Infantil



A pasada semá, concretamente o pasado xoves 17 de setembro, os campos de fútbol de Atios e Budiño, acollían a primeira fase do torneo anual con motivo das Festas do Cristo, da que saírían clasificados os equipos que onte disputaron a final no Complexo Deportivo Lourambal. O primeiro encontro, no que se decidiron o terceiro e cuarto

posto, iniciouse ás 20.00 h enfrontando ao Mosende C.F. e ao S.D. Chenlo, conseguindo os mosenses adiantarse no marcador.

O partido decisivo, disputárono o C.D. Atios e o San Salvador de Budiño, deixándose apreciar notablemente a diferenza entre o número de xogadores para cambios, dun banquiño ao outro. Finalmente o resultado quedou

nun 3-0, aínda que puido ser un 4-0, de non ser polo desafortunado tiro ao pau dun penalti a favor do Atios.

O Torneo Festas do Cristo 2015, tamén tivo a súa versión de Fútbol Basee, que contou coa participación das categorías Benjamín, Pre Benjamín e Aleví; desenvolvida o pasado mércores no Parque Infantil de Porriño.



A esgrima esperta grande interese entre os veciños de O Porriño

Varios clubs de esgrima olímpica e histórica encheron de espadas, floretes e sabres o centro de O Porriño

A Praza Arquitecto Antonio Palacios acollía unha modalidade deportiva ata o momento bastante descoñecida en Porriño: esgrima olímpica, medieval e renacentista. Unha actividade enmarcada no programa de Festas do Cristo 2015, onde a entrega de premios correu por conta do tenente de alcalde, Manuel Carrera.

Neste Máster de Esgrima participaron o Club de Esgrima Cidade de Vigo, así como varios clubs da Coruña e Pontevedra, que realizaron competicións de espada, florete e sabre olímpico, coa participación de tiradores de nivel internacional.

O Clube de Esgrima Histórica Falcata de Vigo, tamén participou neste máster, realizando unha demostración de esgrima medieval e renacentista, desglosada en varias partes que contemplaron unha clase de esgrima medieval coa espada longa de man e media, a espada dos cabaleiros medievais.

Realizaron tamén unha demostración de pau galaico-portugués, unha actividade física dacabalo entre arte marcial e danza propia da nosa terra; unha demostración de Quarterstaff (ou pau longo inglés), unha arte marcial de combate con orixes na Idade Media; unha exhibición de espada ropeira, espada típica do Século d'Ouro Español; diferenciando dous tipos de estilos: esgrima vulgar do pobo e a chamada destreza verdadeira, un estilo esgrímico de mestres de armas como Luís Pacheco de Narváez. Finalmente o clube Falcata realizou unha demostración de esgrima escénica, recreando un combate medieval con espada e broquel.

Sen dúbida resultou un grato espectáculo para os asistentes a este evento, xa que lles ofreceu unha directa toma de contacto nesta modalidade deportiva, así como coñecer o desenvolvemento dun combate en primeira liña.



Brais Misa campión absoluto do III Duatlón Festa do Cristo 2015

Sen sorpresas, o triatleta de Gondomar revalida o seu título de campión del III Duatlón de Porriño acompañado no trunfo na categoría feminina por María Martínez –ambos do Club Atletismo Porriño.



Máis de 150 corredores percorreron as rúas de Porriño, nunha intensa xornada deportiva na que o numeroso público asistente disfrutou animando os participantes ao longo dos 27,5 kms de percorrido que contemplaba o circuito do III Duatlón Festas do Cristo. Ás 16.00 h deu comezo o III Duatlón Infantil, que contou coas categorías benxamín, na que so subía ao podio Uxía Rodríguez en feminino; en benxamín masculino, clasificábanse en primeiro lugar, Sergio Soto; en segundo, Carlos Bautista e en terceiro, Xián Martínez. Na categoría alevín feminino a primeira foi a porriñesa Carla Guisande, a segunda Laura Alonso e a terceira Catalina Pereira; en masculino: Alexandre Álvarez foi o primeiro, seguido de Nicolás Maroi e

terceiro, Gonzalo Gallego. Na categoría infantil, os que subiron ao máis alto do podio foron Laura Mazoi e David Alan Christopher Fletcher. Ás 17.00 h, reuníronse na meta os 133 corredores dispostos a correr os primeiros 5 kms en dúas voltas a pé, para continuar en bicicleta os 20 kms repartidos en catro voltas e, unha vez chegados novamente á transición –ubicada na rúa Pinar– deixaban atrás as rodas, para completar o circuito cunha volta de 2,5 km. Todo baixo unha temperatura de 25°C e un circuito cunha lixeira dificultade engadida ás anteriores edicións, xa que contemplaba maiores desniveis. Non houbo grandes incidencias e só se retiraron 7 participantes, máis dous que foron descalificados. As clasificacións quedaron do seguinte modo:



Absoluto Masculino

- 1º. Brais Misa, do Club Atletismo Porriño cun tempo de 00:56:54
- 2º. Iago Morenza, con licencia dun día e un tempo de 00:58:05
- 3º. César Morillo, do Infoque Race Team, cun tempo de 00:58:21 como primeiro veterano.

O primeiro cadete masculino foi Alejandro Crespo, do AXA Agencia Garriga-Beariz TR



Absoluto Feminino

- 1º. María Martínez, do Club Atletismo Porriño cun tempo de 01:07:59
- 2º. Aída García, do Olímpico de Vedra cun tempo de 01:08:09, sendo a primeira veterana.
- 3º. Iria Rodríguez, do Club Atletismo Porriño cun tempo de 01:10:29, que a converteu, tamén, na primeira cadete.

Louriña

Exhibición do “Club Ximnasia – Porriño” con motivo das Festas do Cristo 2015

O club porriñés realizou onte unha grata mostra do esforzo, tesón e constancia das súas ximnastas entre as que atopamos a campioas e subcampioas galegas desta disciplina deportiva



Cada ano, as ximnastas do Club Ximnasia Porriño cambian o tapiz do polideportivo municipal por un improvisado na Praza Arquitecto Antonio Palacios, con motivo de exhibir ao público as súas traballadas coreografías

zan ao longo do ano, da man dos seus catro adestradoras Tania, Rebeca, Miriam e Sheila, que se reparten entre as sete categorías do club, así como nas escolas deportivas que comezan as súas clases a partir de outubro.



nunha celebración como é a das Festas do Cristo. Centos de persoas rodearon a lona para poder admirar os fantásticos exercicios que desenvolveron as preto de 60 deportistas que adestran no club porriñés.

A través de 21 coreografías, puidemos ser partícipes dos duros e esixentes adestramentos que estas ximnastas reali-

Froito destes duros adestramentos podemos presumir de que Porriño conta con Campioas Galegas por equipos -Infantil A, Cadete A e Senior A- e tamén en individual -Mónica Rodríguez, en aro-; ademais de ter tamén as subcampeonas galegas en equipos -Benjamín, Infantil B e Cadete B- e individuais -Sofía Sousa, en aro e rebeca Román, en mazas-.



Grandes éxitos deportivos que irán en aumento dada a implicación, o esforzo e constancia

que demostran sobre o tapiz, algo que a alcaldesa de Porriño, Eva García de la Torre, re-

coñecía facéndolles entrega de medallas a todas as participantes



GONDOMAR

Derradeiras prazas curso cestería



A Concellería de Xuventude do Concello de Gondomar, a través do programa ACTIVATE da Deputación de Pontevedra vai impartir unha formación sobre un dos oficios mais antigos, A CESTERÍA. Con este curso dirixido a mocidade do concello pretendemos que os mozos e mozas coñezan e poñan en valor esta actividade que naceu como complemento da agricultura e ante a necesidade de usos cotiás (ces-

tos, cestas, sombreiros, etc), proporcionándolle facilidades para que coñezan un oficio artesán.

O curso ten unha formación de 40h, vaise desenvolver no concello de Gondomar do 19 ao 30 de outubro.

Se estas interesado ven a Oficina Municipal de información Xuvenil e inscíbete ou chama ao 986.369.746 dende o 21 de xullo ata o 30 de setembro do 2015.

Charlas sobre o medio ambiente nos catro colexios do término municipal

Durante esta semana e a anterior fixéronse charlas orientadas ao fomento do reciclaxe dirixidas a nenos e nenas entre 8 e 12 anos dos catro colexios do término municipal (>400 en total). As charlas foron organizadas e impartidas por un técnico de formación de Grupo Soil, empresa xestora do Punto Limpo do municipio que tamén presta o servizo de recollida selectiva de envases lixeiros no Concello, en colaboración da Concellería de

Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, dirixida por Jimena Varela

O Punto Limpo ubícase en Vincios. O horario de funcionamento é de L a V de 16 a 19 horas e venres e sábados de 10 a 14

As charlas buscan concienciar aos nenos da importancia que una boa separación dos residuos en orixe ten para a xestión dos residuos, e por ende para o medio ambiente. Outra das finalidades destas charlas é informar de dónde se poden depositar os distintos residuos que xeramos nas nosas casas.



Presentación do Obradoiro de emprego "Terras do Miñor"

Foi inaugurado no CDL de Gondomar o Obradoiro de emprego "Terras do Miñor" pertencente á Mancomunidade do Val Miñor. No acto déronse cita os tres alcaldes do Val, Juan González alcalde de Nigrán, Jesús Vázquez Almuiña alcalde de Baiona e Paco Ferreira alcalde de Gondomar. Estiveron presentes varios concelleiros dos tres concellos sendo Josué Villar, concelleiro de formación, emprego e dinamización económica do concello de Gondomar, o encargado de presentar o acto. Seguidamente o director do obradoiro José Luís Abraiga, dirixiuse aos presentes. Os Obradoiros de emprego son programas mixtos de formación e emprego que se en-

cadran dentro de políticas activas de emprego dirixidas a mellorar a empleabilidade de persoas desempregadas mesturando formación e práctica.

Nesta ocasión o programa está dedicado á especialidade formativa en operacións básicas de cociña e servizo de restaurante-bar, sendo 11 e 12 alumnos os correspondentes a cada curso cunha duración de 6 meses.

Para pechar o acto, o alcalde de Gondomar, Paco Ferreira, destacou a utilidade do obradoiro para as posibilidades de atopar oportunidades laborais no sector e agradecendo a todo o persoal que contribúe á realización do mesmo.



FORMACIÓN ON-

Oferta formativa:

- ◆ Igualdade de oportunidade entre mulleres e homes
- ◆ Monitor/a de comedor escolar
- ◆ Técnicas de comunicación con persoas dependentes
- ◆ Habilidades comunicativas de atención á clientela

ORGANIZA → CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)

INFORMACIÓN → Casa da Cultura, Despachos nº3 e nº4
Telf: 986 389 355 / 986 360 224

aio@concellodegondomar.com ou cim@concellodegondomar.com

SOLICITUDES → do 17 de setembro ao 2 de outubro

150-50 HORAS DE DURACIÓN GRATUITAS



Salceda

0 grupo Socialista fai balance destes primeiros 100 días de oposición

O Grupo Municipal socialista ven de facer balance dos primeiros meses de traballo dende a oposición.

Unha vez que Ángela Ledo Souto, tomou posesión da súa acta de concelleira no mes de agosto, devolvendo deste xeito o peso representativo do partido socialista que lle outorgou o pobo de Salceda nas pasadas eleccións municipais, este comezou a súa andaina na que o seu xuízo consideran a única oposición estable, seria e comprometida a día de hoxe no Concello de Salceda.

A portavoz socialista, Verónica Tourón, considera que "pretendemos facer un traballo construtivo, con propostas que beneficien Salceda, tal como vimos facendo nas últimas semanas. Ademais seremos a voz dos veciños e veciñas nos próximos catro anos, facéndonos eco das súas demandas".

En relación con esas demandas o partido socialista de Salceda, ten realizadas distintas solicitudes que lle trasladan os veciños e veciñas e outras, que o seu parecer mellorarían os servizos na vila. Entre as solicitudes, a portavoz do PSdeG-PSOE asinou varias peticións solicitando ó Sr. Alcalde que se puxeran a funcionar servizos esenciais no comezo da actividade escolar, como o bo estado do aparcadoiro situado a beira do colexio Altamira ou que se limpe e manteña en condicións axeitadas o camiño de acceso a sede do CRA Raíña Aragonta, "é lamentable que 15 días despois o goberno siga sen limpar os laterais e acondicionar o camiño, cousa que se fixo dende sempre ó longo das últimas dúas lexislaturas".

Tamén se rexistraron peticións formais rela-

cionados con mal estado dalgunhas estradas, A Paxariña - A Feira ou a que leva a Pomar de Suso.

Por outra banda, as concelleiras socialistas tamén visitaron os edificios da Laguela, para comprobar in situ a situación de perigo que sofren por falta de accesos peonís ó centro da vila, que levan reclamando dende fai tempo sen obter ningunha resposta.

Verónica Tourón, afirma que seguirán a traballar desta maneira e faremos as solicitudes, mocións, rogos ou preguntas que estimemos oportunas, con tal de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Xa o fixemos no primeiro pleno ordinario desta lexislatura que se celebrou no mes de agosto e no que os socialistas presentamos un rogo para que se adaptasen os parques infantís para os nenos e nenas con mobilidade reducida, o cal o rexedor respondeu que o tería en conta e que nos seguiremos para facer que se cumpra. Aínda que lamentamos dende o grupo socialista que o Sr. Alcalde non atendese o rogo no que se pedía un Regulamento de funcionamento para o Rexistro Xeral do Concello, pois estamos seguros que redundaría nun mellor servizo ós cidadáns. En canto ó centro de saúde e servizo de pediatría, os socialistas seguen a traballar e nos próximos días os parlamentarios socialistas visitaran de novo Salceda para facer emendas ó orzamento da Xunta de Galicia, como se ven a facer nos últimos anos. Os socialistas consideran que dende o goberno local están parados, como se puido comprobar na resposta á pregunta do último pleno á concelleira de sanidade, onde se lle preguntaba sobre se contactara con Xerencia de Atención Primaria para reclamar o informe técnico e buscar solucións ó servizo de pediatría, cúa resposta foi un rotundo non. Dende o grupo municipal socialista, isto evidencia, que despois de 4 meses da visita dos técnicos, o único que se fixo dende o goberno para a mellora do servizo de pediatría foi publicidade nos medios de comunicación, aínda que

esperan que se tomen medidas despois da intervención socialista no último pleno. Ade-

mais o grupo municipal socialista critica a pasividade do Partido Popular neste tema, pois, consideran que son os responsables da situación sanitaria que se vive en Salceda e non se mira o grupo municipal dos populares realizando ningunha acción de loita para avanzar. En canto a revisión catastral que se levou a cabo e a subida do recibo do IBI aparelhada, os socialistas manifestan que o equipo de go-

verno local debería manter as xuntanzas necesarias coa xerencia do Catastro e explicar aos veciños e veciñas as medidas adoptadas polo goberno local para evitar o incremento desmesurado que os veciños e veciñas van soportar. Queremos que o goberno local dea explicacións por esta subida aos cidadáns e explique as posibilidades de rebaixar ou atenuar o novo recibo do IBI.



BANDO

O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO
DE SALCEDA DE CASELAS
FAI SABER

O Ministerio de Hacienda está a levar a cabo unha revisión catastral no concello de Salceda de Caselas a través da Dirección Xeral de Catastro sobre os Bens Inmóveis (garaxes, bodegas, galpóns, porches, piscinas, etc) que non están tributando urbana (IBI).

O IBI (Imposto de Bens Inmóveis) ou "urbano" é un dos impostos xestionados pola Dirección Xeral do Catastro, dependente do Ministerio de Hacienda, e que ten delegada a recadación aos concellos de todo o estado español.

A disposición adicional terceira do texto refundido da lei de catastro inmobiliario regula o procedemento de incorporación ó catastro dos bens inmóveis e das alteracións das súas características.

Previamente isto, a revisión de inmóveis, e a ALTA DE NOVAS CONSTRUCCIONES ou de REFORMAS DAS EXISTENTES é o que está a facer agora a Dirección Xeral do Catastro en máis de 2000 Concellos de toda España (excepto País Vasco e Navarra), entre eles o de Salceda. O Ministerio de Hacienda do goberno de Mariano Rajoy, aprobou no Congreso un plan entre os anos 2013 e 2016 de restro de bens ocultos, actuando en primeiro lugar nos Concellos onde se detectase un maior número de bens sen declarar, para evitar desigualdades con respecto ós veciños que xa estaban pagando por todos o que tiñan con respecto ós que non o facían; e naqueles concellos onde os Valores Catastrais dos bens inmóveis son dos máis antigos: En Salceda do ano 1989.

No noso concello a Ordenanza do IBI marca un coeficiente impositivo de 0,53% do Valor Catastral, por iso o Ministerio de Hacienda impón neste ano 2015 aplicar un 0,62%, (de aí o 13% de subida) as que a potencia de valores é antiga e anterior ao ano 2000.

(O Ministerio de Hacienda fixa aos concellos uns coeficientes entre o 0,4% (mínimo) e o 1,10% (máximo) do Valor Catastral.)

O Concello de Salceda ten a disposición dos veciños e veciñas un funcionario adicado a xestionar, asesorar e axudar na presentación das alegacións que están sendo dirixidas a través do rexistro do Concello directamente á Dirección Xeral de Catastro, evitando os desprazamentos ata a sede do Catastro en Vigo ou Pontevedra, así como do servizo da policía local para elaborar informes que poidan axudar a resolver revisións que non concorden coa realidade do inmóble.

O que se anuncia para público coñecemento e cumprimento

Salceda de Caselas, 16 de setembro do 2015
O ALCALDE
D. Marcos O. Rosado Pérez



Concello de
Salceda de Caselas



David Alonso Bargiela
Nº Reg. Mediador: C002676907675E
Axente de Seguros Exclusivo de Seguros Bilbao
Gerente
david.alonso@segurosbilbao.com
Venezuela nº 33, Bajo
36204 Vigo (Pontevedra)
M 628 181 255 - F 986 220 029



Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 299 - Nave 3. 36400 PORRIÑO - Pontevedra

Jose A. Cabaleiro R.
Fontanería - Calefacción - Electricidad
Bombas Sumergibles - Piscinas
Placas Solares Térmicas - Biomasa

Telf.: 639284053
e-mail: jacrielo@hotmail.com

Cerqueiral nº8A - Po
36471 - Entença

Salceda estrea Área de Autocaravanas



O Concello de Salceda de Caselas ven de inaugurar a nova área de autocaravanas recentemente construída nas inmediacións da Senda Fluvial do Río Landres “Francisco Estévez Martínez”. No acto de inauguración estivo representada a Asociación Galega de Autocaravanas, coa asistencia do seu presidente Paco Pena e a presenza de máis de 60 autocaravanas durante toda a fin

de semana no municipio. No acto estiveron tamén presentes o Alcalde Marcos Besada e os Concelleiros/as do equipo de goberno de Movemento Salceda. A área, realizada co asesoramento da Asociación, conta con tódolos servizos precisos para este tipo de vehículos (evacuación e carga de auga...), e foi definida polo presidente Paco Pena como “unha das mellores de toda

Galicia”. Trátase da área número 98 de Galicia, convertendo xa a nosa Comunidade Autónoma en referente neste tipo de instalacións. A ubicación da mesma foi tamén establecida pola súa idoneidade, xa que está cerca de establecementos hosteleros e supermercados, ademais de estar ao lado do Parque da Gándara, as Piscinas Municipais e a Senda do Río Landres.

Paco Pena, Presidente da Asociación Galega de Autocaravanas, agradeceu o esforzo do Concello para levar adiante este proxecto, así como a magnífica disposición que amosaron tanto o Alcalde como o resto do grupo de goberno nesta iniciativa. Loli castiñeira, Concelleira de Turismo: “hoxe damos un pasiño máis no noso camiño de converter a Salceda como punto importante de visitas que están xa a

chegar dende moi diversos puntos do País. Salceda está xa á altura de moitas outras vilas e cidades con este tipo de servizos de primeira categoría”. Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Seguimos a construír a nova Salceda e a ofrecer novos servizos. Construímos unha vila na que vivir, traballar e disfrutar, pero tamén unha vila aberta e acolledora para todo aquel que se queira achegar a coñecernos”.



Xa se pode pedir axuda do “Programa de Alimentos de Salceda”

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Salceda ven de abrir o prazo para as novas solicitudes para entrar a formar parte do Programa de Alimentos do Concello. As persoas interesadas deben pasar polas ofi-

cinas do departamento antes do día 30 deste mes de setembro, para que se lles informe dos requisitos precisos, documentación a presentar..., debendo estar empadroados en Salceda con unha antelación mínima de tres meses para poder acceder ao Programa.

O Programa de Alimentos de Salceda atende actualmente a unhas 70 familias do Concello, que reciben alimentos en función do número de membros da unidade familiar, con especial atención aos máis cativos. O Programa súrtese fundamentalmente dos excedentes da Unión Europea distribuídos a través da Cruz Vermella, aínda que é básica tamén a aportación de alimentos feita de actos benéficos, festivais, certames... organizados tanto polo Concello como por diferentes asociacións e entidades do municipio.

Teresa Pérez, Concelleira de Benestar Social: “Estamos a falar dun programa fundamental e que resulta de gran axuda para as familias máis desfavorecidas do noso Concello. Aproveito para agradecer a enorme colaboración das asociacións e empresas de Salceda, que continuamente están a facer aportacións para mellorar o programa”.



VIII marcha BTT rainha aragonta

SALCEDA DE CASELAS 11 OUTUBRO 2015

Visítanos en <http://clubciclistaaragonta.blogspot.com.es> DIFICULTADE MEDIA-ALTA 35.50 km.

¡Inscríbete!
roliveira.net84.net/aragonta2015

federados - 6 €
non federados - 12 €
senderismo - 1 €
trail 15 km - 5 €

duatel

Aliprox

Coca-Cola

xtrembike

CC COSTA

REYDEL

kiwi atlántico

FCA

OR ES

organiza:

CLUB CICLISTA

Saída dende a Praza do Concello as 09:30 h.

Novas da Raia

SALVATERRA

Cursos formativos en Salvaterra de Miño

O concello de Salvaterra de Miño en colaboración coa Cámara de Comercio de Vigo, veñen de poñer en marcha cursos formativos durante o presente semestre de 2015. Trátase de dous cursos: un de Organización de Festas Infantís e outro de Peixeiro Profesional

O Curso de Organización de Festas Infantís ten como obxecto dotar aos asistentes do curso dos coñecementos adecuados para organizar unha celebración infantil, e está dividido en tres módulos.

O módulo 1: Recursos de animación en actividades de tempo libre, onde se tratarán as técnicas de animación e creatividade, desenrolo psicosocial infantil nas actividades de animación e técnicas de intervención en función da diversidade individual e grupal.

Módulo 2: Programación de actividades Infantís – Obradoiros e Técnicas, aquí tocarase a organización das actividades, en función do grupo de idade, diferentes obradoiros de animación, talleres de xogos, técnicas de animación con micrófono en escenario, festas temáticas, magos e contacontos.

No módulo 3: Xestión previa de festas infantís estudarase a decoración do lugar e das mesas con exemplos e ideas e as invitacións ao evento. Este curso desenvolverase os días 21, 22, 23, 28, 29 e 30 de setembro en horario de 10.00 a 14.00h, na Casa de Cultura de Salvaterra.

E pola tarde imprtense o **Curso de Peixeiro Profesional**, na cociña do Parque Público a Acuda. Neste curso impartiranse os coñecementos adecuados para realizar o despacho de peixe de forma adecuada, coñecer o modo de compra

dos produtos da pesca na lonxa, realizar o lavado, descabezado, e viscerado, escamado e fileteado de peixes, así como coñecer os sistemas de conservación, con partes teóricas, onde se mirarán os diferentes peixes de auga doce e salada, crustáceos e tipos, moluscos, equinodermos, técnicas de comprobación do grado de frescura do peixe, útiles de traballo e equipos da peixería, normas e características de almacenamento do peixe e marisco, desconxelación de produtos, métodos e efectos, envases e presentación de produtos, hixiene alimentaria na venta de peixe, cálculo de prezos do peixe e técnicas de venda.

Na parte práctica traballarase os procedementos para a limpeza do peixe e preparación para peixes brancos, peixes azules, salmón, cefalópodos e outras especies menos habituais que se traerán para mostrar. Este curso impartirase en horario de tarde, de 16.00 a 20.00h



Consumo de lácteos nas aulas

Un ano máis, o Concello de Salvaterra de Miño promove as Xornadas de Consumo de Lácteos nos Centros Educativos do Municipio, co fin de crear hábito de consumo deste produto entre os máis cativos.

Este proxecto está destinado a máis de 1.100 nenos e nenas dos Colexios de Infantil e Primaria, do Centro Rural Agrupado e do Instituto do Municipio. Eles serán os beneficiarios desta campaña de consumo de lácteos que organiza o Concello.

Organismos Internacionais como a FAO e a UNESCO recomendan os lácteos como alimento indispensable para a nutrición humana, xa que son especialmente ricos en proteínas e calcio de fácil asi-

milación, nutrientes moi importantes nas etapas de crecemento e desenvolvemento, así como para o mantemento da masa ósea e muscular.

O seu consumo ten grandes beneficios xa que é un excelente aporte de proteínas, unha fonte natural de calcio, axudando a formar e manter ósos e dentes sans, contén fósforo, magnesio, potasio e vitamina A.

Un consumo diario ten uns grans beneficios, polo que con esta campaña preténdese promover e crear un hábito de consumo diario deste produto, a través do reparto de iogures líquidos, que cada centro distribúe de acordo co seu programa de actividades.

Visita ao novo ximnasio do CEP Carlos Casares de Alxén



A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, vén de investir este ano máis de 750.000 euros para levar a cabo traballos a cargo do RAM (reforma, ampliación e mellora) nun total de 34 centros educativos de Vigo e a súa área territorial. Concretamente, actuouse en 20 colexios de Primaria e 14 de Secundaria dos concellos de Vigo, Baiona, Gondomar, Nigrán, Moaña, Cangas, O Porriño, Mos, Redondela e Salvaterra do Miño.

A delegada territorial da Xunta en Vigo, María José Bravo Bosch, visitou esta mañá o CEP Carlos Casares de Salvaterra do Miño, un dos centros de educación primaria nos que se levaron a cabo este tipo de reformas. Neste colexio leváronse a cabo obras de adaptación do soportal para construír en ximnasio. Estas obras tiveron un orzamento de 54.965,95 euros e xa están rematadas.

Como explicou a delegada, os traballos foron necesarios xa que ao carecer o centro de ximnasio procedeuse a pechar o soportal cuberto existente á continuación dos vestiarios e transformalo en ximnasio. Ata o de agora, as clases de educación física realizábanse na pista polideportiva cuberta e nun espazo existente na planta baixa do centro que tamén se utiliza como salón de actos. Dentro do recinto escolar non hai un espazo idóneo para levar a cabo unha nova construción polo que se considerou o porche cuberto existente como un espazo idóneo para esta instalación aproveitando os vestiarios existentes.

Bravo Bosch percorreu as instalacións do centro educativo, que no pasado curso contou con tres liñas dos contratos-programa ademais de ser partícipe tamén do programa de froita fresca.

A delegada destacou así o investimento realizado no CEP Carlos Casares posto que nos últimos anos foron varias as obras feitas no colexio nas que a Consellería de Educación investiu un total de 70.000 euros (69.986,22) e que pasaron por reformas da instalación de fontanería ou a reparación da cuberta.

Ademais, explicou que nos centros de Primaria e Secundaria do municipio de Salvaterra (CEIP Leirado, CEIP Infante Felipe Borbón, CEP Carlos Casares e IES Salvaterra), o investimento do departamento de Educación en obras de reparación e acondicionamento foi de 734.000 euros.

Estas actuacións inclúense dentro do paquete de intervencións deseñado polo departamento de Educación para a posta a punto dos centros educativos de cara ao comezo do vindeiro curso escolar 2015/2016. Deste xeito, a Xunta de Galicia traballa para seguir avanzando na adecuación das infraestruturas co fin de continuar a mellorar as condicións de traballo e estudo de docentes e alumnos.

Investimentos en Vigo e área
Bravo Bosch amosou así o compromiso da Xunta de Galicia coa calidade educativa e as infraestruturas da área territorial de Vigo durante os últimos anos. Exemplo disto son os 19 millóns de euros que o departamento que dirixe o conselleiro Román Rodríguez destinou soamente a diferentes obras que van a cargo do RAM (reforma, ampliación e mellora) dos centros de Primaria e Secundaria dos 14 concellos que conforman a Delegación Territorial no período 2009-2015.

Novas da Raia

SALVATERRA

Andaina para a limpeza dos márxenes do río Miño e Tea

O Concello de Salvaterra de Miño e a empresa Mascato, afincada no Polígono Industrial Chan da Ponte, organizan para este sábado 3 de outubro, ás 10.00h unha andaina para a limpeza dos marxes do Río Miño e Tea.

A saída será ás 10.00h do Parque "A Canuda" e irase ata a Ponte "Cordeiro" onde se fará unha parada para almorzar e voltaremos. Un paseo polo pasaxe natural dunha das nosas maiores riquezas, os nosos ríos, ademais de por o noso gran de area no seu coidado e protección. Animamos a todos aqueles que queiran pasar unha mañá diferente disfrutando do medio ambiente, da natureza e colaborando na boa saúde dos nosos ríos que se una a nos nesta iniciativa.



TUI

II Torneo de Tenis da Eurocidade Tui - Valença

Desde mañá 25 de setembro e ata o 11 de outubro, terá lugar o II Torneo de Tenis da Eurocidade, que congregará ó redor de 170 tenistas semi-profesionais e afeccionados. Así o confirmaron o concelleiro de Deportes do Concello de Tui, Laureano Alonso, o vereador de Deportes de Valença, José Monte e o responsable técnico do Club Tenis Tui e do torneo, Pablo García.

O torneo está organizado polo Club Tenis Tui. A final está programada para o domingo 11 de outubro en Valença, onde se realizará tamén un torneo de minitenis para cativos.

Laureano Alonso, concelleiro de Deportes, incidiu que este torneo de tenis supón un

exemplo de coordinación no eido deportivo entre as dúas cidades e quixo felicitar á organización pola iniciativa.

Pablo García, responsable do torneo, quixo subliñar o alto número de inscritos, xa que os 170 participantes duplican os números de participación dos torneos da zona. Segundo Pablo García, o éxito do torneo débese á marca da Eurocidade e do apoio dos dous concellos que forman parte da mesma, Tui e Valença.

Para rematar José Monte, vereador de Deportes da Cámara de Valença, resaltou o traballo dos organizadores, xa que sen o seu traballo non sería posible congregaren os colectivos de ámbalas dúas cidades, de dous países diferentes.



Obrigatoriedade da limpeza dos piñeiros afectados con *Bursaphelenchus xylophilus*

No caso de non limpar os piñeiros sintomáticos nun prazo de quince días, a Xunta de Galicia poderá abrir un expediente sancionador

O Concello de Tui informa, a raíz dun informe achegado pola consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia no que declara a presenza do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus*, da obrigatoriedade da limpeza dos piñeiros afectados coa praga do municipio.

Para combatelo, a Orde do 22 de marzo de 2012 establece que nas zonas comprendidas na franxa tampón de 20 quilómetros coa fronteira con Portugal, elimínaranse os piñeiros que mostren síntomas de estaren afectados polo organismo. O mesmo que os que se atopan nunha distancia inferior a 100 metros das vías ferroviarias, estradas, autoestradas e outras vías directas de co-

municación con Portugal ou que estean a menos de 100 quilómetros da fronteira con este país.

A resolución do 19 de decembro de 2014, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, concedíalles ós propietarios un prazo ata o 28 de febreiro de 2015 para realizar estas medidas de eliminación de piñeiros. No caso de comprobarse en parcelas de carácter privado a existencia de árbores sintomáticas, decaídas ou mortas, que non foron retiradas no prazo concedido de quince días, procederase á apertura do correspondente expediente sancionador. As multas comprenden entre 3.000 e 120.000 euros.

Novas da Raia

TOMIÑO

O Concello de Tomiño amplía a senda polo río Miño até a Atalaia de Goián

Coincidindo co Triatlón da Amizade, o Concello abre ao público un novo treito de senda do Miño.

Este tramo contará con paneis interpretativos sobre a flora e fauna miñota.

O Concello de Tomiño ven de ampliar a senda polo río Miño até a Atalaia de Goián. A senda recupera o antigo roteiro que os veciños e o corpo de carabineiros empregaron no pasado e que percorre a ribeira do Miño.

A senda ten un alto valor paisaxístico, histórico e turístico constituíndo un dos traxectos máis fermosos da comarca. A rota continúa a marxe do río sendo este o que marca o traxecto.

Este proxecto ven a ampliar a senda xa existente que unía o Espazo Fortelaza coa praia de Eiras xa no Concello de O Rosal e que tanta afluencia ten tido desde que se puxo en funcionamento.

O novo tramo continúa dende o

Espazo Fortaleza en dirección cara Tui e conectará a este punto coa Atalaia ou Torre dos Ratos de Goián. O vindeiro tramo no que se está a traballar, enlazará este enclave coa antiga comandancia de Forcadela. En total, o treito suma máis de 4 km.

Este tramo que contou cun orzamento de 96.958,17 € e foi beneficiario dos fondos Leader. Ademais, tamén os fondos europeos do Programa Feader financiaron parte do custo dos paneis interpretativos cos que conta a nova senda.

A sinalización e interpretación é outro dos proxectos que leva paralelo a ampliación da senda. Por en valor o patrimonio medioambiental forma parte da recuperación dos vellos sendeiros das marxes.

A estrea deste novo tramo ven acompañado da cesión por parte da Xunta de Galicia ao Concello de Tomiño das parcelas colindantes



da Ponte Internacional que foran expropiadas con motivo da súa construción no ano 2004. O terreo inclúe a Atalaia, Ben de Interese Cultural protexido pola lexislación do patrimonio que permitirá que o Concello poida recuperar e por en valor o enclave. Ademais, esa cesión permitirá nun futuro conectar

a senda do río coa Ponte Internacional e permitir a comunicación aos usuarios dende a estrada que liga Tomiño con Cerveira.

Uxío Benítez, Primeiro Tenente-Alcalde, destaca o traballo que “dende o concello estamos a facer co fin de abrir Tomiño ao río. Este novo tramo da senda permitirá

aos veciños e veciñas así como aos que nos visitan, camiñar, andar de bicicleta ou correr por un espazo idóneo non só para a práctica do exercicio deportivo senón para o disfrute dos sentidos. O goberno local busca recuperar os vellos sendeiros e consolidar o seu disfrute polos veciños e veciñas”.

O Biomercado reúne a máis de 1.000 persoas na Praza do Seixo



■ Clases zumba na praza

A feira contou con máis de 60 postos de vendas de produtos ecolóxicos e con actividades para a todos os públicos.

O Concello de Tomiño ven de celebrar o Biomercado no día de onte onde máis de 1.000 persoas se achegaron até o Seixo.

A programación contou coa participación dun numeroso público que non dubidou en sumarse ás actividades de zumba da man de

Andreia Aguilar e de ioga coa monitora Andrea Serrano do Centro Almiña Ioga de Tomiño.

A programación xa comezou pola mañán coas actividades lúdico deportivas de risoterapia de Javier Ruiz ao que logo lle seguiu o obradoiro para os máis pequenos a cargo de Servando Barreiro.

Estas actividades celebráronse na Praza do Seixo e no mercado municipal onde ademais a pintora Rosa Porto mostrou a súa obra

cunha exposición titulada “Pintar a Natureza”.

Máis o Biomercado non só foron actividades lúdicas e deportivas para todos os públicos, foi unha grande feira na que os produtos bio foron a grande estrela. No día de onte a Praza do Seixo contou con postos de horta, comida e bebida na que a alimentación begana tivo un oco moi especial; tamén, tivo o seu sitio a repostería caseira, a panadería artesanal,

a cosmética natural, a ropa feita a man, ...

Onte foi un día ademais na que os praceiros participaron cunha xornada de portas abertas na que ademais de dar a coñecer o mercado municipal, ofertaron os seus produtos de forma excepcional. Esta feira forma parte do conxunto de actividades organizadas polo Concello de Tomiño en colaboración cos praceiros co fin de promocionar o mercado municipal e de fomentar a alimentación e hábitos saudables.

A programación “Tomiño con sabor” contou cun curso de cociña para nenos e nenas que rematou

na mañán de onte. A vindeira semana iniciáranse novos cursos e campañas como curso de cociña para homes, campaña “mercado con xeito” ou “sábados con sabor”.

A Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, destacou “a boa acollida desta feira ecolóxica que conseguiu encher a Praza do Seixo e que tivo a oportunidade de disfrutar da noso mercado e coñecer tanto as instalacións como o produto de primeira calidade que se vende nela”. Segundo González, o “Seixo estase a converter cada vez máis nun lugar de referencia e nun punto de encontro a



■ Posto do biomercado

“Sou socialista e acredito nas pessoas que têm valores”

Luis Alves, presidente da Câmara Municipal de Caminha

“Achegámonos a Caminha (Portugal) para conversar co Sr. Presidente da Câmara Municipal.

Queríamos coñecer os seus proxectos de futuro para o Municipio caminhense, así como a súa opinión sobre o momento político que Portugal está a vivir.

Isto foi o que deu de sí a conversa”:

Por Guillermo Rodríguez Fdez.



Como vão as relações com a Galiza, sobretudo, com a Guarda?

■ As relações coma Galiza vão muito bem, recomendam-se, eu até gostava de aprofundá-las um pouco mais. Infelizmente, nos últimos 10 anos nem sempre foi assim, Caminha afastou-se da Galiza, criou relações difíceis com a Guarda, a sua relação física foi perdendo dinâmica até acabar por parar. A verdade é que quando chegamos à Câmara municipal em outubro de 2013, as relações estavam praticamente cortadas com os nossos vizinhos de A Guarda, o ferry-boat quase não funcionava e havia muitos poucos projetos comuns com a Guarda, mas isso mudou radicalmente. Desde sempre houve uma ótima relação com a Guarda que é muito antiga, filial, cultural mas também económica; nós recuperamos essa relação. O ferry-boat está a funcionar com normalidade, temos ótimas relações institucionais e temos projetos comuns na área da cultura e do desporto, como as mais importantes. Também, há meses atrás, no mês de agosto, fizemos aqui um grande encontro com os antigos alunos do colégio jesuíta de A Guarda, numa homenagem aos antigos alunos mas também a Manuel de Oliveira, cineasta português que faleceu recentemente, que também foi aluno na Guarda. Por isso, podemos dizer que as relações estão boas e cada

vez são mais intensas. Eu tenho uma relação pessoal com o antigo alcalde de A Guarda, o José Manuel Freitas, somos amigos e estamos a construir uma boa amizade com o atual alcalde, Lomba. Acho que estamos a viver uma boa fase que honra o que sempre foram as boas relações entre a Guarda e Caminha. **Existem eurocidades ao longo do Minho, Cerveira e Valença, Monção...Caminha e A Guarda ainda não puseram a funcionar a eurocidade ou já está em projeto?**

■ A nossa prioridade era estabelecer de novo as relações, quando entramos nós partimos de uma quase impossibilidade de diálogo entre os dois territórios. Foi um erro absoluto de Caminha, foi um erro estratégico e de política, que teve na última década.

Nós temos grandes diferenças relativamente aos exemplos que deu de eurocidade, é que nós não temos uma ponte que nos coloque em dois três minutos de um lado ou doutro, embora tenhamos uma distância que é compensada pela nossa embarcação, isso coloca alguns entraves. Nós estamos, passo após passo, a resolver os nossos problemas e portanto, cremos que não faz sentido colocar o carro à frente dos bois. Primeiro temos de resolver os processos judiciais que existem entre as duas partes, pôr o ferry a funcionar cada vez melhor, lançarmos alguns projetos de

índole desportiva, quer em competição, quer em lazer com caminhas deste e doutro lado do rio, fazer projetos de índole cultural que valorizem o nosso património, Temos uma festa no mês de junho que celebra a música tradicional portuguesa e galega, à qual os nossos amigos de A Guarda são sempre convidados, temos o Caminha Doce que agora também é realizado na Guarda, a Guarda Doce e temos um projeto comum de valorização do património paisagístico do estuário do Minho, da foz do Minho, que em breve será anunciado publicamente. Isto é, primeiro voltar à nossa raiz e fazermos projetos comuns e depois partirmos para a eurocidade se isso fizer sentido e se for positivo para as duas localidades.

Já há muitos anos disto, não sei se o conhece...nos tempos em que o atual alcalde de Vigo era ministro de transportes, no governo de Felipe González, havia um projeto para fazer uma ponte entre Caminha e a Guarda. Acha que deveria ser retomado, à partida pelas Câmaras e depois pelos ministérios correspondentes?

■ Houve um tempo em que essa discussão tinha alguma razoabilidade por que havia dinheiro, recursos à disponibilidade dos dois países mas houve incapacidade para conseguir essa ponte. É óbvio

que não só depende dos recursos patrimoniais, tem a ver com a questão paisagística e como impacto ambiental. Nessa matéria não me pronuncio por que não conheço os contornos do que poderia ser a futura ponte. Mas há algo que sabemos, em Caminha e na Guarda, é que os governos de Madrid e de Lisboa são muito claros à hora de afirmar que no contexto em que vivemos de dificuldades financeiras do país e no âmbito de projetos de candidaturas entre 2014 e 2020, a ponte é impossível; aliás tivemos a visita do ministro de desenvolvimento regional há pouco mais de 6 meses aqui em Caminha e o dito senhor ministro foi muito claro nas suas declarações públicas, dizendo que quem defende uma ponte no estuário do Minho está a enganar as pessoas, isto é, não está previsto esse investimento nessa ponte, nem de acessibilidades, pelo lado português pelo menos, portanto não podemos criar fantasias temos de criar soluções. Nós temos que analisar bem se o ferry, serve na plenitude este tipo de passagens e de ligação com a Guarda. É óbvio que nós temos já uma ponte a 10 ou 15kms, em Vila Nova de Cerveira, e os recursos não são ilimitados. Os dois autarcas estamos a ponderar fazer um estudo alargado a 20 ou 30 anos, para perceber que tipo de investimento será necessário para termos uma boa ligação dos transportes do lado de cá e de lá do rio e todas as hipóteses estão abertas, inclusive outro tipo de embarcação, de construção, uma ponte....eu gostava de ver avaliado por que não gosto de falar de cor, gosto de ver quanto é que custa. Os dois municípios estamos a ponderar fazer este estudo com vistas a 20 ou 30 anos por que hoje não há o dinheiro que havia há 10 ou 20 anos atrás, há pouco dinheiro e temos de ter a responsabilidade de investir bem o dinheiro que temos.

Mas o senhor presidente gostaria da ponte...

■ Todos os territórios do Alto Minho estão ligados por ponte até Espanha, nós temos uma configuração diferente. Se me disserem, sem ver estudos de impacto am-

biental ou paisagístico, se fazia sentido num determinado local no nosso concelho, na saída da auto-estrada...uma ponte, se calhar... mas não posso falar sobre um mundo perfeito, eu devo falar do mundo que eu tenho, e por isso tenho de encontrar soluções para manter estas ligações e isso é o que vamos fazer com os nossos amigos de a Guarda.

Quais seriam os aspectos de que gostaria de publicitar nos meios para que Caminha fosse mais visitada, mais tida em conta no âmbito regional e nacional?

■ Felizmente há muitos aspectos que cumpre salientar em Caminha, nós levamos feito esse trabalho desde há dois anos que aqui estamos, por que entendemos que o factor turístico é fundamental para o desenvolvimento do concelho de Caminha. Os números são muito evidentes, nestes dois últimos anos, somos o concelho de todo o Alto Minho, do distrito de Viana do Castelo, onde o desemprego mais desceu, cerca de 35%. Também, durante este verão, de julho até agosto, no centro da vila, o número de turistas que foram ao posto de Turismo subiu cerca de 73%, por que fazemos uma política de divulgação e de qualificação dos eventos que julgo, tem beneficiado Caminha e a tem projectado em Portugal e na Galiza.

Destacaria três interventores de Caminha, primeiro no seu património natural destacaos praias do concelho, de Caminha, a da foz do Minho, Moledo de Vila Praia de Âncora, de Forte do Cão em Âncora, quatro praias do concelho e todas com bandeira azul. É a primeira vez que isto acontece, graças ao grande esforço que a câmara fez para criar as condições necessárias para estas praias terem a bandeira azul. Outro interventor é a montanha, a Serra d'Arga que está a 10 kms da praia, que tem paisagens deslumbrantes, onde é possível fazer caminhadas, etc. ,uma paisagem inigualável.

Segundo, o seu património histórico: o centro histórico de Caminha está bem preservado do ponto de vista monumental mas também do edificado, também temos as forta-

Novas da Raia

lezas que percorrem a nossa costa, por relações nem sempre fáceis que tivemos com os nossos amigos galegos, em que destaque naturalmente as muralhas de Caminha, o forte da Ínsua, aquela ilha que temos à boca da foz do Minho e os fortes da Lagarteira e do Cão, em Vila Praia de Âncora e em Âncora. São fortalezas que criam uma corda arquitectónica do ponto de vista militar que deve ser salientado. Temos também o património histórico associado a homens e mulheres do Alto Minho e em Caminha, falo do Couto de Pena, uma comunidade da Idade do Bronze, aqui em Caminha e o castro em Âncora com ligação a Santa Tecla.

Portanto, falei de património natural e de património histórico patrimonial e falo agora do património que são as pessoas. Eu acho que quem vem a Caminha tem a felicidade de encontrar nas pessoas toda a abertura, simpatia e inteligência de receber bem a aqueles que nos visitam, quer a

nível do comércio, e estou a falar dos restaurantes sempre preparados para receber com um bom peixe, um cabrito à Serra d'Arga, seja a nível da pastelaria, do artesanato, dos atoalhados, enfim, de tudo aquilo que temos aqui em Caminha vendemos. Estas são as três vertentes que atraem a Caminha.

Nas eleições a Presidente da República que espera do novo Presidente e por qual aposta?

■ Estamos a chegar às eleições, é certo...bem, nesta matéria devo falar pessoalmente e não como Presidente de Câmara. As pessoas conhecem quem está por trás do presidente da Câmara; Peú sou socialista e acredito nas pessoas que têm valores. Acredito que a política em Portugal e na Europa precisa de novos valores e caras novas, de gente que venha da sociedade civil. Já tornei público, não o escondo, sou apoiante da candidatura do professor Sampaio da Nôvoa, candidato à presidente da República portuguesa, que é um homem do Alto Minho, de Valença,

com ligações a Caminha. Mas neste momento o país está centrado nas eleições legislativas, mais tarde debateremos essas questões embora eu apoie o professor Sampaio, que foi reitor em Lisboa, um homem muito categorizado, que tem muitas condições para contribuir nas questões políticas em Portugal.

Nas próximas eleições, do dia 4 de outubro eu desejo, como homem político e não como Presidente de Câmara, uma vitória do Partido Socialista e de António Costa. E desejo-o por duas razões: por que acho que uma política de direita destruiu aqui em Portugal a coesão social, a solidariedade entre gerações, e foi para além da austeridade que nos foi imposta pela Troika. Eu quero dizer que Portugal viveu e está a viver momentos muito difíceis, foi-nos prometido que não havia cortes nas pensões, e as pensões dos mais idosos foram cortadas, foi-nos prometido que os salários não eram afectados, e foram cortados, foi-nos prometido



que os subsídios de férias e de Natal não eram afectados e foram cortados também no rendimento das famílias, o desemprego subiu vertiginosamente e mais de 300.000 portugueses emigraram por que não encontraram oportu-

nidades no nosso país. Isto tem de acabar, com uma política inteligente que invista nas pessoas, que saiba que nós não podemos, por mero preconceito ideológico que tem esta direita, ir além de que as pessoas podem aguentar.

ARBO

AGRELAR continúa o seu labor

Agrupación de Electores de Arbo (AGRELAR) manifesta o seu apoio á decisión que toma o noso compañeiro Xavier Simón, de deixar a acta de concelleiro, por motivos persoais e profesionais, para dar paso a unha renovación do noso grupo político. AGRELAR configurouse como unha candidatura de unidade popular para as eleccións arbenses, afastada dos tradicionais partidos políticos e posta ao servizo das persoas e dos seus intereses como cidadáns nunha sociedade plural e democrática. AGRELAR conta coa autonomía necesaria para que os seus integrantes decidan desde Arbo como actuar e con que intensidade diante dos problemas que nos afectan como cidadáns. Isto non se reduce ao estritamente local, como se puxo de manifesto o pasado día 3 de setembro cando AGRELAR organizou, diante do pasotismo municipal, unha chegada de manifestantes arbenses en defensa da sanidade pública á manifestación convocada a tal efecto na cidade olívica.

Esta actitude colectiva non se quebra coa marcha de Xavier Simón. AGRELAR é un grupo amplo e diverso, con homes e muller ben formados para traballar na dirección sinalada e responder aos compromisos asumidos diante do electorado nas pasadas eleccións municipais.

Xavier Simón foi o noso candidato e agora será parte do noso grupo de traballo, aproveitándonos da súa experiencia e coñecementos para avanzar na consolidación do noso proxecto político e conseguir nas vindeiras eleccións expulsar do goberno municipal ao Partido Popular. Non esquecemos as prácticas caciquís que os levaron a esa exígua maioría absoluta, e tampouco esquecemos a súa campaña de acoso e derribo do goberno municipal encabezado por Xavier Simón, campaña fundada en mentiras, apoiada polo goberno amigo da Deputación e da Xunta de Galicia, e coa colaboración de uns independentes que finalmente demostrouse que o que buscaban na política local eran os seus intereses persoais.

Desde AGRELAR, con Xavier Simón e con todos os nosos compañeiros e compañeiros, traballaremos arreo para contribuír á mellora do benestar de toda a cidadanía. Ademais, o lugar de Xavier Simón no Concello será ocupado por Pepe Álvarez, candidato de enorme experiencia na xestión municipal. Pepe coñece perfectamente o funcionamento da institución municipal e foi concelleiro responsable de diversas áreas entre 2011 e 2014, participando activamente na modernización e democratización do noso Concello.

Grazas



■ Xavier Simón

Dediquei todo o meu tempo político nos últimos 24 anos a traballar colectivamente para que Arbo deixara atrás o caciquismo, para que chegara a necesaria transición democrática e para que puideramos ver un futuro mellor para o noso pobo. Creio que parcialmente o conseguimos. Na comarca da Paradanta, nos últimos 80 anos, so en Arbo, entre 2011 e 2014 co goberno de coalición encabezado por un alcalde nacionalista, foi posible construír unha alternativa real á dereita política. Eu sintome totalmente identificado con ese cambio ocorrido en Arbo e orgulloso dos logros que se conseguiron en tan pouco tempo, con poucos recursos, coa necesidade de sanear un Concello que estaba perto da bancarrota, e cunha oposición aliada cos seus

da Deputación e da Xunta tentando asfixiar ao goberno municipal.

Síntome orgulloso, como digo, e tamén agradecido. Agradecido á xente de ben que me apoiou como alcalde, e que me respectou como persoa. Agradecido aos meus compañeiros de goberno (Manolo, Pepe e Fabiola) que aguantaron a presión ata o final. Agradecido aos meus compañeiros e compañeiras de organización local que nunca deixaron de crer no proxecto político de transformación de Arbo que eu encabezaba. Agradecido, en fin, a ducias de veciños e veciñas anónimas que confiaron nese proxecto político que reivindicaba ás persoas, que non as diferenciaba por forma de pensar, que apostaba pola transparencia e pola igualdade de oportunidades, que loitaba contra o despilfarro e que construía novas realidades pensando unicamente no benestar colectivo. Grazas a todos e todas pois a vosa desinteresada participación, colaboración e confianza ocuparán sempre un lugar destacado no meu corazón.

Neses 24 anos de traballo político en Arbo tamén houbo tempo para a desesperanza, os malos momentos e as condutas viles. Pero non paga a pena recordalas agora, e moito menos darlles importancia. So quero mencionar que nas últimas eleccións municipais encabecei unha candidatura de unidade popular baixo as siglas da Agrupa-

ción de Electores de Arbo o que supuxo unha experiencia moi enriquecedora e exitosa: so as mentiras e as prácticas caciquís de algúns e os falsos intereses partidistas de outros impediron por un puñado de votos alcanzar a maioría absoluta, necesaria para continuar na senda da transformación do noso pobo. Malia iso AGRELAR consolidouse como a única alternativa aos gobernos da dereita en Arbo e alcanzou un resultado histórico ao obter case o 46% dos votos emitidos.

Coa miña renuncia á acta de concelleiro non dou un paso atrás, nin deixo a miña militancia política de loita por un mundo mellor. Colócome a un lado, porque é tempo de deixar a porta aberta para que as novas camadas de mozos e mozas preocupadas polos problemas sociais e económicos que padecemos tomen as rendas do noso futuro. E agora máis que nunca pónome ao servizo das novas formas de facer política, lonxe de todas as organizacións políticas tradicionais que non serviron para construír sociedades máis xustas e solidarias, e empeño a miña actividade social e militante para contribuír a erradicar o dogmatismo e o caciquismo e para construírmos novos mundos de paz, solidariedade e xustiza, aquí e no mundo enteiro coa linguaxe universal da confianza nas persoas e na súa dignidade como seres humanos.

En Arbo a 10 de agosto de 2015

A GUARDA

O alcalde guardés, Antonio Lomba, reúnese co alcalde de Vigo, Abel Caballero



O Alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, reuniuse hoxe co alcalde de Vigo, Abel Caballero, para falar da posible integración da vila de A Guarda na Área Metropolitana. Reunión que o alcalde guardés tildou de “moi cordial”, Lomba plantexoulle os problemas que a súa vila tería para pertencer a esta agrupación de Concellos, afirmando que para a Guarda, Vigo é a cidade de referencia, tanto da sanidade, coma para estudantes; é o lugar onde moitos guardeses traballan; por esta razón o alcalde afirmou que sería conveniente formar parte desta Área Metropolitana, pero antes deberían resolverse os problemas de comunicación. “A comunicación con Vigo non é boa. Non pode ser é que A Guarda forme parte da Área Metropolitana estando illada”, declarou Lomba. “Para integrarnos

precisamos que se remate a vía de alta capacidade para unir A Guarda con Tui”, afirmou o Alcalde guardés..

Neste punto, dixo que no proxecto inicial da Xunta esta estrada xa debería de estar rematada, na actualidade descoñece cal é o seu estado. “É unha obra fundamental; precisamos que a Xunta nos informe”, dixo. Antonio Lomba afirmou que o alcalde de Vigo mostrou o seu apoio; aínda que . “A pesar de que non é competencia da Área Metropolitana existir esta vía de Alta Capacidade é importante ter o apoio de Caballero”, declarou Lomba.

Ademais, o alcalde guardés, tras a reunión afirmou que Abel Caballero comprometeuse a mellorar os puntos débiles dos Concellos que formen parte desta Área Metropolitana, e este era un deles.

Desta maneira, Antonio Lomba, dixo que o proxecto da Área Metropolitana, solventando esta cuestión, encaixaría coas pretensións da súa vila.

Paradas de autobús

O alcalde guardés aproveitou este encontro co Alcalde vigués para solicitarlle novas paradas de autobús na zona do hospital de Povisa para os transportes públicos que chegan a Vigo dende A Guarda por Baiona. Caballero afirmou que non habería “ningún problema”. Este encontro terminou coa invitación por parte de Antonio Lomba ó alcalde vigués para visitar A Guarda e, se fora posible, presentarlle ó Presidente da Cámara Municipal de Caminha, Miguel Alves. Abel Caballero aceptou con moito gusto o encontro.

Aplicación para móbiles do Concello de A Guarda

O alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, foi o encargado de presentar esta aplicación APP ós medios de comunicación e os diferentes veciños e veciñas que asistiron a dito acto. Seguiu coa presentación do equipo que traballará en cada un dos aptados:

José David Flores, técnico informático será o encargado de asesorar e coordinar o equipo. Teresa Espejo, técnica de Cultura, é a responsable da axenda da aplicación, Rosalía Verde, técnica de Turismo, é a persoa que actualizará os contidos do espazo de Turismo e a Guía de Empresas. E por último, Patricia Guisantes, será encargada, xunto con José Luis Gil e María del Carmen García, de coordinar o módulo de incidencias.

“Esta aplicación ten unha parte de información para os veciños e veciñas de A Guarda e visitantes; unha parte interactiva e outra parte de avisos”, explicou o alcalde guardés.

Explicou que o módulo de incidencias, é unha parte da aplicación moi interesante, pois calquera persoa poderá sacar unha fotogra-

fía a un problema ou incidencia e mandala directamente ó Concello. Dende aí Patricia Guisantes, se poría en contacto con os responsables e se solventaría. Unha vez que se resolva, chegaría un mail á persoa que aportou dita mensaxe. Outro módulo que resaltou o alcalde foi a “Guía de Empresas”, facendo un chamamento ás empresas guardesas para que formen parte da aplicación. “Quere-mos que a xente se implique co concello e esta é unha boa maneira”, afirmou Lomba.

Por último recalcou as pestanas de “Turismo” e de “Mapas”, moi interesantes para os visitantes que cheguen a Guarda. O que vai facer o Concello, explicou Lomba, publicar a descarga da APP na entrada da vila e na web.

O Concello contou cun orzamento de 3942 euros e o mantemento custará 450 euros.

O Alcalde quere que a aplicación sexa un complemento para a páxina web xa que é algo creado para utilizar nos móbiles. “Esta aplicación enténdese para levar no peto, para usala cando esteas na rúa”, afirmou.



HORARIO INVERNO

Do 16 de setembro de 2015 ó 30 de xuño de 2016



Horario de ESPAÑA

ESTE HORARIO PODE VARIAR EN FUNCIÓN DAS MAREAS

SAÍDA A GUARDA	Luns	Martes	Mérc.	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	SAÍDA CAMINHA
10:30								10:00
11:30								11:00
12:30								12:00
13:30								13:00
14:30								14:00
15:30								15:00
16:30								16:00
17:30								17:00
18:30								18:00
19:30								19:00
20:15								20:00

IMPORTANTE: NON REALIZARÁ TRAVESTÍAS

TEL: (+34) 986 611 526

Novas da Raia

A GUARDA

A Guarda colabora co sistema de “Garantía Juvenil”

As Comcellerías de Formación e Emprego e Xuventude de A Guarda colaboran co Ministerio de Servizos Sociais e Igualdade no Sistema de “Garantía Juvenil”.

Esta iniciativa, promovida pola Unión Europea, ten como obxectivo que os xoves entre 16 e 29 anos que non estean cursando estudos, formación ocupacional ou non teñan emprego, poidan recibir unha oferta de emprego, de educación ou de formación tras haber finalizado os seus estudos ou quedar desempregados.

As persoas interesadas en participar neste programa poden achegarse á OMIX do Concello de A Guarda. Dende aquí, se lle dará toda a información necesaria e se solicitará o usuario en contrasinal para poder inscribirse no Sistema de Garantía Xuvenil.

Ademais poden acceder a páxina www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/home.html

para recadar máis información.

Requisitos para inscribirse

- Ter a nacionalidade española ou ser cidadá da Unión Europea. Ser estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.

- Estar empadroadado en calquera localidade de territorio nacional español.

- Ter máis de 16 anos e menos de 30 no momento de solicitar a inscrición.

- Non haber traballados nos últimos 30 días naturais.

- Non haber recibido accións educativas (máis de 40 horas mensuais) nos últimos 90 días nin haber recibido accións formativas (máis de 40 horas mensuais) nos últimos 30 días.

- Solicitar e presentar unha declaración expresa de ter interese en participar no “Sistema de Garantía Juvenil”.



Aberto o prazo de inscrición para o curso preparatorio para obter o título de graduado en ESO



O Concello de A Guarda xa ten aberto o prazo de inscrición para todos aqueles interesados en acudir o curso preparatorio para obter o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Esta curso está orientado a aqueles alumnos que non conseguiron o graduado en ESO ou aquelas persoas que, debida a súa

idade, xa están fora do ámbito escolar e queren sacar este título.

Todas aquelas persoas interesadas en ser alumnos deste curso poder inscribirse chamando á OMIX do Concello ó número 986614546 ou a AEDL. Ademais de poder facer efectivas as inscricións no propio Concello ou a través da dirección de correo emprego@aguarda.es.

Nova partida de composteiros de Sogama



O Concello de A Guarda recibe unha nova partida de composteiros por parte de SOGAMA. A vila poderá incrementar a participación do compostaxe por parte das veciñas e veciños guardeses.

Os beneficios do proceso de compostaxe, e por tanto da reciclaxe de materia orgánica, non son só ambientais senón que tamén son económicos e sociais.

A Guarda é un Concello que participa nesta iniciativa dende o ano 2014. Dende o principio tivo unha acollida moi satisfactoria o que permitiu aos veciños e veciñas da localidade producir un fertilizante natural para todo tipo de plantas, derivado dos seus pro-

prios residuos. Por esta razón, a Concellería de Servizos, continúa apostando polo compostaxe.

Este tipo de composteiros utilizados son moi eficientes e ademais os seus procesos son libres de todo tipo de cheiros.

Todas aquelas persoas interesadas nos composteiros poden facer a súa petición no propio Concello. A partir dese momento se irán repartindo nos fogares por orde estrita de anotación.

O Concello recorda que para as grandes cantidades de sega e poda dos xardíns está a disposición de todos os veciños e veciñas un lugar adecuado no Punto Limpo.

As escolas municipais deportivas do concello de A Guarda dan comezo este mes de outubro

Tamén se ofertará Patinaxe Artístico

Esta primeira semana do mes de outubro xa dan comezo as clases das escolas municipais deportivas organizadas polo Concello da Guarda.

Ademais de Escolas de Baloncesto e de Pádel, tamén se ofertarán clases de Patinaxe Artístico. Esta última actividade está promovida pola Deputación de Pontevedra en colaboración co propio Concello.

Nas tres disciplinas aínda hai prazas libres. As clases están destinadas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos de idade.

Todas aquelas persoas que estean interesadas ou precisan máis información poden dirixirse o Departamento de Deportes do Concello da Guarda o chamar o número de teléfono 986 61 00 00.



Novas da Raia

A GUARDA

Fin de semana moi activa en A Guarda



Moitos e moi diversas as actividades organizadas na vila da Guarda.

A primeira delas é "Conversas coa Xuventude", organizada pola Concellería de Xuventude. Terá lugar o venres, ás 20,30 horas na Casa dos Alonsos. Espacio de encontro entre a Administración local e a mocidade.

Nesta primeira sesión, "Implicación entre a xuventude e o Concello" intervirán José Manuel Domínguez Freitas, ex alcalde da Guarda e Antonio Lomba Baz, actual alcalde do municipio.

Sábado e domingo

O sábado, 3 de outubro, o Concello ten organizada unha nova andaina polos montes da Pedrada e da Magdalena, no Concello de Tomiño.

Saída ás 8,30 horas da explanada da Sanguña; chegada prevista ás 18 horas.

Sábado, no auditorio guardés de San Bieito, o Centro Social O Fusalho organiza a súa V edición do Mercadillo Sustentable; actuación de "C Orquesta Pantasma".

O domingo terá lugar a "15K do Atlántico" que percorrerá os Concellos de A Guarda, Oia e O Rosal. Comenzará ás 11 horas dende o campo de fútbol de Oia e rematará o final do paseo marítimo guardés.

Este ano, por primeira vez, celebrarase á vez a primeira edición da "Andaina 15K do Atlántico". A saída para os participantes será ás 10 horas dende o mesmo punto da carreira e terminarán, tamén, xunto aos corredores no porto da Guarda.

VILA NOVA DE CERVEIRA

SUPERTAÇA DE PORTUGAL DE BASQUETEBOL

SÁBADO 3 OUTUBRO
PAVILHÃO MULTIUSOS DE CERVEIRA
18H00

SPORT LISBOA E BENFICA

BASKET CLUB DE BARCELOS

Citania

Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 • Salceda de Caselas
Telf./Fax: 986 34 06 06
www.facebook.com/citania • info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

Restaurante "O Alêrito"

Edificio con capacidade para 300 Pessoas
Casamentos, Baptizados, comunhões, Aniversários, Vários
Serviço de Catering
www.oalerito.com

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
Ponteareas (Pontevedra)
TLF: 986640834

Novas da Raia

A GUARDA

Visitas "VIP" às escavações no castro do monte Santa Trega durante as fins de semana de outubro

O Concelho da Guarda em colaboração com o Padroado Municipal do Monte Santa Trega organiza, durante as fins de semana de outubro, visitas guiadas gratuitas às escavações no Castro Santa Trega.

Com este tipo de visitas querê pôr-se em valor o trabalho que os arqueólogos estão levando a cabo no povoado da Mergelina. Assim, terão a oportunidade de ver a evolução dos trabalhos dos expertos.

Para não interromper nem interferir na zona de escavações os grupos serão reduzidos pelo que se precisa reserva. Assim, todas as pessoas interessadas em assistir a estas visitas devem fazer a sua visita dirigindo-se ao Museu Arqueológico Santa Trega (MASAT), chamar ao 690017038 ou 986 61 05 04 ou mandar um mail à direcção masat@aguarda.es.

Depois de fazer a reserva, os tickets recollense no mesmo museu. Días e horarios

No momento de fazer a reserva os interessados deverão escolher o dia e a hora à que querem acudir a visita.

Os horarios e dias fixados são: os sábados dias 10, 17 e 24 de outubro, em horario de 11,30 e 13 horas pela manhã e de 17 e 18,30 horas pela tarde. E os domingos dias 11, 18 e 25, em quenda de manhã, às 11,30 horas e as 13 horas.

A duração de cada unha das visitas é de 60 minutos e o ponto de encontro é a Casa Forestal.



MONÇÃO

2º Festival do Cordeiro À Moda De Monção

Certame gastronómico dedicado aquele prato típico de Monção realiza-se nos dias 9, 10 e 11 de outubro com a participação de 23 restaurantes do concelho e uma programação complementar dirigida a vários públicos.

No espaço multiusos, localizado na Praça-Deu-la-Deu, está prevista animação de rua, workshops de tradições, noite de fado, baile, visitas ao centro histórico de Monção, demonstrações culinárias e tertúlias gastronómicas.

Trilho das Pesqueiras



MONÇÃO

TRILHO DAS PESQUEIRAS BELA

CAMINHA PARA CONHECER MONÇÃO

Município de Monção 251 649 000
Loja Interativa de Turismo 251 649 013
Bombeiros Voluntários 251 652 303
505 112
Florestas 117

Nome: Trilho das Pesqueiras - Bela

Data: 03 de Outubro 2015

Local e hora de encontro: Largo da Estação às 08h30 (para quem não conhece muito bem o concelho) ou 09h00 junto à Capela de S. Bento na Bela

Local de início: Capela de S. Bento na Bela

Guias: Marina Carvalho / Bruno Gonçalves / Patricia Gonçalves

Coordenadas: 42° 4' 21.76" N / 8° 26' 18.40" W

Hora de início: 09h00

Distância: 6,5 Km

Âmbito do percurso: Paisagístico-Cultural

Tipo de percurso: Circular

Duração: 2h30

Dificuldade: Fácil

Organização: Município de Monção

NOTA: Aconselha-se roupa e calçado confortável, chapéu, protetor solar e reforço alimentar, não esquecendo a água.

A iniciativa "Caminha para Conhecer Monção" prossegue este sábado, 3 de outubro, com a realização do Trilho das Pesqueiras, na freguesia da Bela. O percurso, feito em âmbito paisagístico-cultural numa extensão de 6,5 quilómetros, apresenta um grau de dificuldade moderado/fácil. O ponto de encontro é na Capela de S. Bento, pelas 9h00, ou na antiga estação da CP de Monção, pelas 8h30. A deslocação é feita em viatura própria. A participação é gratuita, sendo, no entanto, necessária a respetiva inscrição na Loja

Interativa de Turismo (T. 251 649 013 | turismo@cm-moncao.pt) ou nalink: https://docs.google.com/.../1U_g08XpkPLJ13_FLAZoXGr.../view-form

A organização aconselha roupa e calçado confortável e adaptado à irregularidade do terreno, chapéu, água, protetor solar e reforço alimentar. A proposta é passar uma manhã agradável nas margens do rio Minho, freguesia da Bela, recuperando o bucolismo fluvial evidenciado pelas pesqueiras. Um património que urge preservar, defender e valorizar.

Norte de Portugal

NEOPOF transforma Viana em capital da música eletrónica

Hotelaria esgota capacidade. Edição de 2016 já tem data e orçamento

Por Manuel Sotomaíor



Viana do Castelo é já tida como a capital portuguesa da música electrónica. Desde há 10 anos que nele decorre, durante três ou quatro dias, no mês de agosto, um festival, junto ao Castelo de Santiago da Barra e à ribeira da cidade. Trata-se do NEOPOP ElectronicMusic Festival, evento

que, inicialmente, tinha como nome “Anti-pop”, mas, a partir de 2009, tomou a designação atual.

A última edição teve uma média diária de 10 mil pessoas e chegou a mais de 80 países através da transmissão pela internet. A edição para 2016, a 11ª, foi já anunciada para de 4 a 6 de

agosto, um pouco mais cedo do que o habitual, e é apresentada como “a melhor de sempre”. Terá um orçamento de um milhão de euros e o lema será “De Viana para o mundo”. O passe para os três dias do certame, já à venda, custa 65 euros.

Conforme o anunciado, em 2016 decorrerão mais ações de pré-

apresentação, com o desiderato de “desmistificar” o evento. Irão decorrer por toda a cidade, de modo “a fazer uma aproximação entre o evento e a população local”. Estas “terão por base uma forte aposta nas novas tecnologias e, na música eletrónica em vertentes que ultrapassam o formato do festival”. Segundo os organizadores, este ano, o festival gerou um retorno financeiro na ordem dos quatro milhões de euros. O parque hoteleiro da cidade esgotou, tendo os promotores chegado mesmo a alugar as residências académicas para fazer face à procura.

Vieram festivaleiros de cerca de 30 países, maioritariamente com idades entre os 26 e os 35 anos de idade. Estima-se que, em termos médios, efectuem uma despesa diária na ordem de 350 a 400 euros.

Para 2016, a parceria com a Câmara Municipal de Viana do Castelo promete ajudar a resolver os problemas que se têm registado, a nível de acessibilidades e alojamento. Isto numa altura em que, dizem os organizadores, “os apoios das grandes marcas tendem a pressionar-nos para movermos o festival para os grandes centros urbanos.



NOVAS DO EIXO ATLÂNTICO registou declarações exclusivas de Raul Duro, a principal figura da organização deste evento

A edição do NEOPOP deste ano originou um retorno de quatro milhões. Qual foi, afinal, o montante envolvido e os apoios registados?

“entre porto e vigo”

■ O montante envolvido na produção de um evento como o Neo-Pop é cerca de um milhão de euros, os apoios das marcas são apenas comerciais, sendo que a RedBull tem vindo a fazer algumas ativações de alguns milhares de euros que acabam por ter um retorno qualitativo bastante interessante; a Tabaqueira também tem mantido ao longo dos anos um pequeno apoio ao qual agradecemos (apesar de ser quase in-

significante, tendo em conta o nosso orçamento). Todos os outros apoios são, basicamente, comerciais ou muito pouco significativos.

Porquê Viana do Castelo foi escolhida para esta iniciativa que a transforma na capital portuguesa da música eletrónica?

Viana do Castelo é uma cidade simples, bonita, de gente afável, com boa gastronomia, com rio,

“tentar contornar o problema”

com mar, com muitas atrações turísticas e fica situada entre as cidades do Porto e Vigo...

Referiram que o festival tem esgotado o parque hoteleiro e sentiram mesmo necessidade de alugar residências acadêmi-

cas. Se o Neopop continuar neste trajeto ascendente, como é que vão ultrapassar este problema que se agravará?

■ Estamos juntamente com a Câmara Municipal a tentar contornar o problema, brevemente teremos, espero, boas novidades.

Há alguns moradores de certas zonas da urbe que se queixam do barulho durante toda a noite que os priva do descanso noturno. Que têm previsto para resolver ou minorar esta situação?

Isso não é um problema, mas sim uma consequência do evento; tal como todos os certames com ruído, têm os seus contras. Mas na análise dos aspectos positivos é bem maiores.

Para a próxima edição está anunciado um investimento na ordem do milhão de euros e que o município vianense vai reforçar o apoio? Em quanto? E com que outros apoios vão contar?

■ Esperamos da autarquia um apoio no desenvolvimento do evento, a nível logístico e a nível de promoção, marcar Viana cada vez mais pelo evento, em Portugal, na Europa e no resto do mundo.

Quanto a outros apoios, podemos garantir que a RedBull estará ainda mais presente, tal como a Tabaqueira. No entanto, estamos em negociação com outras marcas.

Anunciam, também para 2016, ações de pré-apresentação. Que está previsto, em concreto?

■ Sim, toda a promoção que estamos a preparar conta com várias ativações da marca NEOPOP/VIANA, serão eventos que marcam a nossa música e comunicação, passando por várias cidades, aquelas que mais público têm.

E para o cartaz, que novidades estão previstas?

■ Essas são as novidades que mal estejamos preparados para as divulgar, assim o faremos. No entanto, vamos certamente fazer os possíveis para continuar a surpreender as pessoas.

Algo mais que queira acrescentar?

■ Paz e Amor, tudo o resto vem por acréscimo



■ Sr. Raul Duro

Norte de Portugal - Aldea Global

Eixo Atlântico quer antecipar fim do roaming

O Eixo Atlântico, estrutura que reúne as 34 maiores cidades do Norte de Portugal e da Galiza, garante que a Xunta galega se juntou ao movimento que reivindica a abolição do 'roaming' nas zonas de fronteira, ao apelar ao governo espanhol que ponha fim ao pagamento daquelas das taxas. Em comunicado, aquela associação transfronteiriça, adiantou que o parlamento galego aprovou, por unanimidade, "uma proposta do grupo parlamentar socialista, apoiada pelo PP, a solicitar ao governo de Espanha que antecipe a eliminação do pagamento do 'roaming', prevista para em 2017". "A deputada do grupo parlamentar dos socialistas da Galiza, Noela Blanco Rodríguez, realizou esta iniciativa a pedido do Eixo Atlântico e da Rede Ibérica de Entidades Transfronteiriças (RIET) que impulsionaram a campanha Ze-

roRoaming, lançada em junho passado, para apoiar o Parlamento Europeu na eliminação das tarifas de 'roaming', lê-se na nota enviada à imprensa. No documento, o Eixo Atlântico refere que em carta enviada ao secretário-geral do Eixo Atlântico e da Rede Ibéricas de Entidades Transfronteiriças (RIET), o vice-presidente da Comissão Europeia para o Mercado Único Digital, Andrus Ansip, afirmou que as "taxas deixarão de existir a partir de 15 de junho de 2017, e que a partir dessa data, os clientes da União Europeia (EU) pagarão o mesmo preço para as chamadas, mensagens de texto, e dados móveis que pagam no seu país, para onde quer que viajem, dentro da UE".

Em junho passado o presidente da RIET, José Maria Costa, autarca em Viana do Castelo, congratulou-se com o acordo alcançado entre o Conselho da União Europeia (UE) e o Parla-

mento Europeu, para a abolição das taxas de 'roaming' em 2017.

A RIET, que integra 33 membros, entre associações empresariais e universidades dos dois países, representa os interesses de mais de 12 milhões de habitantes, e mais de um milhão de empresas com um Produto Interno Bruto (PIB) de 188 milhões de euros.

A partir de maio de 2016, as taxas de 'roaming' não poderão ultrapassar os 0,05 euros por minuto nas chamadas, 0,02 euros nas mensagens e 0,05 euros por megabyte no uso de dados.

O 'roaming' é o serviço que permite utilizar o telemóvel e o acesso à internet no estrangeiro, pagando o utilizador uma tarifa superior à nacional pelos mesmos serviços, um custo extra que as organizações que lançaram a petição consideram violar os princípios do Mercado Interno Europeu.

Nova Deputação de Pontevedra evita extinção da Uniminho

A Uniminho, associação do vale do Minho transfronteiriço, que engloba 15 municípios portugueses (Melgaço, Monção, Valença, VN Cerveira, Paredes de Coura e Caminha) e galegos (A Cañiza, A Guarda, Arbo, As Neves, Crecente, O Rosal, Salvaterra do Miño, Tomiño e Tui), banhados pelo rio Minho, acaba de ver a sua continuidade assegurada pela nova presidente da deputação provincial de Pontevedra, Carmela Silva, e pela deputado Uxío Benítez. "O novo órgão directivo de deputação de Pontevedra assumiu o objetivo de reintegrar a Uniminho, de que faz parte a Comunidade Intermunicipal do Vale do Minho, como organismo de colaboração estável que analise e trabalhe nas potencialidades socioeconómicas da ribeira do Minho, e que sirva como meio para solicitar fundos europeus para desenvolver programas de cooperação inter-regional", adiantar uma nota daquela associação, fundada em 2006.

A continuidade da estrutura foi colocada em causa no início do corrente ano de 2015 pelo "anterior governo Provincial de Pontevedra, o ter decidido pela não prorrogação do convénio da constituição da associação, firmado em setembro de 2006". O compromisso de continuidade foi assumida durante uma reunião efetuada no passado mês de setembro, em Valença, entre o Conselho Diretivo e os governantes da província de Pontevedra.

A Uniminho está já a trabalhar na execução do projeto ECOTUR, cujos objectivos passam pela conservação e valorização do património da Rede Natura 2000 de região e uma oferta estruturada e organizada do Vale do Minho como um destino "ecoturístico de excelência". Este projeto prevê uma candidatura conjunta, a apresentar este mês, aos novos fundos comunitários para a cooperação transfronteiriça, no valor de seis milhões de euros.

Xornada empresarial de "AEGAMA" na Casa de Galicia en Madrid

A Casa de Galicia acolheu a Xornada empresarial "Xestión do Patrimonio Financeiro e Inmobiliario", organizada pola Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (AEGAMA) en colaboración con OPTIMA Financial Planners. O director da Casa, Sr. Ónega, saudou e deu a benvida ao presidente de AEGAMA Xullo Lage, así como aos socios e asistentes, desexando fose "unha xornada moi productiva"; lembrando ademais que "podedes contar co apoio incondicional desta Casa", xesto que Lage agradeceu; A xornada celebrouse de de 9:30 a 12:30 horas. Na primeira parte, os financial planners Ángel Alonso e David Rey, interviñeron para expoñer as formulacións e responder a todo tipo de cuestións relacionadas con investimentos e bens inmobles. Preguntas como ¿son os bens inmobles a mellor maneira de protexer o meu futuro financeiro? ¿Poden axudarme a manter o meu nivel de vida a longo prazo? ¿É un bo vehículo para alcanzar as miñas metas persoais e familiares?, foron respondidas polos



especialistas, despois de analizar as variables expostas. Optima Financial Planners é unha empresa independente es-

pecializada en Planificación Financeiro-Fiscal que ofrece asesoramento aos seus clientes, aos que achega solucións a medida,

co obxectivo de garantir a súa seguridade financeira e aproveitar ao máximo as vantaxes fiscais, tanto no ámbito

profesional como persoal. Neste caso, prepararan unha sesión específica para os socios de AEGAMA.

Norte de Portugal

BRAGANÇA

Inauguração das exposições

GRAÇA MORAIS -
CENÁRIOS E FIGURINOS

18 de setembro, às 21h30, no Teatro Municipal de Bragança

19 de setembro, às 15h00, no Centro de Arte Contemporânea Graça Morais

ANDRÉ GOMES -
INCANDESCÊNCIA DAS
SOMBRAS

19 de setembro, às 15h00, no Centro de Arte Contemporânea Graça Morais

GRAÇA MORAIS
CENÁRIOS E FIGURINOS

Nos primeiros anos da década de 1990, em plena maturidade artística, Graça Morais realizou um impressionante corpo de trabalho na área da cenografia e desenho de figurinos; uma dimensão menos conhecida da sua obra que, como a pintura e o desenho, se alicerça em marcas autorais muito vincadas. Oito telões produzidos para a peça Ricardo II, de William Shakespeare, levada à cena no Teatro Nacional D. Maria II, em 1995, e os dezoito painéis que executa, três anos antes, para a peça Biombos, de Jean Genet, no Teatro Experimental de Cascais, são alguns dos mais relevantes trabalhos que realiza neste contexto.

Ainda que autónoma ao contexto teatral a que esteve vinculada, a obra é agora apresentada pela primeira vez em contexto expositivo e simultaneamente no Centro de Arte Contemporânea Graça Morais e no Teatro Municipal de Bragança.

Comissário: Jorge da Costa

Coprodução: Município de Bragança, Centro de Arte Contemporânea Graça Morais, Teatro Municipal de Bragança, Teatro Nacional D. Maria II

Colaboração: Teatro Experimental de Cascais

ANDRÉ GOMES
INCANDESCÊNCIA DAS SOMBRAS

A produção artística de André Gomes tem-se confinado à fotografia. Porém, o seu imaginário não pode ser restrito a um modo específico de expressão visual. Com efeito, é explícita na sua obra a proliferação de inúmeras referências com origem na história de arte, mas também (ou sobretudo) na literatura e na filosofia, no teatro e no cinema, enquanto territórios de mediações de imagens, narrativas e mitologias. (...) As referências são indicações suscetíveis de mobilizar uma imaginação imensamente prolífica, disponível para gerar ligações improváveis e até certo ponto inexplicáveis, que combinam distintos horizontes experienciais e culturais (...)

Ao percorrermos as suas várias séries, é fácil perceber que o que fundamentalmente motiva André Gomes para a fotografia é a possibilidade de um certo alcance experiencial e poético.

Comissários: Jorge da Costa e Sérgio Mah
Produção: Município de Bragança, Centro de Arte Contemporânea Graça Morais

MIRANDELA

Câmara Municipal aprova redução de IMI para famílias com dependentes a cargo

A Câmara Municipal de Mirandela aprovou na última reunião quinzenal do Executivo Municipal a redução da taxa de IMI em função do número de dependentes a cargo, designadamente: a redução de 10% para as famílias com um dependente, em 15% para as famílias com dois dependentes e em 20% para as famílias com três ou mais dependentes. A proposta vai ainda ser apresentada na próxima Assembleia Municipal e, em caso de aprovação, produz efeitos no ano de 2016. Esta é uma medida que, embora contribua para uma significativa redução da receita, se enquadra num conceito de apoio à família que a Câmara Municipal de Mirandela defende.



Em simultâneo, neste documento aprovado pela Câmara e que brevemente será submetido à Assembleia Municipal, é também proposto o agravamento anual das

Taxas de IMI em situações que visam dissuadir e erradicar o abandono e negligência de proprietários de prédios urbanos e rústicos.

Mirandelenses brilham internacionalmente

Os mirandelenses Rui Pires e João Geraldo estiveram recentemente em destaque em competições internacionais de Futebol e Tênis de Mesa.

Rui Pires, natural de São Pedro Velho, e a atuar nos Juniores do Futebol Clube do Porto, teve a total confiança do selecionador nacional, Prof. José Guilherme e foi titular nos três jogos da Seleção Nacional de Futebol num Torneio Internacional na Suécia para Sub-18. O mirandense João Geraldo esteve em destaque ao alcançar a medalha de prata no

Open da Áustria, na competição de singulares, destinada aos Sub-21 masculinos. O mesatenista da cidade do Tua chegou à final e após uma partida muito equilibrada, com os parciais de 11-5, 3-11, 11-8, 11-9, acabou derrotado pelo ZhaiYujia da Dinamarca por 3-1. Entre os dias 13 e 19 de setembro, também o mirandense David Martins irá participar numa grande competição, desta vez em Lisboa, onde será disputado o título individual absoluto entre os dez melhores xadrezistas de Portugal.



PORTO

Exposição de Helder Sanhudo inaugura dia 13 setembro

A Casa das Artes acolhe, a partir do próximo dia 13 de setembro, uma nova exposição de desenho e pintura de Helder Sanhudo, intitulada "Às coisas vividas."

Pela primeira vez o artista reúne uma parte significativa do seu acervo numa exposição singular de revisão ao tempo, que abre quase um novo paradigma no seu processo criativo, carregado com a carga autorreferencial que lhe é inerente. Na sua maioria são caras de personagens de relevância no seu percurso, são momentos, e o momento é sempre tempo. São quase fotogramas de personagens cheios daquela vontade primordial de existirem. Há um qualquer efeito de abstração

nestas suas imagens figurativas. Deixa o tempo todo em aberto, ao correr da empatia de quem vê.



Workshop de Direção de Fotografia na Casa Allen

No fim de semana de 3 e 4 de outubro, o Cine-clube do Porto, em parceria com a Direção Regional de Cultura do Norte, promove na Casa Allen um workshop de Direção de Fotografia orientado por Manuel Pinto Barros. Manuel Pinto Barros, licenciado em Cine-Vídeo pela Esc. Superior Artística do Porto (Esap), em 2008.

Após a conclusão dos seus estudos, integrou diversos projectos como Director de Fotografia e Assistente de Câmara, passando por publicidades, curtas-metragens e videoclips. Em cada filme procura incutir um estilo estético único e diferenciado, utilizando variadas técnicas sempre em articulação com as especificidades de cada produção. Em 2014 finalizou as curtas-metragens "Bicicleta" e "Amélia &



Duarte". "Bicicleta", realizado por Luís Vieira Campos, venceu o Prémio TAP (Curtas Vila do Conde 2014) e Melhor Curta-metragem no Caminhos do Cinema Português. "Amélia & Duarte", animação realizada por Mónica Santos e Alice Guimarães, teve estreia Nacional no Curtas Vila do Conde 2015, tendo vencido o Prémio do Público SPA e o Prémio Canal+. Conteúdos do workshop em <http://casadasartes.pt/>

Galegos en Asturias

Os galegos de Asturias celebraron a festa anual

A Asociación Día de Galicia en Asturias celebrou en Oviedo os actos culturais, empresariais e lúdicos que anualmente organiza e que nesta ocasión chegou ao XX aniversario.

Por: Jesús Losada



■ Laureano, presidente da zona norte do Camiño de Santiago; Manuel Quevedo; Francisco Singul, director Plan Xacobeo; José Luis Galán presidente da asociación asturleonese do Camiño de Santiago e Sergio Fuente, moderador do coloquio.

As actividades comezaron coa inauguración dunha exposición de cerámica e traxes rexionais do Centro de Diseño e Artesanía de Galicia da Deputación de Lugo, no Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo. Celebrouse o anual encontro empresarial entre empresas galegas e asturianas na Cámara de Comercio de Oviedo que preside Fernando Fernández Kelly, no que participaron o Instituto Ourenseño de Desenvolvemento Económico (INORDE), o Instituto Galego de Promoción Económica, (IGAPE), Abanca, Centro Médico de Astu-

rias, Grupo Oca-Hotels, Azvase, Atox, Farho, o restaurante La Goleta, La Jamonería e a Cámara de Comercio de Oviedo. O presidente do Inorde, Rosendo Fernández, recibiu o recoñecemento “polo labor que leva a cabo a prol do desenvolvemento da provincia de Ourense”. Rosendo Fernández agradeceu á asociación este recoñecemento que constitúe –dixo– “un referendo ao traballo que realiza a institución en favor da provincia, das súas empresas e do aproveitamento dos seus potenciais”. Con este recoñecemento a Asociación Día de Galicia

en Asturias quere destacar a colaboración e o apoio que ofrece cada ano o Inorde á hora de realizar as súas actividades en Oviedo.

Xornadas gastronómicas

O programa deste ano incluíu tamén as Xornadas Gastronómicas de Galicia na rúa peonil Pablo Picasso así como unha gran queimada celebrada o sábado á noite. Degustáronse os viños da Ribeira Sacra: Peza do Rei, Valcar e Oríxenes; Treboada Selección, do Ribeiro e Terra de Lendas, de Rías

Baixas. O domingo día 13 celebrouse o almuerzo oficial no restaurante El Castillo de la Zoreda (La Manjoya). Tamén, na sala de Liberbank (antes CajAstur) e coa colaboración con Clube de Prensa do xornal La Nueva España, Sergio Fuente, licenciado en Historia, presentou unha conferencia-coloquio sobre “Os Camiños do Norte e Camiño Primitivo como Patrimonio da Humanidade”, impartida polo xefe da Área do Plan Xacobeo Francisco Singul. Interviron tamén os presidentes da zona Norte e da asociación Asturleonese de Amigos do Camiño de Santiago.

Homenaxes

A Escola de Danza Castro Floxo, da Deputación de Ourense, ofreceu un concerto e tamén actuou no Auditorio Príncipe Felipe, Miguel Ángel Celemín en homenaxe

ao Concello de A Fonsagrada e a Cruz Vermella de Asturias a quen se lles fixo entrega dos carnés de socios de honra. O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, e o empresario Carlos Slim, foron homenaxeados pola Asociación Día de Galicia en Asturias coa imposición da insignia de ouro e o carné de socio de honra da entidade, xusto despois da tradicional misa na catedral cantada pola soprano Tina Gutiérrez. A imposición ao secretario xeral débese, segundo a organización, ao seu traballo arreo por reforzar as ligazóns entre as comunidades asturiana e galega. Canto a Slim, (grupo Carso) empresario moi influente en México e unha das persoas con maior capital do mundo, está fortemente vinculado coa diáspora de ambas comunidades. Na súa alocución,



■ Fernández Quevedo con Celia Fernández, presidenta da Cruz Vermella de Asturias e voluntarios.

ADEGAS VALCAR

“El vino de los grandes momentos”

San Adrián - Sacardebos CP 32747 - Parada de Sil - Ourense. Tel.: 988 20 82 45 - Fax: 988 20 82 46 - Móv.: 695 69 07 66
www.adegasvalcar.com - E-mail: adegasvalcar@adegasvalcar.com

Galegos en Asturias



■ Representantes de empresas homenaxeadas: Rosendo Fernández (Inorde); Covadonga Toca (Igape); Laura, de restaurante La Goleta; Seoane, de Abanca; Azucena e Ana de Thermomix; José Luís García, do Centro Médico de Asturias; Ramón Braña, do grupo Oca Hotels; Blasquíz, de Atox; Ochoa e Enrique, de Farho; restaurante La Jamonería, co presidente da Cámara de Comercio Fernando Kelly, Ramón Oro e Rafael Cordero.

Miranda agradeceu a recepción da insignia e carné, e fixo público o seu compromiso por “facerse merecedor, tamén no futuro” destas distincións. Salientou que o Camiño de Santiago do Norte, que discorre a escasos metros do lugar onde se celebrou o acto, “xerou ao longo dos séculos sinerxias fundamentais sen as que non podemos entender o desenvolvemento de Asturias nin de Galicia, e que contribuíron a un eficaz entendemento entre os nosos pobos. Ese entendemento, agora reforzado con vías e medios

de transporte e comunicación moito máis eficaces, refórzase ano tras ano grazas á decidida vontade das respectivas poboacións por profundar neste vínculo de irmandade”. O secretario xeral da Emigración tamén recordou que Galicia conta cos seus fillos na diáspora, residan lonxe ou preto: “Teño destacado en máis dunha ocasión que os galegos de segunda e terceira xeración, xanados nas sociedades de acollida do resto de España, de Europa, de América, ou do mundo enteiro, serán punta de lanza da proxec-

ción económica exterior de Galicia”. A este acto asistiu o director xeral de Emigración do Goberno Central, o ourensán Aurelio Miras Portugal.

Galegos en Asturias

A Asociación Día de Galicia en Asturias, que preside Manuel Fernández Quevedo, de Loureiro no municipio de Nogueira de Ramuín (Ourense), salienta tódolos anos cunha actividade de relevante presenza social en Oviedo as ligazóns entre as comunidades asturiana e galega. A entidade naceu como un punto de encontro dos centenaes de galegas e galegos residentes na capital asturiana, co obxectivo de homenaxear a aquelas entidades ou persoas que traballan por un mellor entendemento mutuo. Segundo os últimos datos do INE, arestora residen no Principado de Asturias en torno a 24.000 galegas e galegos, se ben é probable que algúns que desenvolven a súa vida cotiá na comunidade veciña –especialmente no Occidente- non estean contabilizados nesta estatística, por mor da proximidade xeográfica. (Fotos Sofía Menéndez).



■ Ramón Braña, director xeral do grupo Oca Hotels, recolle o agasallo en presenza de Fernández Quevedo, Fernández Kelly e de Ramón Oro Varela, vicepresidente da Asociación Día de Galicia en Asturias.



■ Argelio Fernández, alcalde de A Fonsagrada con Manuel Fernández Quevedo; Sina Fuente; Marta e Alfredo Canteli, presidente do Centro Asturiano de Oviedo.



■ Aurelio Miras Portugal; Antonio Rodríguez Miranda; María Luisa Ponga, concelleira de Oviedo; Jorge Menéndez Valliña, presidente do Real Oviedo que recolleu a insignia en nome de Carlos Slim, e Manuel Fernández Quevedo.



■ Actuación da Agrupación Castro Floxo, de Ourense.



Pulpería

Sebastián Aparicio, 4
988 68 66 28
OURENSE

Taberna Gallega

Plaza del Carbayón, 4
984 84 27 57
OVIEDO

restauranteafeira.com



Mariña Mayoral presenta a súa última novela "El Abrazo" editada por Stella Maris

A autora lucense fíxoo na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid. No acto interviron a autora, o delegado da Xunta en Madrid, José Ramón Ónega, o escritor e membro da Real Academia Española José María Merino e Juan M. Piñeiro, representante da editorial en Madrid

Ónega, que coincidiu con Mariña Mayoral na Universidade de Santiago de Compostela cando estudaban Filosofía e Letras ela e Dereito el, afirmou da novelista que "o seu currículo é excelso e o lugar que ocupa nas letras españolas verdadeiramente destacado, moi importante". "Nacendo en Mondoñedo (Lugo), cidade episcopal, berce tamén de Álvaro Cunqueiro e outros notabilísimos escritores, parece normal", apreciou o tamén lucense. Ademais, Ónega valorou que a novela presentada "é unha obra exemplar. Nela latexa a vida" Mayoral explicou que a liña argumental da novela comeza cando o protagonista, Federico Castell, un arquitecto famoso, sofre un infarto e entra en morte clínica. Nese estado ve á súa muller e ao seu irmán abrazados, e dáse conta de que se aman. O descubrimento esténdese a moitos outros momentos e circunstancias da súa vida e ao volver vivir cuestiona a súa vida anterior. É, dixo, unha novela de suspense,

porque o protagonista nunca sae da situación de dúbida de se trata dunha fantasía do seu cerebro ou viviu sen decatarse do que sucedía, e "é tamén unha novela psicolóxica, onde se analizan minuciosamente os sentimentos dos personaxes". Ademais, "nela subyase outro tema impotante: Que pasa cando un morre?" "Amor e Morte, os meus dous temas de sempre. E sempre Humor, iso que non falte. Espero que a intres divirtanse coa novela", desexou. Merino salientou que "nuns tempos en que a banalización formal e de contidos parece afectar especialmente á creación literaria, sobre todo no campo da novela, hai que celebrar a aparición dunha obra como 'El Abrazo', concibida e elaborada desde o estrito rigor creativo". Unha novela que está "focalizada en dúas miradas, a do convalecente Federico e a da enfermeira Micaela, personaxe inesquecible", que "desenvolve unha magnífica estrutura novelesca a través de 34 fragmentos sucesivos, en que os diálogos concisos alternanse cos




■ Merino, Mayoral, Ónega EO Piñero

fluxos de conciencia ou os recordos", e que "manexa con mestría os aspectos temporais". "Ofrécenos un mundo familiar marcado

pola inseguridade sentimental e a sombra de segredos que gravitan sobre as incertezas de distintas xeracións".

Pola súa banda, Piñeiro interveu para agradecer o espazo de presentación, a presenza dos presentadores e do público.

Por: Inma Otero Varela



O poemario que obtivo o XIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño artículase sobre o principio da hibridación. Superpóñense tempos, xéneros literarios, culturas e xeografías orquestrados nun espazo unitario e orixinal que repousa na liña que separa a vida da morte. O recurso da utiliza-

ción de épocas pretéritas para referirse a situacións do presente é frecuente na arte. Máis forza alcanza a ollada ao pasado cando se detén en períodos eximios como a tradición grecolatina, e máis aínda cando o fai en xéneros canónicos como a traxedia que tan ben reflicte a truculencia de acontecementos dificilmente descritibles se non se acode á alegoría. Oenach reivindica a irreverencia dos mitos de Antígona e Polinices na loita contra un Creonte que só se materializa nas alusións. E na interacción entre os dous irmáns atópase a transgre-

A escrita como resistencia.

Marcos Abalde Covelo, *Oenach* (Espiral maior: 2015)

sión xenérica. Marcos Abalde, poeta e dramaturgo, dálles voz a Antígona e Polinices para que constrúan a través dos seus diálogos e ao longo de tres partes paralelas ao que poderían ser tres actos, un territorio de desolación e desterro onde deben facer aníñar a resistencia, a xeito doutros autores teatrais como Manuel Lourenzo que teñen actualizado o ciclo clásico sen saír do xénero dramático. Marcos Abalde emprende así o exercicio contrario, ou o enfoque diferente, ao que realiza en pezas teatrais como A cequeira (Xerais, 2013) nas

que se abeira o xénero lírico. A atemporalidade dos voceiros desdébuxa as coordenadas dos espazos. A devastación non ten fronteiras, aínda que se tomen algunhas referencias próximas. Os fisterres europeos, nomeadamente os galegos e irlandeses, Euskal Herria ou a diáspora hebrea licúan os espazos mentres asentan identidades nos montes, nos ríos ou nas ruínas sagradas. Tamén nos cárceres, Martutene, Teixeira, Kilmainham (p. 14) se forxan as liberacións de Tebas. Os mitos gregos solápanse cos celtas, así como os seus

heroes dan a man a Alexandre Bóveda ou Reboiras. Todos eles sosteñen a memoria onde medra a semente da superación dos naufraxios, aínda que a rebelión se organiza sobre todo en feminino. Son as lobas e as Antígonas as que comandan ás disidentes (p. 35). Dos varios eixos semánticos que percorren o poemario cómpre destacar dous. O da perda e a morte representado polo homehumus (p. 15) e o da esperanza representada pola escrita. O rexistro en letra aínda segue sendo a fórmula privilexiada, como ten sinalado Antón Figueroa,

para acubillar civilización. En escrita ogámica documéntase que "non todo é mentira" (p. 24) malia a insistencia dos relativistas. E as verdades seguen preferindo os enunciados asertivos das profecías que, neste caso, acollen recursos característicos dalgunha etapa de Méndez Ferrín, outro dos autores galegos gravados xa na memoria dos que resisten.

